

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME DA CONTA XERAL DAS  
ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA**

**EXERCICIO 2012**





## ÍNDICE

<b>RESUMO EXECUTIVO .....</b>	<b>1</b>
SECTOR PÚBLICO LOCAL.....	1
RENDICIÓN DE CONTAS .....	1
LIQUIDACIÓN DE INGRESOS.....	2
LIQUIDACIÓN DE GASTOS.....	3
RESULTADO ORZAMENTARIO.....	4
REMANENTE DE TESOURERÍA. ....	5
AFORRO BRUTO E AFORRO NETO. ....	5
ENDEBEDAMENTO. ....	6
INDICADORES ECONÓMICO FINANCEIROS.....	6
RESUMO. ....	7
<b>I. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>8</b>
I.1 ANTECEDENTES .....	8
I.2 OBXECTIVOS .....	8
I.3 ALCANCE E PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN .....	9
I.3.1. Fontes de información .....	9
I.3.2. Alcance.....	9
I.3.3. Procedementos de fiscalización.....	9
I.4 NORMATIVA LEGAL .....	10
I.5 LIMITACIÓNS AO ALCANCE.....	11
<b>II. SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA.....</b>	<b>12</b>
<b>III. RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012 .....</b>	<b>15</b>
III.1. ANÁLISE DA OBRIGA DE RENDICIÓN .....	15
III.1.1 Entidades que non renden a conta xeral.....	16
III.1.2 Entidades que remitiron contas.....	19
III.2. ANÁLISE DAS DEFICIENCIAS QUE PRESENTAN AS CONTAS.....	24
III.2.1 Deficiencias nos prazos de tramitación .....	24
III.2.2 Deficiencias no contido das contas.....	25
<b>IV. SITUACIÓN FINANCEIRA DO SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA... 27</b>	

IV.1 ANÁLISE DOS INGRESOS. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS .....	28
IV.1.1. Liquidación agregada do orzamento de ingresos.....	28
IV.1.2. Evolución temporal do orzamento de ingresos do sector local de galicia .....	32
IV.1.3. liquidación do orzamento de ingresos. concellos .....	38
IV.1.4. liquidación do orzamento de ingresos. deputacións.....	43
IV.1.5. Liquidación do orzamento de ingresos. resto de entidades .....	45
IV.1.6. Análise especial dos ingresos municipais .....	48
IV.2 ANÁLISE DOS GASTOS. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.....	57
IV.2.1. liquidación agregada do orzamento de gastos .....	57
IV.2.2. Evolución temporal do orzamento de gastos .....	60
IV.2.3. liquidación do orzamento de gastos. concellos.....	65
IV.2.4. Liquidación do orzamento de gastos. deputacións .....	70
IV.2.5. Liquidación do orzamento de gastos. Resto de entidades .....	72
IV.2.6. Análise especial dos gastos locais.....	75
IV.3 ANÁLISE DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS.....	89
IV.3.1. Resultado orzamentario.....	89
IV.3.2. Remanente de tesourería.....	95
IV.3.3. Aforro bruto e aforro neto .....	99
IV.3.4. Endebedamento vivo .....	102
<b>V. PRINCIPAIS INDICADORES ECONÓMICO-FINANCEIROS.....</b>	<b>104</b>
V.1 INDICADORES DO ORZAMENTO DE INGRESOS.....	104
V.2. INDICADORES DO ORZAMENTO DE GASTO .....	105
V.3. INDICADORES DO RESULTADO ORZAMENTARIO E REMANENTE DE TESOURERÍA.....	108
V.4. VIABILIDADE FINANCEIRA.....	110
<b>ANEXOS .....</b>	<b>117</b>



## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1 Entidades locais de Galicia.....	12
Cadro 2 Distribución da poboación de Galicia.....	14
Cadro 3 Evolución relativa da poboación no concellos de Galicia .....	14
Cadro 4 Detalle da rendición de contas .....	16
Cadro 5 Entidades que non remiten a conta xeral.....	16
Cadro 6 Detalle do resto de entidades que non renden a conta xeral en 2011.....	18
Cadro 7 Detalle da remisión por datas clave .....	19
Cadro 8 Entidades que remiten documentación con defectos que implican a non rendición .....	20
Cadro 9 Relación de entidades que non aproban a conta xeral .....	21
Cadro 10 Relación de entidades que omiten outra documentación esencial .....	21
Cadro 11 Entidades que renden en prazo .....	22
Cadro 12 Entidades que renden fóra de prazo .....	23
Cadro 13 Incumprimento dos prazos de tramitación da Conta xeral .....	25
Cadro 14 Relación de incidencias que presentan as contas rendidas .....	26
Cadro 15 Liquidación agregada do orzamento de ingresos .....	29
Cadro 16 Evolución temporal do orzamento de ingresos.....	32
Cadro 17 Evolución temporal do orzamento de ingresos por natureza.....	33
Cadro 18 Evolución temporal do orzamento de ingresos por tipo de ente.....	34
Cadro 19 Liquidación agregada do orzamento de ingresos do sector local estatal .....	34
Cadro 20 Comparativa da evolución temporal do orzamento de ingresos das entidades locais de Galicia cos do resto do estado.....	35
Cadro 21 Comparativa da evolución temporal do orzamento de ingresos por natureza económica das entidades locais de Galicia cos do resto do estado.....	36
Cadro 22 Comparativa da evolución do orzamento de ingresos por tipo de ente co resto do Estado .....	37
Cadro 23 Liquidación do orzamento de ingresos. Concellos .....	38
Cadro 24 Liquidación do orzamento de ingresos. Deputacións.....	43
Cadro 25 Liquidación do orzamento de ingresos. Resto de entidades.....	45
Cadro 26 Detalle dos ingreso tributarios das entidades locais de Galicia .....	48
Cadro 27 Detalle dos ingresos tributarios dos capítulos 1 e 2.....	49
Cadro 28 Detalle dos ingresos tributarios do capítulo 3 .....	49
Cadro 29 Detalle do peso dos ingresos tributarios sobre o total de ingresos.....	50
Cadro 30 Ingreso total por habitante.....	51
Cadro 31 Variación do ingreso total por habitante.....	51
Cadro 32 Comparativa dos ingreso por habitante co resto do Estado .....	53
Cadro 33 Autonomía financeira das entidades locais de Galicia .....	54
Cadro 34 Comparativa de autonomía financeira coas entidades do resto do Estado .....	56

## Índice de Cadros

Cadro 35 Liquidación agregada orzamento de gastos .....	57
Cadro 36 Evolución temporal do orzamento de gastos.....	60
Cadro 37 Evolución temporal do orzamento de gastos por natureza .....	61
Cadro 38 Evolución temporal do orzamento de gastos por tipo de ente. ....	62
Cadro 39 Comparativa da evolución anual do orzamento de gastos das entidades locais de Galicia coas do resto do Estado. ....	63
Cadro 40 Comparativa da evolución anual do orzamento de gastos das entidades locais de Galicia coas do resto do Estado por natureza económica.....	64
Cadro 41 Comparativa da evolución anual do orzamento de gastos das entidades locais de Galicia coas do resto do Estado por natureza económica. Bis .....	65
Cadro 42 Liquidación do orzamento de gastos. Concellos.....	66
Cadro 43 Liquidación do orzamento de gastos dos concellos por tramos de poboación .....	67
Cadro 44 Liquidación do orzamento de gastos. Deputacións.....	70
Cadro 45 Liquidación do orzamento de gastos. Resto de entidades.....	73
Cadro 46 Gastos de funcionamento das entidades locais de Galicia .....	75
Cadro 47 Gastos de funcionamento das entidades locais de Galicia por tramo de poboación .....	76
Cadro 48 Gastos correntes. Evolución temporal.....	77
Cadro 49 Gastos de funcionamento. Comparativa coas entidades do resto do Estado .....	78
Cadro 50 Gastos de capital das entidades locais de Galicia.....	78
Cadro 51 Detalle do gasto de capital das entidades locais .....	80
Cadro 52 Gastos de capital. Evolución temporal.....	80
Cadro 53 Gastos de capital. Comparativa coas entidades do resto do Estado .....	81
Cadro 54 Gastos financeiros das entidades locais de Galicia .....	82
Cadro 55 Gastos financeiros. Evolución temporal .....	82
Cadro 56 Gastos financeiros. Comparativa coas entidades do resto do Estado .....	83
Cadro 57 Gasto total por habitante.....	84
Cadro 58 Comparativa do gasto por habitante coas entidades do resto do Estado .....	86
Cadro 59 Áreas de gasto das entidades locais de Galicia .....	87
Cadro 60 Áreas de gasto local por estratos de poboación.....	88
Cadro 61 Funcións do gasto local. Comparativa coas entidades do resto do Estado .....	89
Cadro 62 Resultado orzamentario agregado das entidades locais de Galicia .....	90
Cadro 63 Saldo por operacións non financeiras .....	92
Cadro 64 Saldo por operacións non financeiras negativo por tramos de poboación .....	92
Cadro 65 Detalle de entidades con saldo non financeiro negativo.....	93
Cadro 67 Remanente de tesourería das entidades locais de Galicia.....	95
Cadro 68 Remanente de tesourería das entidades locais de Galicia por tramos de poboación.....	97
Cadro 69 Remanente de tesourería negativo por tramos de poboación .....	98
Cadro 70 Detalle de entidades con remanente de tesourería negativo.....	98
Cadro 71 Aforro bruto das entidades locais de Galicia .....	99
Cadro 72 Aforro neto das entidades locais de Galicia .....	100

Cadro 73 Detalle de entidades con aforro bruto negativo .....	101
Cadro 74 Límite e capacidade de endebedamento das entidades locais de Galicia .....	101
Cadro 75 Endebedamento vivo das entidades locais de Galicia .....	102
Cadro 76 Detalle de concellos con nivel de débeda superior á media do tramo .....	103
Cadro 77 Detalle das entidades con maior volume de débeda.....	103
Cadro 78 Indicadores orzamento do ingresos .....	104
Cadro 79 Entidades con aforro neto e remanente de tesourería axustado negativos .....	111
Cadro 80 Entidades con aforro neto negativo e remanente de tesoureria positivo. ....	112





## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1 Poboación nos concellos galegos. Evolución relativa .....	14
Gráfico 2 Resumo das contas remitidas por exercicio .....	24
Gráfico 3 Incidencias que presentan as contas .....	27
Gráfico 4 Peso dos dereitos recoñecidos netos por tipo de entidade local .....	30
Gráfico 5 Liquidación agregada do orzamento de ingresos por capítulos .....	31
Gráfico 6 Peso dos dereitos recoñecidos netos por tramos de poboación .....	39
Gráfico 7 Liquidación dos ingresos dos concellos por natureza económica .....	42
Gráfico 8 Peso dos dereitos recoñecidos netos das Deputacións Provinciais .....	44
Gráfico 9 Liquidación dos dereitos recoñecidos netos das Deputacións Provinciais por natureza económica .....	44
Gráfico 10 Liquidación dos dereitos recoñecidos netos do resto de entidades por tipo de ente .....	46
Gráfico 11 Liquidación dos dereitos recoñecidos netos do resto de entes por natureza económica .....	47
Gráfico 12 Autonomía financeira das entidades locais de Galicia .....	55
Gráfico 13 Peso obrigas recoñecidas netas por tipo de entidade local .....	58
Gráfico 14 Liquidación agregada do orzamento de gastos por capítulos. Porcentaxes .....	59
Gráfico 15 peso das obrigas recoñecidas netas por tramo de poboación .....	67
Gráfico 16 Liquidación das obrigas recoñecidas netas dos concellos por natureza económica .....	69
Gráfico 17 Liquidación das obrigas recoñecidas netas das deputacións provinciais por provincia .....	71
Gráfico 18 Liquidación das obrigas recoñecidas netas das deputacións provinciais por natureza económica .....	71
Gráfico 19 Liquidación das obrigas recoñecidas netas do resto de entidades por tipo de ente .....	74
Gráfico 20 Liquidación das obrigas recoñecidas netas do resto de entidades por natureza económica .....	74
Gráfico 21 Estrutura do gasto do sector local. Detalle gastos de funcionamento .....	75
Gráfico 22 Estrutura do gasto do sector local. Detalle gastos de capital .....	79
Gráfico 23 Gasto por habitante .....	84



**ANEXOS**

Anexo 1 Entidades que renden a conta xeral .....	119
Anexo 2 Entidades que remiten a conta xeral .....	129
Anexo 3 Entidades que non renden a conta xeral .....	129
Anexo 4 Liquidación orzamento de ingresos. Exercicio 2012. Deputacións provinciais .....	130
Anexo 5 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Exercicio 2012. Concellos por tramo .....	132
Anexo 6 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Exercicio 2012. Resto de entidades .....	135
Anexo 7 Liquidación agregada orzamento de gastos. Exercicio 2012. Deputacións provinciais .....	136
Anexo 8 Liquidación agregada orzamento de gastos. Exercicio 2012. Concellos por tramo .....	138
Anexo 9 Liquidación agregada orzamento de gastos. Exercicio 2012. Resto de entidades .....	141
Anexo 10 Resultado orzamentario. Concellos por tramos .....	142
Anexo 11 Resultado orzamentario. Deputacións provinciais .....	145
Anexo 12 Resultado orzamentario. Resto de entidades .....	147
Anexo 13 Entidades con saldo de operacións non financeiras negativo .....	148
Anexo 14 Remanente de tesourería. Concellos por tramos .....	152
Anexo 15 Remanente de tesourería. Deputacións provinciais .....	154
Anexo 16 Remanente de tesourería. Resto de entidades .....	156
Anexo 17 Entidades con remanente de tesourería negativo .....	158
Anexo 18 Entidades con aforro neto negativo .....	160
Anexo 19 Débeda das entidades locais .....	163
Anexo 20 Entidades con Remanente Tesourería e aforro neto negativo .....	174
Anexo 21 Entidades con Remanente Tesourería positivo e aforro neto negativo .....	175
Anexo 22 Entidades con Remanente Tesourería negativo e aforro neto positivo .....	177



## SIGLAS

TRLRFL	Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais
IBI	Imposto sobre bens inmobles
ICIO	Imposto sobre construcións, instalacións e obras
IAE	Imposto sobre actividades económicas
IIVTNU	Imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana
IVTM	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica
ETAIC	Entidades territoriais de ámbito inferior ao concello
RDL	Real Decreto Lei
DRN	Dereitos recoñecidos netos
ORN	Obrigas recoñecidas netas
PIE	Participación Ingresos do Estado
RT	Remanente de Tesourería
IC	Ingresos correntes



## RESUMO EXECUTIVO

### SECTOR PÚBLICO LOCAL

1. O sector público local galego está integrado por 389 entidades principais (315 Concellos, 4 Deputacións, 36 Mancomunidades, 25 Consorcios e 9 Entidades Locais Menores). Ao mesmo tempo conta con 41 organismos autónomos e 52 sociedades mercantís acadando a cifra total de 482 entidades. As variacións que se producen respecto do exercicio 2011 son a constitución de 3 novos consorcios locais e a disolución de dúas mancomunidades, así como a disolución definitiva de catro consorcios contra incendios e salvamento como consecuencia da entrada en funcionamento do Consorcio provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

2. No exercicio 2012 basicamente se mantén o número total de entidades dependentes das entidades locais de Galicia, aínda que o 22 de marzo de 2010 o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas aprobou o Acordo marco para a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas e locais, no que se plasman unha serie de compromisos orzamentarios co obxectivo de avanzar no pano de axuste estrutural do conxunto das Administracións Públicas, que inclúe como compromiso a adopción de medidas de supresión ou transformación de entes dependentes.

3. 3 Mancomunidades e 4 Consorcios declaran non ter actividade, razón pola que non renden a conta xeral. A este respecto, os artigos 209 e 212 do TRLRFL impoñen de modo incondicional a todas as entidades locais a obriga de formar e render a súa Conta Xeral, de xeito que dende a súa constitución e ata a disolución definitiva, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

### RENDICIÓN DE CONTAS

4. Recíbense no Consello de Contas 365 contas xerais, das que 297 (76,35%) se remiten en prazo, e 62 (15,94%) fóra de prazo. Estase acurtando o tempo empregado polas entidades para cumprir coa súa obriga de render contas, sendo crecente o número de entidades que o cumpren en prazo, e acurtándose o desfase temporal para aquelas entidades que renden fóra de prazo.

5. A contrapartida negativa é que 4 entidades locais remiten a conta xeral sen que conste a aprobación da mesma polo pleno da entidade local (1,03% do total de entidades), omisión que leva a considerar a conta como non rendida. Igualmente, noutras 2 entidades (0,51% do total) a conta xeral remítese como omisión doutra documentación esencial, o que provoca o mesmo efecto de consideración de conta xeral non rendida.

6. Tan só 75 entidades (20,55% das entidades que remitiron a conta xeral), aproban o seu orzamento en prazo, o que desvirtúa a súa natureza de documento para o debate no deseño das políticas públicas, sistema de información para a xestión económica do goberno e documento para a mellora sistemática das diferentes políticas a través da avaliación dos resultados obtidos.

## **LIQUIDACIÓN DE INGRESOS.**

7. As previsións definitivas de ingresos do conxunto do sector público local de Galicia ascenderon a 3.616,54 millóns de euros, mentres que os dereitos recoñecidos cifráronse en 2.883,33 millóns, presentando un índice de execución do 79,73% e un índice de cobros do 89,90%. Estas cifras supoñen unha diminución do 12,43% respecto das previsións do exercicio anterior, do 1,08% respecto dos dereitos recoñecidos, e do 0,25% respecto do recadado no exercicio anterior, cunha caída acumulada dende o exercicio 2009 do 25,23% das previsións, 16,09% dos dereitos recoñecidos e 14,56% da recadación. E igualmente poñen de manifesto a irrealidade das previsións orzamentarias de ingresos, que amosan sistematicamente unas cifras moi superiores á realidade dos dereitos recoñecidos.

8. Os concellos recoñeceron dereitos por importe de 2.299,42 millóns de euros, con índices de execución do 86,90% e de cobro do 89,63%. A maior parte dos ingresos destas entidades están integrados polos recursos propios 50,57%, mentres que as transferencias acadan o 38,87% e os ingresos financeiros o 9,40%. Prodúcese unha variación positiva dos ingresos do 1,03% respecto do exercicio anterior, sendo os concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes os que maiores subas experimentan.

9. A análise especial dos ingresos municipais e da súa evolución temporal pon de manifesto o peso crecente que teñen os recursos de natureza tributaria no financiamento dos servizos públicos, con incrementos medios do 1,34% neste exercicio 2012 e do 9,98% en termos acumulados dende o exercicio 2009.

10. A media de ingresos por habitante é de 829,78 euros, correspondendo os maiores ingresos aos dous extremos: aos concellos de máis de 50.000 habitantes (923,13 euros/hab.) e a os de menos de 5.001 (800,53 euros/hab.). Nos concellos de maior tamaño ese maior volume de ingresos por habitante debese ao maior esforzo fiscal, mentres que nos concellos máis pequenos os maiores ingresos proceden de operacións de capital, principalmente transferencias.

11. As Deputacións provinciais contaban con unhas previsións de ingresos de 858,71 millóns de euros que foron executadas no 58,68% o que deu lugar a uns dereitos recoñecidos de 503,86 millóns de euros que se recadaron nun 92,43%. Ese baixo índice de execución ten a súa explicación nos efectos



dos remanentes de tesourería que non son obxecto de liquidación. O 79,26% dos ingresos das deputacións corresponden a transferencias, mentres que os tributos propios acadan o 18,63% e os ingresos financeiros o 1,90%.

12. Do resto de entidades, o maior peso nos ingresos corresponde aos consorcios con 60,95 millóns de euros, mentres que as mancomunidades reciben 18,04 millóns de euros e as entidades locais menores 1,06 millóns de euros.

### **LIQUIDACIÓN DE GASTOS.**

13. As obrigas recoñecidas polo conxunto do sector público local galego ascenderon a 2.686,14 millóns de euros, con un índice de execución do 75,30% e unha porcentaxe de pagamento do 90,00%, correspondendo aos concellos o 77,70% das mesmas e ás Deputacións o 19,32%. O gasto corrente, suma dos capítulos 1 a 4, absorbe o 77,53% do total do orzamento agregado, e o gasto en investimentos (gasto por operacións de capital) absorbe o 16,57% correspondendo o restante 5,89% ao gasto financeiro das entidades locais.

14. No exercicio 2012 o gasto local experimentou unha diminución do 12,92%. Este axuste do orzamento de gastos prodúcese pola redución do gasto de capital das entidades locais (44,40% no exercicio), do gasto de persoal (12,87% no exercicio) e do gasto en transferencias (8,66% no exercicio), presentando o resto de gastos correntes un elevado grao de rixidez (apenas varían un 2,33% no exercicio) e incrementándose os gastos financeiros (6,86% anual).

15. Os concellos recoñeceron obrigas por importe de 2.087,01 millóns de euros, o que representa un nivel de execución do 80,31% e con un índice de pagamentos do 89,03%. Destaca o baixo nivel de execución dos capítulos 6 (48,34%) e 7 (47,32%) e 8 (56,61%), que contribúen a altos remanentes de tesourería e que poñen de manifesto as dificultades das entidades locais para a adecuada xestión das operacións de capital. O conxunto do gasto repártese entre os concellos en proporción directa a poboación, existindo desviacións positivas nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde a participación no gasto é maior que a participación na poboación, e en sentido contrario no resto de concellos.

16. O gasto total por habitante medio dos concellos de Galicia é de 753,12 euros por habitante, cantidade que supón unha diminución do -9,94% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior, producíndose os maiores axustes nos concellos de maior poboación, (-11,30% nos concellos de máis de 50.000 habitantes, e do -11,20% nos concellos de entre 20.001 e 50.000 habitantes). Esta media

de gasto por habitante nas entidades locais de Galicia, é a segunda máis baixa de todas as entidades locais do conxunto das comunidades autónomas, inferior á media en 252,83 euros por habitante.

17. Os gastos de funcionamento das entidades locais de Galicia, integrados polos gastos de persoal (CAPÍTULO 1), e polos gastos correntes en bens e servizos (CAPÍTULO 2) son os gastos máis significativos, representando o 67,19% do total de gastos das entidades locais. A menor tamaño do concello, maior é o gasto en persoal e menor o gasto en bens e servizos, chegando a absorber o 41,19% do gasto corrente nos concellos de menos de 5.001 habitantes.

18. Todas as entidades locais de Galicia realizan o maior gasto na produción de servizos públicos básicos. Do total do gasto por habitante das entidades locais de Galicia, o 40,60% do mesmo se dedica a sufragar o custo dos servizos públicos básicos, que ascende a 305,79 €/hab. As actuacións de carácter xeral absorben o 19,04% do gasto, cun custo por habitante de 143,40 euros., seguidas en importancia pola produción de bens públicos de carácter preferente e as actuacións de carácter social (con custos por habitante de 124,58 € e 81,34 €). As actuacións de carácter económico supoñen un custo de 58,11 euros por habitante, e o custo da débeda pública ascende a 44,67 euros por habitante. A única área de gasto que experimenta un incremento de custo é a dedicada ao servizo financeiro do endebedamento público, cun incremento anual do 7,56%.

## **RESULTADO ORZAMENTARIO.**

19. O resultado orzamentario axustado ascendeu a 396,81 millóns de euros, sendo superior en 192,54 millóns (94,25%) ao acadado no exercicio de 2011. Á hora de valorar os datos do resultado orzamentario deben terse en conta que o resultado derivado da totalidade das operacións non financeiras é dun superávit 129,59 millóns (o que pon de manifesto que os recursos orzamentarios son suficientes para financiar os gastos orzamentarios), ao que engadíndolle o aumento neto do endebedamento de 68,00 millóns, acada un resultado orzamentario do exercicio de 197,19 millóns de euros, cun aumento fronte ao exercicio anterior do 216,07%. E financiáronse créditos con remanente de tesourería por importe de 196,20 millóns de euros, diminuíndo esta partida nun 31,14% (88,74 millóns de euros) con relación ao exercicio 2011.

20. Un total de 125 entidades locais galegas (34,25%) presentan un saldo por operacións non financeiras negativo. Ese número global desagregase en 110 concellos, 1 deputación e outras 14 entidades. Analizando os concellos por tramos de poboación, resulta que son os concellos de menor poboación os que presentan a ratio máis alta de saldo negativo (39,11% do total), diminuíndo o mesmo a medida que aumenta o tamaño de poboación, ata o valor cero que presentan os concellos máis grandes.

## REMANENTE DE TESOURERÍA.

21. O remanente total de tesourería ascende a 31 de decembro de 2012 a 1.152,27 millóns de euros, un 10,63% máis que no exercicio anterior. Porén o remanente de tesourería para gastos xerais aumenta nun 32,92% (157,82 millóns de euros) se o comparamos co exercicio de 2011, pese á diminución dos saldos de dubidoso cobro (-0,76%) e dos excesos de financiamento afectado (desviacións positivas de financiamento nun -24,42%).

22. 56 entidades locais (15,34%) que presentan remanentes de tesourería axustados polas obrigas pendentes de imputar negativos. Dese total, 54 son concellos e 2 son mancomunidades. Analizando os concellos por tramos de poboación, resulta que as menores porcentaxes de remanente de tesourería negativo corresponde aos concellos de máis de 50.000 hab. (0%) e de menos de 5.000 hab. (10,89%) Pola contra, as porcentaxes máis altas corresponden aos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes (35,19%) e de entre 10.000 e 20.000 hab. (27,78%).

23. En relación aos dereitos pendentes de cobro debe terse en conta que o 55,11% dos mesmos son de exercicios pechados, polo que se a xestión recadatoria non impide que tales dereitos gañen a prescrición, os mesmos pasarán a engrosar o epígrafe de saldos de dubidoso cobro e a diminuír o remanente de tesourería na mesma contía. Os saldos de dubidoso cobro representan o 72,33% dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados.

24. Finalmente valórase o impacto que teñen no remanente de tesourería os acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. Estas obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento se recollen na conta 413, e ascenden a un importe total de 42,19 millóns de euros, cunha diminución do 49,38% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior motivado polo acollemento das entidades locais de Galicia ao mecanismo de financiamento para o pago a provedores regulado no Real Decreto 4/2012, do 24 de febreiro. Esta contía debe ser minorada do remanente de tesourería para gastos xerais.

## AFORRO BRUTO E AFORRO NETO.

25. O conxunto das entidades locais de Galicia presenta unhas cifras de 407,26 millóns de aforro bruto e 254,40 millóns de aforro neto.

26. O aforro neto repártese entre 139,76 millóns dos concellos, 111,13 millóns das deputación, e 3,51 millóns de outros entes. No seu conxunto representa o 10,22% dos ingresos correntes. Por tipo de entes equivale ao 7,13% dos ingresos correntes dos concellos, 24,24% das deputacións e 4,88% do resto de entidades, o que significa que só esas porcentaxes dos ingresos correntes poden destinarse á

realización de investimentos, cifra que tería que incrementar coas cantidades percibidas polo alleamento de investimentos ou transferencias de capital. Comparando co exercicio de 2011 apreciase unha mellora do aforro neto que pasou de representar o 8,07% dos ingresos correntes a acadar o 10,22%. Por outra banda, esta porcentaxe é superior á media do Estado (8,22%). Por tramos de poboación, as maiores porcentaxes de aforro neto sobre ingresos correntes danse nos concellos de máis de 50.000 habitantes.

27. 106 entidades locais, 92 concellos (os mesmo número que no 2011), ningunha Deputacións (no 2011 era 1), 5 mancomunidades (no 2011 eran 9) e 7 consorcios (1 en 2011) e 2 ETAIC (3 en 2011) presentan aforro negativo, o que significa que os seus ingresos correntes non son suficientes para afrontar os seus gastos correntes e a amortización de débeda.

### **ENDEBEDAMENTO.**

28. O endebedamento vivo das entidades locais de Galicia, a 31 de decembro de 2012, ascende a 1.178,90 millóns de euros, o que equivale nos concellos a 385,12 euros por habitante. O maior importe da débeda viva concentrase nos concellos con un 70,66% do total (833,04 millóns) e cun incremento do 12,30% (91,26 millóns) respecto das cifras do exercicio anterior. As deputacións representan o 29,19% da débeda viva (344,11 millóns), cunha diminución en 2012 do 17,16% (71,28 millóns).

29. Por tramos de poboación, o maior endebedamento prodúcese nos concellos de máis de 50.000 habitantes (386,12 euros/hab.), seguido dos concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes, cun endebedamento de 289,63 euros por habitante, sendo os menos endebedados os de menos de 5.001 habitantes (221,68 euros/hab.).

### **INDICADORES ECONÓMICO FINANCEIROS.**

30. 31 entidades locais de Galicia (1 concello de entre 20.001 e 50.000 hab., 5 de entre 10.001 e 20.000 habitantes, 10 de entre 5.001 e 10.000 habitantes, 14 de menos de 5.001 habitantes e unha mancomunidade) presentan tanto un aforro neto negativo como un remanente de tesourería axustado negativo (descontados os acredores por operacións pendentes de imputar ao orzamento). Estas entidades deberían adoptar medidas para garantir a sustentabilidade dos seus gastos correntes sen necesidade de acudir a mecanismos excepcionais de financiamento.

31. 75 entidades locais (2 concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes, 10 concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes, 50 de menos de 5.001 habitantes, 4 Mancomunidades, 7 Consorcio e 2 ETAIC), pese a presentar un aforro neto negativo, teñen remanentes de tesourería positivos xerados en

exercicios anteriores que lles permiten facer fronte ás súas obrigas. Porén, de continuar en esta situación, entraran en situación de falla de viabilidade financeira, como no caso anterior.

32. 25 entidades (2 concello de entre 20.001 e 50.000 habitantes, 5 de entre 100.001 e 20.000 habitantes, 9 de entre 5.001 e 10.000 habitantes, 8 de menos de 5.001 habitantes e 1 Mancomunidade) presentan un remanente de tesourería negativo pese a ter un aforro neto positivo. Estas entidades deben proceder con ese aforro ao pago das obrigas pendentes de pago, para non entrar en situación que comprometa a súa viabilidade

## RESUMO.

A modo de resumo da conta xeral de 2012 cabe sinalar as seguintes circunstancias:

a) Mellorou o cumprimento da obriga de rendición, ao terse remitido a totalidade das contas de concellos e deputacións (se ben o concello de Xinzo de Limia remitiu a súa conta xeral cando este informe xa estaba rematando, razón pola que as súas cifras non están incluídas no mesmo), ao tempo que se incrementou notablemente a porcentaxe de rendición en prazo, pasando do 67,43 ao 76,35%.

b) Na súa comparación co exercicio anterior apreciase unha melloría das contas do sector local de Galicia, coas seguintes manifestacións fundamentais:

1 Reducíronse os dereitos recoñecidos no -1,08% para o conxunto do sector local (1,03% nos concellos, -7,83% nas deputacións e -13,11% no resto de entidades), mentres que as obrigas recoñecidas se reduciron nun -12,92% (-10,72% nos concellos, -21,13% nas deputacións e -9,70% no resto de entidades).

2 O resultado orzamentario axustado do exercicio aumenta nun 94,25% (192,54 millóns). Un total de 110 concellos (62 menos que en 2011), 1 deputación (2 menos que en 2011), 5 Mancomunidades (7 menos que no exercicio anterior), 7 Consorcios (4 máis que no exercicio 2011 e 2 ETAIC (1 menos que no exercicio anterior) presentan saldo por operacións non financeiras negativo.

3 O remanente de tesourería para gastos xerais aumenta en 157,82 millóns (32,92%). Son 56 entidades locais (54 concellos e 2 mancomunidades) os que presentan remanente de tesourería negativo fronte ás 118 entidades do exercicio anterior (117 concellos e unha mancomunidade).

4 Comparando co exercicio de 2011 apreciase unha mellora do aforro neto que pasou de representar o 8,07% dos ingresos correntes a acadar o 10,22%. Porén, 106 entidades (o mesmo número que en 2011) presentan aforro neto negativo.

5 O endebedamento vivo ascende, a 31 de decembro de 2012 a 1.178,90 millóns de euros, incrementándose en 19,85 millóns con relación a 31 de decembro de 2011.

## I. INTRODUCCIÓN

### I.1 ANTECEDENTES

O Consello de Contas de Galicia, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, e no Plan Anual de traballo aprobado polo Pleno do Consello para o exercicio 2014, procedeu á formación e elaboración da Conta xeral das entidades locais de Galicia, a efectos do seu recoñecemento polo Parlamento de Galicia.

A Conta xeral refírese exclusivamente ás corporacións locais e entidades supramunicipais, incluíndo os seus organismos autónomos aínda que non as sociedades públicas, e obtense pola agregación das contas xerais, non fiscalizadas, remitidas por 309 Concellos, 4 deputacións, 21 mancomunidades, 18 Consorcios e 6 entidades locais menores (ETAIC) (ver anexos deste informe).

Ademais, a efectos de obter unha base de información o máis ampla posible, agréganse tamén as liquidacións de 5 Concellos e 1 Mancomunidade, pese a que a documentación recibida adoece de defectos de tal importancia que ten a consideración de conta xeral non rendida (ver anexos deste informe).

A única conta xeral de concello non dispoñible á data de elaboración deste informe (14 de maio de 2014) é ao do concello Xinzo de Limia.

### I.2 OBXECTIVOS

Como obxectivos da fiscalización establecéronse os seguintes:

1. Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galicia de render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro do exercicio seguinte ao que se refiren as mesmas.
2. Analizar o censo do sector público local de Galicia, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.
3. Examinar as contas xerais e realizar unha análise económico financeira da situación do sector público local de Galicia.

## **I.3 ALCANCE E PROCEDIMENTOS DE FISCALIZACIÓN**

### **I.3.1. FONTES DE INFORMACIÓN**

A información utilizada para a elaboración deste informe é a consignada nas contas xerais remitidas polas entidades locais, información que subministran os sistemas internos de contabilidade das mesmas.

Esta información é distinta da información utilizada para a medición do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, medición que é realizada de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC).

A doimitación das distintas unidades institucionais públicas, a súa adscrición aos distintos sectores institucionais, e a práctica dos axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de Contabilidade nacional, realízase de xeito consensuado polo Instituto nacional de estatística, Banco de España e Intervención xeral da administración do Estado, razón pola que neste informe non se efectúan tales axustes. Porén, a título indicativo os mesmos serían axustes polas diferenzas na clasificación das operacións ou importes rexistrados, e axustes polas diverxencias temporais de contabilización.

Outro elemento que introduce diverxencia dende o punto de vista da estabilidade orzamentaria e o financiamento de gastos con cargo ao remanente de tesourería. O remanente de tesourería se integra no capítulo 8 de ingresos e serve para financiar gastos non financeiros (capítulos 1 a 7 de gastos). Como no cálculo da estabilidade orzamentaria non figura ningún axuste que tome en consideración as obrigas recoñecidas con base en remanentes de tesourería, aínda que nestes casos non sexa necesario acudir ao endebedamento para cubrir tales diferenzas, formalmente se xera un déficit en termos de contabilidade nacional.

### **I.3.2. ALCANCE**

O alcance do informe esténdese ao exercicio 2012. Á data de peche aos efectos da análise do cumprimento da obriga de rendición e da confección dos estados agregados que figuran no presente informe foi o 14 de maio de 2014. En consecuencia, só se agregou a información das entidades que presentaron as súas contas antes da devandita data.

Todos os datos do informe e dos anexos se expresan en euros.

### **I.3.3. PROCEDIMENTOS DE FISCALIZACIÓN**

Na realización do traballo seguíronse os seguintes procedementos:

1. Análise do grao de rendición das entidades locais de Galicia e clasificación das mesmas nas categorías de:
  - a. Conta rendida en prazo, que inclúe aquelas contas recibidas con toda a documentación requirida antes do día 15 de outubro de 2013.
  - b. Conta rendida fóra de prazo, que inclúe aquelas contas recibidas con toda a documentación requirida con posterioridade ao día 14 de outubro de 2013.
  - c. Contas recibidas sen a acreditación da aprobación da mesma polo Pleno da entidade local, defecto que comporta a consideración de conta non rendida.
  - d. Contas recibidas con defectos na documentación requirida de tal natureza que comportan a consideración de contas non rendidas. Os defectos consisten basicamente na omisión da documentación complementaria da conta xeral esixida polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), é dicir, certificacións bancarias e actas de arqueo, así como as memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados.
2. Análise das contas xerais do exercicio 2012, recibidas no Consello de Contas ata o día 14 de abril de 2014.
3. Obtención dos indicadores de carácter económico financeiro.

## **I.4 NORMATIVA LEGAL**

As disposicións reguladoras dos aspectos referentes á actividade económico-financieira, orzamentaria e contable das entidades locais durante o período examinado son as seguintes:

- Lei 7/1985 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), BOE número 80 do 3 de abril de 1985. Rect. BOE número 139 do 11 de xuño de 1985.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, BOE número 96 do 24 de abril de 1986.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, actualmente RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo; (TRLRFL), BOE número 57 do 9 de marzo de 2004.



- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, BOE número 101 do 27 de abril de 1990.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais. BOE número 252 do 20 de outubro de 1989.
- Orde EHA/4040/2004, do 23 de novembro. Instrución modoo básico de contabilidade local, BOE número 296, do 9 de decembro.
- Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro. Instrución modoo normal de contabilidade local, BOE número 296, do 9 de decembro.
- Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro. Instrución modoo simplificado de contabilidade local, BOE número 296, do 9 de decembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración local de Galicia, DOG. número 149 do 5 de agosto de 1997.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia. DOG número 130 do 9 de xullo de 1985.
- Resolución do 25 de xuño de 1992, pola que se dispón a publicación do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia. DOG. número 138 do 17 de xullo de 1992.
- Resolución do 14 de xuño de 2007 pola que se fai público o acordo do pleno na súa sesión do 29 de maio de 2007 sobre a forma en que as entidades locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático. DOG. número 120 do 22 de xuño de 2007.

## **I.5 LIMITACIÓNS AO ALCANCE**

Na realización da fiscalización padecéronse as seguintes limitacións ao alcance:

1. Non se puido dispor da conta dun total de 24 entidades locais que non procederan á rendición da mesma na data de peche para a elaboración deste informe. Desas 24 entidades, 1 é un concello, 7 son consorcios, 13 son mancomunidades e 3 son ETAIC. Porén suliñar que no curso da elaboración deste informe o concello de Xinzo de Limia, rendeu a súa conta en data 30/04/2014, obtendo a cualificación de conta rendida con defectos. Os importes da súa conta xeral non foron tidos en conta á hora de elaborar este informe.
2. Non se dispuxo de información contable consolidada das entidades locais coas súas entidades

dependentes. Porén, efectuouse a labor de agregación das contas dos organismos autónomos das entidades locais, sen axustes de consolidación, o que implica que os datos correspondentes ao financiamento dos mesmos por parte das entidades locais (capítulos 4 e 7 de transferencias correntes e de capital) están duplicados, por figurar tanto nas transferencias concedidas polas entidades locais principais como nas transferencias recibidas polas entidades dependentes.

3. Certos estados financeiros de determinadas entidades locais presentan datos non consistentes que se reflicten no Informe xeral das entidades locais do exercicio 2012 e que se resumen no parágrafo I.1 deste informe.

4. A análise comparativa dos datos do exercicio 2012 cos datos de exercicios anteriores adoece de certa falta de homoxeneidade, pois o conxunto de entidades locais que se agregan en cada exercicio é diferente, en función do cumprimento da súa obriga de rendición.

## II. SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA

O sector público local de Galicia organízase conforme ao establecido na Lei 7/1985 de abril, reguladora das Bases do réxime local (LRBRL), BOE número 80 do 3 de abril de 1985 e Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia, e está integrada polos seguintes entes:

- Concellos e provincias, que ostentan a condición de entidades locais territoriais.
- Áreas metropolitanas, mancomunidades de concellos, consorcios locais e entidades locais menores, que ostentan a condición de entidades locais non territoriais.

As entidades locais existentes a 31 de decembro de 2012 e os organismos creados polas mesmas para a prestación dos seus servizos eran as seguintes:

### Cadro 1 Entidades locais de Galicia

ENTIDADES LOCAIS PRINCIPAIS		ENTIDADES DEPENDENTES						TOTAL ENTIDADES 2012	TOTAL ENTIDADES 2011
TIPO	Nº	OO AA	EPES	SOCIEDADES MERCANTIS					
				SM < 50%	SM > 50%	SM 100%	TOTAL SM		
Concellos	315	32	0	14	8	18	40	387	393
1-Máis de 50.000 habitantes	7	12	0	5	4	7	16	35	35
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	8	0	1	1	1	3	26	27
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	35	10	0	0	2	4	6	51	53
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	58	1	0	4	0	3	7	66	69
5-Menos de 5.001 habitantes	200	1	0	4	1	3	8	209	209
Deputacións	4	9	0	11	0	1	12	25	26
Mancomunidades	36	0	0	0	0	0	0	36	39
Consorcio	25	0	0	0	0	0	0	25	26
ETAIC	9	0	0	0	0	0	0	9	9
<b>TOTAL</b>	<b>389</b>	<b>41</b>	<b>0</b>	<b>25</b>	<b>8</b>	<b>19</b>	<b>52</b>	<b>482</b>	<b>493</b>

Comparando os datos cos do exercicio 2011, observase que as variacións que se producen son a constitución de tres novos consorcios locais (Consortio Augas de Valdeorras, Consortio Conca do Lézec e Consortio contra incendios e salvamento da comarca de A Limia), e a disolución de dúas mancomunidades (Mancomunidade de Concellos da Área de A Coruña e Mancomunidade Paradanta), así como a disolución definitiva dos consorcios contraincendios e salvamento das bisbarras de O Salnés, da Limia, do baixo Miño e do Morrazo, como consecuencia da entrada en funcionamento do Consortio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, ao abeiro do previsto na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia

En relación ás entidades dependentes, se produce unha variación neta negativa de oito entidades, resultado da disolución de seis organismos autónomos e dúas sociedades mercantís.

Por outra parte, indican non ter actividade un total 3 mancomunidades (Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia, Mancomunidade Cultural e Mancomunidade de Xallas-Tines-Tambre), así como 4 Consortios (consorcio Conso Frieiras, consorcio do Noroeste e consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Carballiño e Ribeiro, consorcio local Río Arnoia), situación que se repite dende o exercicio 2005.

En relación a este feito, compre indicar que os artigos 209 e 212 do TRLRFL impoñen de modo incondicional a todas as entidades locais a obriga de formar e render a súa conta xeral. Polo tanto, dende o momento da súa constitución e ata a disolución definitiva, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

Obsérvase como no exercicio 2012 basicamente se mantén o número total de entidades dependentes das entidades locais de Galicia, aínda que o 22 de marzo de 2010 o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas aprobou o Acordo marco para a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas e locais, no que se plasman unha serie de compromisos orzamentarios co obxectivo de avanzar no pano de axuste estrutural do conxunto das Administracións Públicas, que inclúe como compromiso a adopción de medidas de supresión ou transformación de entes dependentes.

A poboación a 1 de xaneiro de 2012 dos 315 concellos de Galicia, segundo datos do censo oficial, ascendía a 2.781.498 habitantes. No seguinte cadro amosase o número de concellos polos tramos de poboación establecidos para obter as conclusións deste informe:

## Cadro 2 Distribución da poboación de Galicia


ESTRATO POBOACIONAL	Nº	DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL				POBOACIÓN	%	VARIAC. 2005/2012
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA			
1-Máis de 50.000 habitantes	7	3	1	1	2	999.907,00	35,95%	1,19%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	8	0	0	7	430.871,00	15,49%	6,31%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	35	11	5	4	16	520.369,00	18,71%	7,51%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	58	31	7	5	15	366.623,00	13,18%	-12,25%
5-Menos de 5.001 habitantes	200	41	54	82	22	463.728,00	16,67%	-1,81%
<b>TOTAL</b>	<b>315</b>	<b>94</b>	<b>67</b>	<b>92</b>	<b>62</b>	<b>2.781.498</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,50%</b>

O 93,02% dos concellos de Galicia, 293 concellos, teñen unha poboación inferior a 20.000 habitantes, e en termos relativos, tomando como base a poboación do exercicio 2005 eses concellos perden poboación en beneficio dos concellos máis grandes de Galicia.

## Cadro 3 Evolución relativa da poboación no concellos de Galicia

TRAMO	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2005-2012
1-Máis de 50.000 habitantes	100,00%	100,12%	100,51%	101,08%	101,19%	101,19%	101,19%	1,19%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	100,00%	101,14%	102,98%	104,49%	105,42%	106,24%	106,31%	6,31%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	100,00%	98,65%	99,59%	102,62%	103,17%	105,34%	107,51%	7,51%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	100,00%	100,17%	99,27%	95,98%	95,96%	94,63%	87,75%	-12,25%
5-Menos de 5.001 habitantes	100,00%	101,06%	100,98%	100,82%	99,55%	97,35%	98,19%	-1,81%
<b>TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,18%</b>	<b>100,60%</b>	<b>101,03%</b>	<b>101,09%</b>	<b>101,01%</b>	<b>100,50%</b>	<b>0,50%</b>

## Gráfico 1 Poboación nos concellos galegos. Evolución relativa



Polo tanto, o mapa municipal galego presenta unha elevada atomización que pode incidir de xeito

directo e negativo na prestación de servizos municipais, e este problema se agrava pola reducida poboación da maior parte dos concellos, e pola progresiva perda de poboación dos mesmos en beneficio dos concellos máis grandes.

### **III. RENDIÇÃO DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012**

#### **III.1. ANÁLISE DA OBRIGA DE RENDIÇÃO**

O artigo 223 do TRLRFL impón ás entidades locais a obriga de render as súas contas antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren, establecendo o devandito TRLRFL e as diversas instrucións de contabilidade que determinan o seu contido, estrutura e normas de elaboración, que a Conta xeral da entidade local estará formada pola conta da propia entidade así como pola conta de tódolos organismos e sociedades doas dependentes, ao que se engadirá como documentación complementaria:

- As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, en caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.
- As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

O artigo 209.4 do TRLRFL e regras 100.3, 89.2 e 31.6 da Instrucións dos modos normal, simplificado e básico respectivamente, indican que corresponde ao pleno da Corporación Local determinar se se unen á conta xeral os estados integrados e consolidados das distintas contas, resultando que a devandita consolidación non ten lugar, o que introduce incerteza na análise da información contable subministrada.

Finalizado sobradamente o prazo de cumprimento desa obriga, e co obxectivo de incrementar as porcentaxes de cumprimento, o Consello de Contas de Galicia procedeu a requirir ás entidades que tiñan a conta sen render a 18 de novembro de 2013 (primeiro requirimento) e 9 de xaneiro de 2014 (segundo requirimento).

Como resultado final, o cumprimento da obriga de rendición de contas, á data 14 de abril de 2014, resúmese como segue:

#### Cadro 4 Detalle da rendición de contas

ENTIDADES		CONTAS RENDIDAS				DOCUMENTACION CON DEFECTOS		TOTAL REMITIDAS		NON REMITIDAS	
		Prazo	%	Fóra prazo	%	Defectos	%	Total Remitidas	%	Non remitida	%
Concello	Máis de 50.000 hab.	6	85,71%	1	14,29%	0	0,00%	7	100,00%	0	0,00%
Concello	De 20.001 a 50.000 hab.	11	73,33%	4	26,67%	0	0,00%	15	100,00%	0	0,00%
Concello	De 10.001 a 20.000 hab.	22	62,86%	13	37,14%	1	2,86%	36	102,86%	1 <sup>1</sup>	2,86%
Concello	De 5.001 a 10.000 hab.	43	74,14%	11	18,97%	0	0,00%	54	93,10%	0	0,00%
Concello	Menos de 5.000 hab.	179	89,50%	19	9,50%	4	2,00%	202	101,00%	0	0,00%
Total Concellos		261	82,86%	48	15,24%	5	1,59%	314	99,68%	1	0,32%
Deputación		4	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	4	100,00%	0	0,00%
Mancomunidade		16	44,44%	6	16,67%	1	2,78%	23	63,89%	13	36,11%
Consorcio		13	52,00%	5	20,00%	0	0,00%	18	72,00%	7	28,00%
ETAIC		3	33,33%	3	33,33%	0	0,00%	6	66,67%	3	33,33%
<b>Total</b>		<b>297</b>	<b>76,35%</b>	<b>62</b>	<b>15,94%</b>	<b>6</b>	<b>1,54%</b>	<b>365</b>	<b>93,83%</b>	<b>24</b>	<b>6,17%</b>

#### III.1.1 ENTIDADES QUE NON RENDEN A CONTA XERAL

Un total de 24 entidades (6,19% do total) non remitiron a conta xeral. O detalle das mesmas figura nos anexos deste informe, e tamén se recolle nas páxinas que seguen ao analizar a rendición por tipos de entes.

Comparando os datos de non rendición de 2012 cos de exercicios anteriores, resulta o resumo que segue agrupado por tipos de entidades.

#### Cadro 5 Entidades que non remiten a conta xeral.

ENTIDADES		EXERCICIOS						
		2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Concello	Máis de 50.000 habitantes	0	0	0	0	0	0	0
Concello	De 20.001 a 50.000 habitantes	0	0	0	0	0	0	0
Concello	De 10.001 a 20.000 habitantes	0	0	0	0	0	0	1
Concello	De 5.001 a 10.000 habitantes	0	1	0	0	0	0	0
Concello	Menos de 5.001 habitantes	2	4	4	2	0	0	0
<b>TOTAL CONCELLOS</b>		2	5	4	2	0	0	1
<b>DEPUTACIÓNS</b>		0	0	0	0	0	0	0
Mancomunidade		13	13	14	12	7	8	13
Consorcio		5	7	8	7	7	9	7
Entidade Local Menor		4	3	3	3	5	3	3
<b>TOTAL</b>		24	28	29	24	19	20	24

<sup>1</sup> O concello de Xinzo de Limia rendeu a súa conta xeral o día 30/04/2014, cos traballos deste informe xa iniciados, razón pola que non se tivo en consideración.

## Concellos

No exercicio 2012 o único concello que non rende a súa conta xeral é o de Xinzo de Limia. Como factores que teñen incidido neste resultado destaca tanto o establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que establece que será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, ademais da regulación do envío das contas ao Consello de Contas por medio de procedementos electrónicos<sup>2</sup>, así como da eliminación da dobre rendición da conta xeral das entidades locais que se produce polo convenio de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia<sup>3</sup>.

## Resto de entidades

O incumprimento da obriga de rendición, para o resto de entidades, presenta peores resultados que no exercicio anterior. Aumenta o número de mancomunidades que non renden a súa conta xeral, diminuindo no caso dos consorcios e das entidades locais menores. Agora ben, das 13 mancomunidades que non renden, 3 carecen de actividade, o que sitúa o nivel de incumprimento para as mancomunidades operativas en 10. Igual ocorre cos consorcios; dos 9 consorcios que non renden a conta xeral, 4 indican carecer de actividade, polo que o nivel de incumprimento dos consorcios operativos é de 5.

Destaca así mesmo o nivel de reincidencia no incumprimento da obriga de render a conta que se produce nestes casos. As entidades que non renden a conta xeral, incumpren de xeito reiterado con esta obriga.

---

<sup>2</sup> Dita posibilidade materializouse por Resolución do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia do 14 de xuño de 2007, pola que se fai público o acordo do Pleno na súa sesión do 29 de maio de 2007 sobre a forma en que as entidades locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático.

<sup>3</sup> Convenio do 27 de xuño de 2011, convenio que elimina esa dobre rendición ao recoñecer efectos para as dúas institucións da rendición de Contas que se leve a cabo a través da Plataforma Conxunta desenvolvida polo Tribunal de Cuentas e os OCEX

## Cadro 6 Detalle do resto de entidades que non renden a conta xeral en 2011

PROVINCIA	TIPO ENTIDADE	NOME	EXERCICIO NON RENDIDOS						
			2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
Ourense	Concello	Xinzo de Limia	2012						
Lugo	Consortio	Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento		2011					
Lugo	Consortio	Universitario Centro Asociado da UNED en Lugo		2011	2010	2009	2008		
Ourense	Consortio	Agrupación Consortios Verin-A Limia					2008	2007	
Ourense	Consortio	Augas de Valdeorras	2012						
Ourense	Consortio	Conso-Frieiras	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
Ourense	Consortio	Contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Carballiño e Ribeiro	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
Ourense	Consortio	Do Noroeste	2012	2011	2010	2009			
Ourense	Consortio	Festival Internacional de Cine de Ourense	2012	2011					
Ourense	Consortio	Local Río Arnoia	2012		2010	2009	2008	2007	2006
Pontevedra	Consortio	Conca do Lerez	2012						
Pontevedra	Consortio	Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento		2011					
Pontevedra	ETAIC	Arcos da Condesa		2011	2010				
Pontevedra	ETAIC	Bembrive							2006
Pontevedra	ETAIC	Camposancos	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
Pontevedra	ETAIC	Morgadans	2012		2010				
Pontevedra	ETAIC	Queimadoos		2011	2010	2009	2008	2007	2006
Pontevedra	ETAIC	Vilasobroso	2012		2010	2009	2008	2007	2006
A Coruña	Mancomunidade	Augas dos Concellos de Carnota e Muros	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
A Coruña	Mancomunidade	Comarca Fisterra	2012						
A Coruña	Mancomunidade	Concellos Serra do Barbanza	2012						
A Coruña	Mancomunidade	Xallas-Tines-Tambre	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
Lugo	Mancomunidade	Río Ouro	2012						
Lugo	Mancomunidade	Terra Cha	2012	2011				2007	2006
Ourense	Mancomunidade	Aguas de Rua-Petin	2012						
Ourense	Mancomunidade	Comarca de Ourense	2012			2011	2010	2009	2008
Ourense	Mancomunidade	Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
Ourense	Mancomunidade	Ribeira Sacra	2012			2009	2008	2007	
Ourense	Mancomunidade	Terras do Navea-Bibeí				2009	2008		
Pontevedra	Mancomunidade	El Condado	2012			2009	2008	2007	2006
Pontevedra	Mancomunidade	Paradanta		2011	2010	2009	2008	2007	2006
Pontevedra	Mancomunidade	Servicios Vertedoiro de Residuos Solidos Urbanos de Pontevedra e Sanxenxo	2012	2011	2010		2008	2007	2006
Pontevedra	Mancomunidade	Terras de Pontevedra Dinamización Producto Turístico	2012				2008		
Pontevedra	Mancomunidade	Voluntaria de Municipios da Comarca de Arousa				2009	2008	2007	2006

En relación coas entidades carentes de actividade, cabe destacar que os artigos 208 e 212 do TRLRFL imponen de modo incondicional a todas as Entidades locais a obriga de render contas. Polo tanto, dende o momento da súa constitución e ata a disolución definitiva e cancelación da súa inscrición no



registro de Entidades Locais, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

### III.1.2 ENTIDADES QUE REMITIRON CONTAS

Dentro deste epígrafe se inclúen 364 entidades (93,81% do total) que teñen presentado a conta anual correspondente ao exercicio 2012 ante o Consello de Contas. A análise desa documentación determina a súa clasificación en algunha das seguintes categorías:

- Conta rendida en prazo (por cumprir a obriga de rendición en prazo (antes do 15 de outubro do ano seguinte) e forma debida).
- Conta rendida fóra de prazo (por cumprir en forma debida pero fóra de prazo).
- Conta recibida con defectos que comportan a consideración de conta non rendida, segundo se indica no epígrafe I.3.1 c) e d) deste informe.

A adecuada comparación deste número total de entidades que presentan a conta anual do exercicio 2012 con anos anteriores, esixe ser realizada considerando datas clave, por ser a rendición un proceso aberto no tempo, no que non existe un límite temporal que peche o proceso de rendición. Consideráronse como datas clave para analizar a evolución da presentación da conta anual as datas do 14 de outubro do ano seguinte ao que se refire a conta (por ser a fronteira entre presentación en prazo ou fóra de prazo), e o 31 de decembro do ano seguinte e posteriores ao que se refiren as contas, por ser fin de exercicio natural.

O resultado de clasificar o proceso de rendición de acordo con esas datas amósase no cadro seguinte:

#### Cadro 7 Detalle da remisión por datas clave

CONTAS REMITIDAS (Por datas clave)					
EXERCICIO (N)	ATA 15/12/N+1	ATA 31/12/N+1	ATA 31/12/N+2	ATA 31/12/N+3	ATA 31/12/N+4
2006	89	214	340	351	364
2007	151	251	334	357	361
2008	122	228	349	361	361
2009	133	264	363	368	
2010	214	298	372		
2011	271	335	368		
2012	298	346			

Este cadro amosa que cada vez existe un cumprimento máis estrito do deber de rendición da conta xeral, sendo crecente o número de entidades que o cumpren en prazo, e acurtándose o desfase

temporal para aquelas entidades que renden fóra de prazo.

### Entidades que remiten documentación con defectos que implican a consideración de non rendición

Un total de 6 entidades locais (1,55% do total de entidades) presentan documentación que adoece de defectos que comportan a consideración de conta non rendida. Esta cifra supón unha notable diminución do nivel de defectos que presentan as contas e que afecta ás dúas categorías nas que se clasifican tales defectos, tal como se amosa na táboa seguinte:

#### Cadro 8 Entidades que remiten documentación con defectos que implican a non rendición

ENTIDADES		2008			2009			2010			2011			2012		
		NON APROB	OUTROS	TOT	NON APROB	OUTROS	TOT	NON APROB	OUTROS	TOT	NON APROB	OUTROS	TOT	NON APROB	OUTROS	TOT
Concello	Máis de 50.000 hab.	0		0	0	1	1	0	0	0	0	0	0			
Concello	De 20.001 a 50.000 hab.	1		1	1	3	4	1	2	3	1	1	2			
Concello	De 10.001 a 20.000 hab.	2		2	5	2	7	3	3	6	3	0	3	1		
Concello	De 5.001 a 10.000 hab.	1		1	2	1	3	0	2	2	0	1	1			
Concello	Menos de 5.000 hab.	0	1	1	4	4	8	5	6	11	3	3	6	2	2	
Consortio		1		1	2	4	6	3	0	3	1	0	1			
ETAIC		0	1	1	0	1	1	0	0	0	0	0	0			
Mancomunidade		1		1	1	3	4	5	1	6	4	3	7	1		
<b>TOTAL</b>		<b>6</b>	<b>2</b>	<b>8</b>	<b>15</b>	<b>19</b>	<b>34</b>	<b>17</b>	<b>14</b>	<b>31</b>	<b>12</b>	<b>8</b>	<b>20</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>6</b>

Os defectos de especial gravidade que determinan que a conta non poida considerarse como rendida son os seguintes:

a) Non consta a aprobación da Conta Xeral polo Pleno correspondente, nun total de 4 entidades locais.

Neste senso o artigo 212.5 do TRLRFL tras determinar a competencia, procedemento e prazos, establece que *"as entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada"*, referencia que se entende feita ao Consello de Contas por aplicación do artigo 223.4 do mesmo texto legal. No mesmo sentido, as regras 104.2 da Instrución do modoo normal de contabilidade local, aprobada por Orde EHA/4041/2004, e regra 92.4 da Instrución do modoo simplificado de contabilidade local aprobada por Orde EHA/4042/2004, establecen que *"unha vez aprobada a conta xeral polo Pleno da Corporación, se renderá polo Presidente da entidade local ao órgano de control externo competente nos prazos previstos na normativa vixente"* precisándose ademais tanto na regra 102.4 e 90.4 respectivamente que *"a aprobación da Conta xeral é un acto*

*esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.*

Polo tanto, a non aprobación da conta xeral é unha decisión política, e como tal será o Pleno da Corporación o responsable das posibles consecuencias que poida ter para o concello, xa que por estar cualificada a aprobación da conta xeral como acto esencial, a omisión deste trámite implica a consideración de conta non rendida.

Este defecto presentase nas seguintes entidades locais

#### **Cadro 9 Relación de entidades que non aproban a conta xeral**

PROVINCIA	TIPO ENTIDADE	TRAMO	NOME
Pontevedra	Concello	De 10.001 a 20.000 hab	Moaña
Ourense	Concello	Menos de 5.000 hab.	A Pobra de Trives
Pontevedra	Concello	Menos de 5.000 hab.	Rodeiro
Pontevedra	Mancomunidade		Area Intermunicipal Vigo

b) Omisión doutra documentación esencial que implica a consideración de conta non rendida. En relación a isto, o artigo 223 do TRLRFL sinala que a Conta xeral da entidade local se engadirá como documentación complementaria:

- As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, en caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.
- As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

A ausencia desta documentación complementaria esencial determina tamén a cualificación de conta non rendida, situación que se aprecia nas seguintes entidades locais:

#### **Cadro 10 Relación de entidades que omiten outra documentación esencial**

PROVINCIA	TIPO ENTIDADE	TRAMO	NOME
Lugo	Concello	Menos de 5.000 hab.	Ourol
Lugo	Concello	Menos de 5.000 hab.	Triacastela

A non subsanación destes defectos, pese á petición neste sentido feita polo Consello de Contas aos respectivos contadantes, determina que os mesmos sexan os responsables das posibles consecuencias que poida ter para o concello, xa que por estar cualificada a aprobación da conta xeral como acto esencial, a omisión deste trámite implica a consideración de conta non rendida.

### Entidades que renden a conta xeral

Un total de 359 entidades locais renden a conta xeral, das que 297 o fan dentro do prazo marcado polo TRLRFL e 62 unha vez transcorrido o mesmo.

### Entidades que renden en prazo

O resumo das entidades que renden en prazo, e a súa evolución temporal amósase no cadro seguinte (detalle completo nos anexos deste informe).

#### Cadro 11 Entidades que renden en prazo

ENTIDADES		2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Concello	Máis de 50.000 habitantes	2	5	3	5	5	5	6
Concello	De 20.001 a 50.000 habitantes	1	5	3	2	4	7	11
Concello	De 10.001 a 20.000 habitantes	2	9	7	8	10	16	22
Concello	De 5.001 a 10.000 habitantes	12	18	19	19	30	44	43
Concello	Menos de 5.001 habitantes	61	95	79	80	127	163	179
Deputacións		3	4	3	3	3	4	4
Mancomunidade		3	4	2	5	12	14	16
Consortio		3	5	5	5	8	9	13
ETAIC		0	0	0	1	3	3	3
<b>TOTAL</b>		<b>87</b>	<b>145</b>	<b>121</b>	<b>128</b>	<b>202</b>	<b>265</b>	<b>297</b>

Analizando a tendencia da rendición ao longo dos últimos 5 anos observase que tras o deterioro das porcentaxes de rendición en prazo, atribuíble probablemente á entrada en vigor das novas instrucións de contabilidade, dende o exercicio 2008 estase nunha senda crecente de cumprimento da obriga de rendición en prazo, que acada no exercicio 2012 ao 76,35% das entidades locais de Galicia. Porén, estando a obriga de rendición de contas consolidada no ordenamento xurídico dende 1985, é inexplicable que se presenten unhas porcentaxes de rendición en prazo tan baixas, aínda que mellores que as dos exercicios precedentes.

### Entidades que renden fóra de prazo

O resumo das entidades que renden fóra de prazo, e a súa evolución temporal amósase no cadro seguinte (detalle completo nos anexos deste informe):

### Cadro 12 Entidades que renden fóra de prazo

ENTIDADES		2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Concello	Máis de 50.000 habitantes	5	2	4	1	2	2	1
Concello	De 20.001 a 50.000 habitantes	12	7	11	9	9	6	4
Concello	De 10.001 a 20.000 habitantes	29	22	26	20	20	16	11
Concello	De 5.001 a 10.000 habitantes	45	40	42	40	26	13	13
Concello	Menos de 5.001 habitantes	121	94	112	104	62	31	19
Deputación		1	0	1	1	1	0	0
Mancomunidade		20	19	22	18	11	6	6
Consortio		9	9	9	9	7	7	5
Entidade Local Menor		3	5	5	4	1	3	3
<b>TOTAL</b>		<b>245</b>	<b>198</b>	<b>232</b>	<b>206</b>	<b>139</b>	<b>84</b>	<b>62</b>

Obsérvase a diminución das entidades que renden fóra de prazo, ben polo maior ritmo de remisión da conta comentado ao inicio deste epígrafe, ben porque se remite a conta con defectos que impiden a súa consideración como conta rendida (do total de 6 contas con defectos, 5 foron remitidas fóra de prazo).

#### Resumo final

Como resumo final deste análise da rendición da conta xeral, indicase que se está acurtando o tempo empregado polas entidades para cumprir coa súa obriga de render contas, sendo crecente o número de entidades que o cumpren en prazo, e acurtándose o desfase temporal para aquelas entidades que renden fóra de prazo.

A contrapartida negativa é que 4 entidades locais remiten a conta xeral sen que conste a aprobación da mesma polo pleno da entidade local, omisión que leva a considerar a rendición da conta como documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida. E igualmente de xeito negativo destacase que noutras 2 ocasións, a conta xeral é remitida como omisión doutra documentación esencial, o que ten o mesmo efecto de consideración de conta xeral non rendida.

Gráfico 2 Resumo das contas remitidas por exercicio



## III.2. ANÁLISE DAS DEFICIENCIAS QUE PRESENTAN AS CONTAS

### III.2.1 DEFICIENCIAS NOS PRAZOS DE TRAMITACIÓN

#### Deficiencias na aprobación dos orzamentos

De conformidade coa información dispoñible, obsérvanse porcentaxes de cumprimento dos prazos moi baixos, en especial no prazo relativo á aprobación definitiva do orzamento. Descontando as entidades que prorrogan o orzamento de exercicios anteriores, tan só 75 entidades (20,55% das entidades que remitiron a conta xeral), aproban o seu orzamento en prazo. Dado que o orzamento é tanto un instrumento de xestión para o goberno como un instrumento de control para o pleno que autoriza ao goberno canto e en que gastar, o incumprimento do prazo de aprobación do orzamento priva ao pleno do debate do deseño, seguimento e avaliación das políticas públicas.

#### Deficiencias na tramitación da Conta Xeral

Só un 73,42% das entidades locais forman a Conta Xeral no prazo legal, e só o 83,01% das Contas Xerais son aprobadas antes do 1 de outubro do exercicio seguinte ao que se refiren as mesmas, tal

como esixe o TRLRFL.

O detalle de incumprimentos na aprobación dos orzamentos e na tramitación das Contas Xerais resúmese a continuación:

### Cadro 13 Incumprimento dos prazos de tramitación da Conta xeral

TRAMITES	REGULACIÓN	DATA LIMITE	CUMPRIMENTO EN PRAZO		CUMPRIMENTO FÓRA PRAZO	
			#	%	#	%
Aprobación definitiva orzamento	Art. 169.2 TRLRFL	31/12/2011	82	22,47%	283	77,53%
Aprobación liquidación	Art. 191 e 193.5 TRLRFL	31/03/2012 <sup>1</sup>	293	80,27%	72	19,73%
Formación da Conta Xeral	Art. 212.1 TRLRFL	01/06/2012 <sup>1</sup>	268	73,42%	97	26,58%
Informe da Comisión Especial de Contas	Art. 212.1 TRLRFL	Non consta <sup>4</sup>	343	93,97%	22	6,03%
Inicio Exposición pública	Art. 212.4 TRLRFL	Non consta	334	91,51%	31	8,49%
Presentación Conta Xeral ao Pleno	Art. 212.4 TRLRFL	01/10/2012	305	83,56%	60	16,44%
Aprobación Conta Xeral polo Pleno	Art. 212.4 TRLRFL	01/10/2012	303	83,01%	62	16,99%

### III.2.2 DEFICIENCIAS NO CONTIDO DAS CONTAS

Máis aló dos defectos graves que determinan que a conta xeral sexa cualificada como non rendida, da análise das mesmas apreciase a concorrencia doutras deficiencias dentro das contas que, porén, non impiden que se consideren rendidas.

Estas deficiencias poden clasificarse nas seguintes categorías xerais:

1. Incidencias de integridade: fan referencia a erros na formalidade do documento de remisión, á omisión dalgún estado contable da entidade principal ou das entidades dependentes, á falta da documentación complementaria ou á falta das datas de tramitación da conta.
2. Incidencias de coherencia: fan referencia a descadres internos dos estados contables, a descadres coa conta de resultado económico patrimonial, co balance de sumas e saldos, coa liquidación do orzamento, co estado de gastos con financiamento afectado ou co estado de orzamentos pechados.
3. Incidencias de erros contables: que se refiren a saldos contrarios á natureza das contas.
4. Incidencias de incumprimento de normas, nas que se engloban o incumprimento dos prazos de tramitación da conta, o incumprimento do equilibrio orzamentario entre ingresos e gastos, e/ou o incumprimento de normas de xestión do gasto.

Resumindo, no proceso de rendición da conta xeral do exercicio 2012, detectáronse un total de 4.858

<sup>4</sup> Esas datas non están definidas no TRLRFL. Porén, a efectos estatísticos considérase que o trámite se cumpriu fóra de prazo si a data do mesmo é posterior á data límite de presentación da conta ao Pleno da entidade local.


incidencias. A maior parte das mesmas corresponden a erros de integridade da conta rendida, debido sobre todo á remisión de estados da memoria das contas anuais en branco, así como a erros de coherencia interna das propias contas rendidas. O detalle é o que se indica a continuación:

#### Cadro 14 Relación de incidencias que presentan as contas rendidas

SUBTIPO	INTEGRIDADE	%	COHERENCIA	%	ERROS CONTABLES	%	INCUMPRTO. NORMAS	%	TOTAL	%
Clasificación incorrecta orzamento gastos	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
Cruce con balance de sumas e saldos	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	1	0,18%	1	0,02%
Cadre con balance	0	0,00%	331	41,02%	0	0,00%	0	0,00%	331	6,81%
Cadre con cta.rdo.ec-patrim.	0	0,00%	294	36,43%	0	0,00%	0	0,00%	294	6,05%
Cadre con gtos. financ.afectada	0	0,00%	8	0,99%	0	0,00%	0	0,00%	8	0,16%
Cadre con liq.orzamentos	0	0,00%	74	9,17%	0	0,00%	0	0,00%	74	1,52%
Cadre con memoria	0	0,00%	21	2,60%	0	0,00%	0	0,00%	21	0,43%
Cadre con orzamentos pechados	0	0,00%	2	0,25%	0	0,00%	0	0,00%	2	0,04%
Cadres internos	0	0,00%	7	0,87%	0	0,00%	0	0,00%	7	0,14%
Equilibrio orzto.ingr/orzto.gtos	0	0,00%	70	8,67%	0	0,00%	0	0,00%	70	1,44%
Estados en branco no XML	2	0,06%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	2	0,04%
Falta doc.complementaria	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	6	1,07%	6	0,12%
Falta o XML de algunha Entidade	3.416	98,99%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	3.416	70,32%
Faltan datas de tramitación	6	0,17%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	6	0,12%
Incumprimento de prazos de tramitación	27	0,78%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	27	0,56%
Normativa de xestión do gasto	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	555	98,75%	555	11,42%
Signos negativos	0	0,00%	0	0,00%	38	100,00%	0	0,00%	38	0,78%
<b>TOTAL</b>	<b>3.451</b>	<b>100,00%</b>	<b>807</b>	<b>100,00%</b>	<b>38</b>	<b>100,00%</b>	<b>562</b>	<b>100,00%</b>	<b>4.858</b>	<b>100,00%</b>



Gráfico 3 Incidencias que presentan as contas



#### IV. SITUACIÓN FINANCEIRA DO SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA

Logo da presentación do sector público local de Galicia, e dos datos de rendición das súas contas, neste epígrafe procedese á análise da información dispoñible de todo o sector público local de Galicia, o que inclúe concellos, deputacións, mancomunidades, consorcios e entidades locais menores.

Os datos tomados en consideración son os que se derivan das contas rendidas polas mencionadas entidades locais, coas limitacións que xa foron expostas no apartado I.5 deste informe.

A efectos sistemáticos neste bloque IV analizaranse os ingresos, os gastos e as principais magnitudes orzamentarias: resultado orzamentario; remanente de tesourería; aforro e endebedamento. Esta análise farase, por unha banda, tomando en consideración os datos agregados totais. Pero, ao mesmo tempo, analizarase tamén separadamente a situación dos concellos, deputacións, e un terceiro bloque que englobe o resto de entidades locais.

As cifras que figuran neste informe e referidas ao exercicio 2011 difiren das publicadas no anterior informe do Consello de Contas, tanto nas relativas a entidades de Galicia como do resto do Estado, debido á rendición adicional de contas xerais de entidades dende a data de peche dos traballos do

informe anterior, tanto de entidades do resto do Estado como de entidades locais de Galicia. Trátase neste último caso das entidades locais mancomunidade de Augas de Rúa-Petin, mancomunidade Comarca de Compostela e mancomunidade concellos da Serra do Barbanza.

O resumo destas modificacións nas cifras relativas ao exercicio 2011 é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS EJERCICIO 2011. ACTUALIZACIÓN DE CIFRAS			
ENTIDADE	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA
Informe 2011	4.125.149.623,43	2.910.196.854,24	2.596.134.455,96
Aguas de Rúa-Petin - P3200029A	18.794,39	19.500,00	19.500,00
Comarca Compostela - P1500024C	71.400,00	71.401,68	33.601,68
Concellos Serra do Barbanza - P6507201I	4.459.272,61	4.515.876,29	2.491.323,19
<b>TOTAL</b>	<b>4.129.699.090,43</b>	<b>2.914.803.632,21</b>	<b>2.598.678.880,83</b>

ORZAMENTO DE GASTOS EJERCICIO 2011. ACTUALIZACIÓN DE CIFRAS			
ENTIDADE	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETOS)	PAGOS
Informe 2011	4.047.326.165,87	3.080.080.049,76	2.707.077.416,45
Aguas de Rúa-Petin - P3200029A	18.794,39	17.606,53	10.856,71
Comarca Compostela - P1500024C	71.400,00	8.440,50	7.800,00
Concellos Serra do Barbanza - P6507201I	4.459.272,61	4.413.249,58	1.900.994,92
<b>TOTAL</b>	<b>4.051.875.632,87</b>	<b>3.084.519.346,37</b>	<b>2.708.997.068,08</b>

## IV.1 ANÁLISE DOS INGRESOS. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

### IV.1.1. LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE INGRESOS

As previsións definitivas de ingresos do sector local de Galicia, que inclúen as correspondentes modificacións orzamentarias, e que constitúen unha estimación dos ingresos que prevían obter a totalidade de entidades integrantes do sector público local de Galicia, ascenderon a un total de 3.616.535.278,24 euros. Sendo os dereitos recoñecidos 2.883.330.639,39 euros, a porcentaxe de execución foi do 79,73%.

Pola súa banda, a recadación efectiva ascendeu a 2.592.156.146,32 euros, representando o 89,90% dos dereitos liquidados.

Estas cifras supoñen unha diminución do 12,43% respecto das previsións do exercicio anterior, do 1,08% respecto dos dereitos recoñecidos, e do 0,25% respecto do recadado no exercicio anterior, tal

como se analiza no epígrafe IV.1.2 deste informe.

No cadro que segue recóllense os datos da liquidación de ingresos por capítulos.

### Cadro 15 Liquidación agregada do orzamento de ingresos


Euros

LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE INGRESOS EXERCICIO 2012						
CAPÍTULO	PREV. ORZAMENTARIA DEFINITIVA (1)	% EXECUCIÓN (2)/(1)	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (2)	PESO RELATIVO	RECADACION NETA (3)	% COBRO (3)/(2)
1. Impostos directos	745.075.529,04	102,88%	766.541.631,75	26,59%	688.765.335,01	89,85%
2. Impostos indirectos	91.743.628,69	68,85%	63.163.152,72	2,19%	55.254.557,22	87,48%
3. Taxas, prezos públicos	472.783.541,05	93,90%	443.930.923,13	15,40%	367.627.877,29	82,81%
4. Transferencias correntes	1.237.754.888,35	95,70%	1.184.575.495,17	41,08%	1.096.268.884,38	92,55%
5. Ingresos patrimoniais	40.312.670,78	78,57%	31.671.742,09	1,10%	28.143.868,56	88,86%
<b>Ingresos Operacións Correntes</b>	<b>2.587.670.257,91</b>	<b>96,22%</b>	<b>2.489.882.944,86</b>	<b>86,35%</b>	<b>2.236.060.522,46</b>	<b>89,81%</b>
6. Alleamento investimentos	22.992.136,60	36,89%	8.482.524,83	0,29%	4.345.943,50	51,23%
7. Transferencias capital	290.833.724,79	54,69%	159.056.810,12	5,52%	130.272.660,47	81,90%
<b>Ingresos Operacións Capital</b>	<b>313.825.861,39</b>	<b>53,39%</b>	<b>167.539.334,95</b>	<b>5,81%</b>	<b>134.618.603,97</b>	<b>80,35%</b>
8. Variación activos financeiros	547.254.672,15	1,10%	6.046.768,80	0,21%	4.925.073,73	81,45%
9. Variación pasivos financeiros	167.784.486,79	131,04%	219.861.590,78	7,63%	216.551.946,16	98,49%
<b>Ingresos Operacións Financeiras</b>	<b>715.039.158,94</b>	<b>31,59%</b>	<b>225.908.359,58</b>	<b>7,83%</b>	<b>221.477.019,89</b>	<b>98,04%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>3.616.535.278,24</b>	<b>79,73%</b>	<b>2.883.330.639,39</b>	<b>100,00%</b>	<b>2.592.156.146,32</b>	<b>89,90%</b>

### Liquidación agregada por tipo de ente

Do total dos dereitos recoñecidos netos que se amosan no cadro anterior, corresponden aos concellos o 79,75% dos mesmos (2.299,42 millóns), o 17,47% ás Deputacións provinciais (503,86 millóns), e o 2,78% restante (80,05 millóns) ao resto de entidades locais.


Gráfico 4 Peso dos dereitos recoñecidos netos por tipo de entidade local



### Liquidación agregada dos ingresos por natureza económica

A análise da execución do orzamento de ingresos por capítulos da súa clasificación económica revela que o maior peso dos dereitos recoñecidos corresponde as transferencias correntes (41,08%), así como ao CAPÍTULO 1 de impostos directos (que inclúe entregas a conta do sistema de financiamento previsto no Real decreto legislativo 2/2004) (26,59%) e ao CAPÍTULO 3 de taxas, prezos públicos e outros ingresos (15,40%).

Gráfico 5 Liquidación aaregada do orzamento de inaresos nor capítulos



A execución dos ingresos correntes sitúase globalmente no 96,22% das previsións. Son de destacar os niveis de execución que amosan os capítulos 1 e 4, que se acercan ou superan as previsións definitivas, o que está motivado polo tratamento orzamentario das entregas a conta do sistema de financiamento previsto no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se establece o sistema de financiamento das Corporacións Locais. As corporacións locais imputan ao capítulo 1 os ingresos derivados dos impostos cedidos no momento no que teñen coñecemento do seu importe, e ao capítulo 4 os ingresos procedentes dos Fondos Complementarios de Financiamento e de Financiamento de Asistencia Sanitaria. Á data de redacción do informe, aínda non se tiñan publicado polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a liquidación definitiva do financiamento das entidades locais correspondente ao exercicio 2012.

A orzamentación falla no resto dos capítulos de ingresos, especialmente no caso do capítulo 2 (agravado pola caída da actividade urbanística), e do capítulo 5, con unhas porcentaxes de execución do 68,85% e 78,57% respectivamente.

A execución dos ingresos por operacións de capital e financeiras é baixa, cuns niveis globais de execución do 53,39% e 31,59% respectivamente, chamando a atención a escasa execución en tódolos capítulos de ingresos salvo no capítulo 9 (ingresos procedentes de operacións de endebedamento financeiro, no que se superan folgadoamente as previsións iniciais. Respecto da baixa execución do

capítulo 8 de ingresos, esta se produce debido ás modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesourería, que posteriormente non teñen execución en ingresos, e que no exercicio 2012 importaron 547.254.672,15 euros, e inflúen no nivel global de execución. Descontando este efecto, a execución do orzamento de ingresos por operacións financeiras acadaría o 131,04% e o nivel global de execución do orzamento de ingresos o 93,74%.

Por outro lado, cobrase o 89,90% dos dereitos liquidados cuns valores homoxéneos por capítulo económico, dándose as peores cifras no cobro dos alleamentos de investimentos reais e nas transferencias de capital.

#### IV.1.2. EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO SECTOR LOCAL DE GALICIA

O cadro seguinte amosa a evolución temporal do orzamento de ingresos agregado.

##### Cadro 16 Evolución temporal do orzamento de ingresos

CONCEPTO	2009	2010		2011		2012		% Variac. Ac.
	%	Importe	% Variac.	Importe	% variac	Importe	% variac	
Previsións Definitivas	100,00%	4.644.247.595,28	-3,99%	4.129.699.090,43	-11,08%	3.616.535.278,24	-12,43%	-25,23%
Dereitos recoñecidos Netos	100,00%	3.271.618.990,87	-4,79%	2.914.803.632,21	-10,91%	2.883.330.639,39	-1,08%	-16,09%
Recadado	100,00%	2.923.562.645,88	-3,64%	2.598.678.880,83	-11,11%	2.592.156.146,32	-0,25%	-14,56%

Estas cifras poñen de manifesto unha redución do 12,43% da previsións definitivas de ingresos respecto as do exercicio anterior, cunha caída acumulada do 25,23% dende o exercicio 2009. E igualmente poñen de manifesto a irrealidade das previsións orzamentarias de ingresos, que amosan sistematicamente unas cifras moi superiores á realidade dos dereitos recoñecidos.

##### Evolución temporal por natureza económica

Analizando esta evolución temporal por natureza económica, e centrándonos na realidade dos dereitos recoñecidos, resulta que a estrutura de ingreso do exercicio 2012 é o resultado da diminución dos ingresos correntes nun 1,41%, da diminución dos ingresos de capital nun 32,37% (pola caída das transferencias correntes e sobre todo de capital), e do aumento dos ingresos por operacións financeiras nun 59,64%. Considerando o horizonte temporal dende o exercicio 2009, confirmase que pese a caer un 16,09% os dereitos recoñecidos, o sustento dos mesmos provén das operacións de endebedamento, que aumentan neste horizonte temporal un 57,23%.

### Cadro 17 Evolución temporal do orzamento de ingresos por natureza

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS								
CONCEPTO	2009	2010		2011		2012		% Variac. acumulada
	%	Importe	% Variac.	Importe	% Variac.	Importe	% Variac.	
Ingresos Correntes	100,00%	2.484.336.582,97	-4,37%	2.525.569.159,90	1,66%	2.489.882.944,86	-1,41%	-4,16%
Ingresos de Capital	100,00%	600.611.951,19	-13,56%	247.723.192,74	-58,75%	167.539.334,95	-32,37%	-75,89%
Ingresos Financeir.	100,00%	186.670.456,71	29,92%	141.511.279,57	-24,19%	225.908.359,58	59,64%	57,23%
<b>TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>3.271.618.990,87</b>	<b>-4,79%</b>	<b>2.914.803.632,21</b>	<b>-10,91%</b>	<b>2.883.330.639,39</b>	<b>-1,08%</b>	<b>-16,09%</b>

E si se diferencia entre ingresos tributarios, ingresos por transferencias e ingresos por endebedamento, apreciase que as fontes de ingresos que experimentan unha suba, tanto anual como acumulada, son os ingresos de natureza tributaria e os procedentes do endebedamento, caendo os ingresos por transferencias e os outros tipos de ingreso (alleamento de bens, fundamentalmente).

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS					
CONCEPTO	2009	2010	2011	2012	% Variac. acumulada
	%	% Variac.	% Variac.	% Variac.	
Ingresos Tributarios	100,00%	1,67%	4,51%	2,01%	8,40%
Ingresos por Transferencias	100,00%	-10,60%	-19,41%	-9,36%	-34,70%
Ingresos por endebedamento	100,00%	29,92%	-24,19%	59,64%	57,23%
Outros ingresos	100,00%	-15,48%	-16,70%	-5,33%	-33,35%
<b>TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>-4,79%</b>	<b>-10,91%</b>	<b>-1,08%</b>	<b>-16,09%</b>

### Evolución temporal por tipo de ente

Finalmente, a análise da evolución do orzamento por tipo de ente revela que son os concellos de menor tamaño (os de ata 20.000 habitantes) os que maiores retrocesos experimentan, tanto en termo anual como no acumulado dende o exercicio 2009, con caídas de ata o 22,19% dos seus ingresos.

As deputacións provinciais experimentan un retroceso anual do 7,83% con un retroceso acumulado dende o exercicio 2009 do 15,48%.

No resto de entidades o comportamento non é homoxéneo, destacando o notable retroceso das mancomunidades, que ven reducidos os seus dereitos nun 26,97% anual respecto ao exercicio anterior (e 30,46% no acumulado), mentres que os consorcios, ven reducidos os seus ingresos neste exercicio nun 8,40%, pero en termos acumulados continúan con variación positiva dende o exercicio 2009.

### Cadro 18 Evolución temporal do orzamento de ingresos por tipo de ente

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS						
ENTIDADE		2009	2010	2011	2012	
		% Variac	% Variac	% Variac	% Variac	% Variac
Concellos		100,00%	-6,01%	-12,42%	1,03%	-16,83%
Concello	1-Mais de 50.000 habitantes	100,00%	-4,57%	-8,69%	-2,81%	-15,31%
Concello	2-De 20.001 a 50.000 habitantes	100,00%	-6,80%	-9,68%	5,48%	-11,20%
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	100,00%	-6,90%	-13,67%	11,00%	-10,79%
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	100,00%	-6,99%	-19,26%	-2,88%	-27,07%
Concello	5-Menos de 5.001 habitantes	100,00%	-7,05%	-16,58%	0,34%	-22,19%
Deputación		100,00%	-2,74%	-5,71%	-7,83%	-15,48%
Resto Entidades		100,00%	23,37%	-1,12%	-13,11%	6,00%
Mancomunidade		100,00%	5,84%	-10,04%	-26,97%	-30,46%
Consorticio		100,00%	33,41%	2,87%	-8,40%	25,71%
ETAIC		100,00%	-5,74%	-14,14%	20,41%	-2,55%
<b>TOTAL</b>		<b>100,00%</b>	<b>-4,79%</b>	<b>-10,91%</b>	<b>-1,08%</b>	<b>-16,09%</b>

### Comparativa da evolución temporal do orzamento coas entidades locais do resto do Estado

A fin de situar en contexto esta análise da comparativa da evolución temporal do orzamento de ingresos, presentase no cadro que sigue a liquidación agregada do conxunto das entidades locais do Estado, que permita a súa comparación coa liquidación agregada das entidades locais de Galicia.

### Cadro 19 Liquidación agregada do orzamento de ingresos do sector local estatal

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS DO SECTOR LOCAL ESTATAL						
CAPÍTULO	PREV DEF	% EXECUCIÓN	DRN	Peso Relativo	RECADACION	% Cobro
1 Impostos directos.	16.059.550.997,68	103,12%	16.560.089.239,56	28,47%	14.074.195.231,47	84,99%
2 Impostos indirectos.	2.089.577.999,91	79,66%	1.664.490.926,00	2,86%	1.491.285.924,43	89,59%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	9.375.186.501,40	95,43%	8.946.877.520,45	15,38%	7.040.173.758,94	78,69%
4 Transferencia correntes.	20.282.978.468,02	97,31%	19.737.846.946,02	33,94%	17.742.208.743,63	89,89%
5 Ingresos patrimoniais.	1.204.938.894,37	88,21%	1.062.917.240,24	1,83%	891.446.736,22	83,87%
Ingresos Op. Correntes	49.012.232.861,38	97,88%	47.972.221.872,27	82,48%	41.239.310.394,69	85,96%
6 Alleamento de investimentos reais.	1.008.621.080,08	32,01%	322.870.669,95	0,56%	262.522.080,15	81,31%
7 Transferencias de capital.	3.599.667.037,16	55,78%	2.007.776.121,71	3,45%	1.286.317.214,55	64,07%
Ingresos Op. Capital	4.608.288.117,24	50,58%	2.330.646.791,66	4,01%	1.548.839.294,70	66,46%
8 Activos financeiros.	8.117.302.657,94	5,44%	441.311.388,11	0,76%	178.890.726,99	40,54%
9 Pasivos financeiros.	3.414.531.732,25	217,22%	7.417.215.068,76	12,75%	7.394.947.597,57	99,70%
Ingresos Op. Financeiras	11.531.834.390,19	68,15%	7.858.526.456,87	13,51%	7.573.838.324,56	96,38%
<b>TOTAL</b>	<b>65.152.355.368,81</b>	<b>89,27%</b>	<b>58.161.395.120,80</b>	<b>100,00%</b>	<b>50.361.988.013,95</b>	<b>86,59%</b>

A comparativa da evolución do orzamento de ingresos das entidades locais de Galicia coas do resto do



Estado amosa os seguintes resultados:

- No exercicio 2012 as entidades locais de Galicia reduciron as súas previsións iniciais en menor medida que as súas homólogas do resto do Estado, e porén obtiveron peores resultados na execución do mesmo, tanto en termos de dereitos recoñecidos netos como en termos de recadación, tanto en termos anuais como en termos acumulados dende o exercicio 2009. É dicir, seguen a manexar previsións máis afastadas da realidade que as utilizadas polas entidades do resto do Estado.

### Cadro 20 Comparativa da evolución temporal do orzamento de ingresos das entidades locais de Galicia cos do resto do estado

COMPARATIVA EVOLUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS						
COMUNIDADE AUTÓNOMA	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS		DEREITOS RECOÑECIDOS		DEREITOS RECADADOS	
	Variac. anual	Variac. Acumulada 2009	Variac. anual	Variac. Acumulada 2009	Variac. anual	Variac. Acumulada 2009
Andalucía	-23,60%	-32,36%	-10,84%	-21,38%	-8,92%	-16,77%
Aragón	-7,80%	-28,59%	3,95%	-19,54%	8,75%	-13,25%
Canarias	-11,84%	-26,75%	7,91%	-8,86%	10,07%	-5,98%
Cantabria	-6,42%	-28,98%	3,19%	-15,59%	6,72%	-9,70%
Castilla y León	-12,24%	-25,17%	2,44%	-11,48%	8,93%	-7,74%
Castilla-La Mancha	-23,17%	-39,85%	-3,69%	-26,06%	3,91%	-25,41%
Cataluña	-8,32%	-20,23%	1,54%	-10,89%	3,81%	-9,65%
Comunitat Valenciana	-4,13%	-26,77%	13,12%	-11,62%	16,55%	-9,44%
Extremadura	-9,14%	-23,47%	1,23%	-22,55%	6,69%	-17,61%
Galicia	-12,43%	-25,23%	-1,08%	-16,09%	-0,25%	-14,56%
Illes Balears	-33,32%	-38,98%	-16,09%	-30,99%	-7,30%	-28,57%
La Rioja	-13,78%	-37,91%	-7,46%	-18,42%	-8,91%	-17,44%
Madrid	-5,82%	-26,23%	17,14%	-7,99%	23,44%	-6,39%
Principado de Asturias	-9,29%	-31,34%	-0,10%	-23,04%	3,21%	-17,53%
Rexión de Murcia	-13,24%	-37,51%	11,96%	-15,83%	18,00%	-9,55%
<b>Media</b>	<b>-12,73%</b>	<b>-27,64%</b>	<b>2,68%</b>	<b>-14,85%</b>	<b>6,59%</b>	<b>-11,99%</b>
Diferenza Galicia/Media	0,30%	2,41%	-3,75%	-1,24%	-6,84%	-2,58%

- Centrando a análise en como se financia o orzamento de gastos, observase que no exercicio 2012 as entidades locais de Galicia soportaron mellor que as súas homólogas do resto do Estado a caída dos ingresos correntes e de capital, ao tempo que se ben experimentan un notable incremento dos ingresos procedentes do endebedamento, o mesmo é moi inferior á media de aumento que se produce no conxunto das entidades locais do Estado. E en termos acumulados dende o exercicio 2009, a situación repítese, con menores caídas dos ingresos corre, pero con un maior incremento acumulado dos ingresos procedentes de operacións de endebedamento.

### Cadro 21 Comparativa da evolución temporal do orzamento de ingresos por natureza económica das entidades locais de Galicia cos do resto do estado

COMPARATIVA EVOLUCION DO ORZAMENTO DE INGRESOS POR NATUREZA						
COMUNIDADE AUTONOMA	INGRESOS OP. CORRENTES		INGRESOS OP. CAPITAL		INGRESOS OP. FINANZEIRAS	
	Variac. anual	Variac. Acumulada 2009	Variac. anual	Variac. Acumulada 2009	Variac. anual	Variac. Acumulada 2009
Andalucía	-17,84%	-11,30%	-26,72%	-74,86%	103,43%	21,22%
Aragón	0,87%	-6,32%	-46,92%	-78,56%	321,39%	82,44%
Canarias	-1,44%	-2,98%	-20,92%	-73,79%	467,85%	84,14%
Cantabria	-0,99%	-1,21%	-41,40%	-88,94%	206,60%	64,63%
Castilla y León	-2,60%	1,56%	-50,23%	-77,84%	266,61%	63,21%
Castilla-La Mancha	-10,65%	-20,29%	-59,07%	-86,73%	237,48%	93,03%
Cataluña	-0,65%	0,14%	-48,44%	-78,36%	162,79%	18,14%
Comunitat Valenciana	4,03%	-3,36%	-48,35%	-86,90%	244,07%	41,30%
Extremadura	-0,91%	-10,31%	-30,21%	-74,42%	268,42%	0,64%
Galicia	-1,41%	-4,16%	-32,37%	-75,89%	59,64%	57,23%
Illes Balears	-19,39%	-23,22%	-64,08%	-83,72%	110,99%	31,55%
La Rioja	-0,23%	-0,77%	-43,29%	-72,38%	-44,77%	-50,27%
Madrid	-0,07%	-3,04%	-44,91%	-88,06%	360,23%	34,40%
Principado de Asturias	-0,16%	-6,38%	-66,56%	-89,37%	299,07%	1,46%
Rexión de Murcia	-5,34%	-5,59%	-67,78%	-93,76%	523,94%	104,94%
<b>Media</b>	<b>-4,12%</b>	<b>-5,34%</b>	<b>-43,30%</b>	<b>-80,51%</b>	<b>213,65%</b>	<b>38,51%</b>
Diferenza Galicia/media	2,71%	1,19%	10,93%	4,62%	-154,01%	18,72%

E si se diferencia entre ingresos tributarios, ingresos por transferencias e ingresos por endebedamento, apreciase que as entidades locais de Galicia aumentaron a presión fiscal en maior medida que na media do conxunto das entidades locais do Estado, tanto en termos anuais como acumulados dende o exercicio 2009, aínda que manteñen unha maior dependencia das transferencias correntes e de capital que reciben, que xunto coa menor caída doutro tipo de ingresos lles permite unha menor apelación ao endebedamento, aínda que en termos acumulados haxan experimentado un maior incremento dende 2009.

COMPARATIVA EVOLUCION DO ORZAMENTO DE INGRESO POR NATUREZA II								
COMUNIDADE AUTÓNOMA	INGRESOS TRIBUTARIOS		INGRESOS TRANSFERENCIAS		INGRESOS ENDEBEDAMENTO		OUTROS INGRESOS	
	Variac. anual	Variac. acumulada	Variac. anual	Variac. acumulada	Variac. anual	Variac. acumulada	Variac. anual	Variac. acumulada
Andalucía	-21,27%	-13,37%	-13,82%	-33,40%	103,43%	21,22%	-47,41%	-38,04%
Aragón	2,05%	1,45%	-11,60%	-38,85%	321,39%	82,44%	-13,73%	-55,00%
Canarias	8,21%	14,03%	-11,42%	-31,27%	467,85%	84,14%	-6,34%	-36,54%
Cantabria	3,61%	6,21%	-6,18%	-43,03%	206,60%	64,63%	-54,47%	-52,90%
Castilla y León	3,19%	13,29%	-17,98%	-38,60%	266,61%	63,21%	-18,58%	-1,76%
Castilla-La Mancha	-7,46%	-9,11%	-21,30%	-48,71%	237,48%	93,03%	-22,03%	-45,90%
Cataluña	1,28%	9,68%	-10,07%	-29,99%	162,79%	18,14%	-12,80%	-30,75%
Comunitat Valenciana	8,39%	8,98%	-5,87%	-38,36%	244,07%	41,30%	-31,28%	-45,08%
Extremadura	-2,57%	0,43%	-7,84%	-38,04%	268,42%	0,64%	47,78%	33,91%
Galicia	2,01%	8,40%	-9,36%	-34,70%	59,64%	57,23%	-5,33%	-33,35%
Illes Balears	0,50%	3,16%	-49,41%	-63,88%	110,99%	31,55%	-5,78%	-4,56%
La Rioja	-1,24%	2,79%	-10,74%	-38,26%	-44,77%	-50,27%	-21,24%	-26,22%
Madrid	1,86%	1,74%	-5,53%	-32,73%	360,23%	34,40%	-16,00%	-31,56%
Principado de Asturias	1,03%	-1,23%	-13,88%	-41,60%	299,07%	1,46%	-15,34%	-55,43%
Rexión de Murcia	2,64%	3,52%	-24,47%	-57,35%	523,94%	104,94%	-43,96%	-24,06%
<b>Media</b>	<b>-0,98%</b>	<b>3,36%</b>	<b>-12,73%</b>	<b>-36,60%</b>	<b>213,65%</b>	<b>38,51%</b>	<b>-22,53%</b>	<b>-32,70%</b>
Diferenza Galicia/media	2,99%	5,03%	3,37%	1,90%	-154,01%	18,72%	17,19%	-0,65%

- Finalmente, a análise da evolución temporal por tipo de ente indica que as deputacións provinciais, así como os concellos de máis de 50.000 habitantes e os concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes experimentan unha diminución dos seus recursos que en termos relativos é superior á variación media no conxunto do Estado, tanto en termo anual como acumulado dende o exercicio 2009. O resto de concellos presentan un mellor comportamento que os seus homólogos do resto do Estado, tanto en termo anual como acumulado.

### Cadro 22 Comparativa da evolución do orzamento de ingresos por tipo de ente co resto do Estado

COMPARATIVA EVOLUCION ORZAMENTO DE INGRESO POR TIPO DE ENTE												
COMUNIDADE AUTÓNOMA	DEPUTACIÓNS		CONCELLOS TRAMO 1		CONCELLOS TRAMO 2		CONCELLOS TRAMO 3		CONCELLOS TRAMO 4		CONCELLOS TRAMO 5	
	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulad.	Variac. Anual	Variac. Acumulad.	Variac. Anual	Variac. Acumul.	Variac. Anual	Variac. Acumul.
Andalucía	-1,33%	1,65%	-9,56%	-19,66%	24,68%	-42,25%	21,31%	-41,21%	-14,62%	-24,56%	1,00%	-22,92%
Aragón	-12,83%	-26,01%	24,43%	-8,45%	4,89%	-23,44%	3,13%	-15,34%	-23,42%	-35,82%	-6,95%	-28,90%
Canarias			19,82%	0,21%	11,15%	7,03%	10,65%	-23,77%	-7,87%	-23,16%	22,73%	-8,75%
Cantabria			7,53%	-9,57%	6,05%	-16,51%	15,41%	-35,12%	2,17%	5,73%	6,65%	-19,78%
Castilla y León	-10,26%	-18,45%	16,33%	3,17%	30,03%	30,55%	1,11%	-32,88%	0,27%	-21,69%	-7,77%	-24,97%

COMPARATIVA EVOLUCION ORZAMENTO DE INGRESO POR TIPO DE ENTE												
COMUNIDADE AUTÓNOMA	DEPUTACIÓNS		CONCELLOS TRAMO 1		CONCELLOS TRAMO 2		CONCELLOS TRAMO 3		CONCELLOS TRAMO 4		CONCELLOS TRAMO 5	
	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulada	Variac. Anual	Variac. Acumulada
Castilla-La Mancha	-4,51%	-19,52%	15,26%	-10,61%	32,53%	-53,81%	-9,55%	-24,77%	2,13%	-24,35%	-6,82%	-34,43%
Cataluña	20,60%	2,63%	2,75%	-11,48%	-1,82%	-15,90%	0,88%	-1,09%	5,98%	-5,92%	-1,04%	-14,93%
Comunitat Valenciana	-3,26%	-8,72%	16,04%	-16,31%	11,09%	-16,28%	3,04%	-23,41%	21,34%	-0,66%	8,15%	-21,44%
Extremadura	-1,32%	-14,53%	14,48%	-22,81%	4,66%	-22,71%	8,61%	-24,55%	-3,75%	-27,04%	-0,51%	-24,00%
Galicia	-7,83%	-15,48%	-2,81%	-15,31%	5,48%	-11,20%	11,00%	-10,79%	-2,88%	-27,07%	0,34%	-22,19%
Illes Balears			18,81%	-11,53%	19,50%	-4,40%	17,06%	17,34%	11,01%	-18,51%	9,65%	-8,37%
La Rioja			-9,56%	-17,65%	-9,87%	-29,10%	11,14%	-15,03%	6,74%	-15,99%	-3,27%	-19,60%
Madrid			16,30%	-6,81%	63,48%	-14,90%	1,21%	-13,45%	22,71%	-8,71%	-0,71%	-27,72%
Principado de Asturias			-3,47%	-24,10%	1,36%	-19,70%	5,47%	-21,95%	11,67%	-27,00%	-1,86%	-31,73%
Región de Murcia			-0,94%	-19,39%	20,91%	-8,28%	46,14%	-9,71%	29,12%	-32,80%	73,44%	-10,27%
<b>Media</b>	<b>-0,33%</b>	<b>-7,65%</b>	<b>7,52%</b>	<b>-11,57%</b>	<b>3,53%</b>	<b>-18,25%</b>	<b>1,90%</b>	<b>-17,27%</b>	<b>3,40%</b>	<b>-16,29%</b>	<b>-1,20%</b>	<b>-23,40%</b>
Diferencia Galicia/media	-7,50%	-7,82%	-10,33%	-3,74%	1,95%	7,05%	9,10%	6,48%	-6,28%	-10,78%	1,55%	1,21%

### IV.1.3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS. CONCELLOS

As previsións definitivas de ingresos dos concellos de Galicia, que inclúen as correspondentes modificacións orzamentarias, e que constitúen unha estimación dos ingresos que prevían obter a totalidade de entidades integrantes do sector público local de Galicia, ascendían a un total de 2.645.933.177,37 euros, o que representa o 73,16% do total do sector local de Galicia. Nos anexos deste informe pódese consultar a liquidación dos concellos agrupados por tramos de poboación.

#### Cadro 23 Liquidación do orzamento de ingresos. Concellos

LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE INGRESOS CONCELLOS. EJERCICIO 2012							Euros
CAPÍTULO	PREVISIÓNS DEFINITIVAS(1)	% EXEC (2)/(1)	DRN (2)	PESO RELATIVO	RECADADO (3)	%COBRO (3)/(2)	
1 Impostos directos.	712.891.865,50	102,63%	731.609.276,17	31,82%	656.983.491,91	89,80%	
2 Impostos indirectos.	68.714.631,57	63,31%	43.506.559,69	1,89%	35.793.872,49	82,27%	
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	421.600.087,36	93,57%	394.500.533,56	17,16%	320.883.959,21	81,34%	
4 Transferencia correntes.	813.017.560,88	94,33%	766.887.022,28	33,35%	714.249.564,73	93,14%	
5 Ingresos patrimoniais.	28.974.349,40	78,98%	22.883.004,61	1,00%	19.547.581,10	85,42%	
Ingresos Operacións Correntes	2.045.198.494,71	95,80%	1.959.386.396,31	85,21%	1.747.458.469,44	89,18%	
6 Alleamento de investimentos reais.	12.988.008,91	13,13%	1.705.933,34	0,07%	1.691.423,14	99,15%	
7 Transferencias de capital.	206.590.426,57	59,17%	122.240.771,62	5,32%	99.766.727,51	81,61%	
Ingresos Operacións de capital	219.578.435,48	56,45%	123.946.704,96	5,39%	101.458.150,65	81,86%	
8 Activos financeiros.	220.050.160,71	1,20%	2.650.186,70	0,12%	1.910.630,25	72,09%	
9 Pasivos financeiros.	161.106.086,47	132,48%	213.440.253,10	9,28%	210.130.608,48	98,45%	
Ingresos Operacións Financeiras	381.156.247,18	56,69%	216.090.439,80	9,40%	212.041.238,73	98,13%	
<b>TOTAL</b>	<b>2.645.933.177,37</b>	<b>86,90%</b>	<b>2.299.423.541,07</b>	<b>100,00%</b>	<b>2.060.957.858,82</b>	<b>89,63%</b>	

A execución total dos ingresos dos concellos acada o 86,90%, por encima do 79,73% de execución que presenta o sector local no seu conxunto. Pola súa banda, o índice de cobros sitúase no 89,63%, lixeiramente por debaixo do 89,90% que presenta o sector local no seu conxunto.


### Liquidación dos ingresos dos concellos por tramo de poboación

Da cifra total de execución de dereitos recoñecidos netos que corresponde aos concellos de Galicia, o 40,14% dos mesmos se executan nos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, que no conxunto de Galicia aglutinan ao 35,95% da poboación (véxase cadro 2 deste informe). Os seguintes concellos en peso relativo dos dereitos recoñecidos netos son os de poboación inferior a 5.000 habitantes, que representando o 16,14% da poboación de Galicia executan o 16,67% dos ingresos.

Son os concellos entre 20.001 e 50.000 habitantes os que representan o menor peso no conxunto dos ingresos dos concellos de Galicia, (só 13,93%) cando o seu peso en termos de poboación é do 15,49% o que determina uns menores índices de ingresos por habitante neste tramo.

CONCELLOS ESTRATO POBOACIÓN	DRN	%	% POBOACIÓN
1-Máis de 50.000 habitantes	923.040.764,12	40,14%	35,95%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	320.215.670,39	13,93%	15,49%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	407.732.512,22	17,73%	18,71%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	277.204.463,02	12,06%	13,18%
5-Menos de 5.001 habitantes	371.230.131,32	16,14%	16,67%
<b>TOTAL</b>	<b>2.299.423.541,07</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>

Gráfico 6 Peso dos dereitos recoñecidos netos por tramos de poboación



## Detalle da liquidación por tramos de poboación

A análise máis en detalle da liquidación por tramos revela que:

No tramo de poboación superior a 50.000 habitantes, os concellos de A Coruña e Vigo xestionan máis da metade do total de dereitos recoñecidos no conxunto do tramo (25,37% e 27,53% respectivamente, para acadar o 52,90%), supoñendo ademais en conxunto case que a cuarta parte do total de concellos (10,18% e 11,05% para acadar o 21,23%) e a sexta parte do total do sector local de Galicia (8,12% e 8,81% para acadar o 16,93%).

LIQUIDACIÓN AGREGADA CONCELLOS. DETALLE CONCELLOS TRAMO 1				
CONCELLO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	% Tramo	% Total	Total GA
A Coruña - P1503000J	234.158.368,90	25,37%	10,18%	8,12%
Ferrol - P1503700E	61.369.365,50	6,65%	2,67%	2,13%
Lugo - P2702800J	84.997.495,11	9,21%	3,70%	2,95%
Ourense - P3205500F	107.936.399,06	11,69%	4,69%	3,74%
Pontevedra - P3603800H	70.077.507,54	7,59%	3,05%	2,43%
Santiago de Compostela - P1507900G	110.366.638,69	11,96%	4,80%	3,83%
Vigo - P3605700H	254.134.989,32	27,53%	11,05%	8,81%
<b>Total Concellos Tramo 1</b>	<b>923.040.764,12</b>	<b>100,00%</b>	<b>40,14%</b>	<b>32,01%</b>
<b>Total Concellos</b>	<b>2.299.423.541,07</b>			
<b>Total Galicia</b>	<b>2.883.330.639,39</b>			

No tramo de poboación de 20.001 a 50.000 habitantes, os concellos que xestionan un maior volume de recursos son os de Vilagarcía de Arousa (10,09% do total do tramo, 1,41% do total de concellos e 1,12% do total do sector local de Galicia), Narón (9,08% do total do tramo) e Arteixo (8,65% do total do tramo), pero a moita distancia dos concellos do tramo anterior en canto a volume de recursos.

LIQUIDACIÓN AGREGADA CONCELLOS. DETALLE CONCELLOS TRAMO 2				
CONCELLO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	% Tramo	% Total	Total GA
A Estrada - P3601700B	11.731.758,97	3,66%	0,51%	0,41%
Ames - P1500200I	22.714.608,29	7,09%	0,99%	0,79%
Arteixo - P1500500B	27.693.054,14	8,65%	1,20%	0,96%
Cambre - P1501700G	16.116.723,15	5,03%	0,70%	0,56%
Cangas - P3600800A	23.556.972,27	7,36%	1,02%	0,82%
Carballo - P1501900C	25.285.484,83	7,90%	1,10%	0,88%
Culleredo - P1503100H	25.081.837,18	7,83%	1,09%	0,87%
Lalín - P3602400H	15.076.006,30	4,71%	0,66%	0,52%
Marín - P3602600C	14.432.264,93	4,51%	0,63%	0,50%
Narón - P1505500G	29.081.370,20	9,08%	1,26%	1,01%

LIQUIDACIÓN AGREGADA CONCELLOS. DETALLE CONCELLOS TRAMO 2				
CONCELLO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	% Tramo	% Total	Total GA
Oleiros - P1505900I	23.633.991,08	7,38%	1,03%	0,82%
Ponteareas - P3604200J	12.897.401,41	4,03%	0,56%	0,45%
Redondo - P3604500C	17.294.859,49	5,40%	0,75%	0,60%
Ribeira - P1507400H	23.311.563,69	7,28%	1,01%	0,81%
Vilagarcía de Arousa - P3606000B	32.307.774,46	10,09%	1,41%	1,12%
<b>Total</b>	<b>320.215.670,39</b>	<b>100,00%</b>	<b>13,93%</b>	<b>11,11%</b>
Total Concellos	2.299.423.541,07			
Total Galicia	2.883.330.639,39			


No resto de tramos, a importancia dos concellos por provincia depende do tramo de poboación que se considere. Así, e na provincia de Pontevedra ónde mais recursos xestionan os concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes, na de A Coruña os concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes e na provincia de Lugo os concellos de menos de 5.000 habitantes.

TRAMO	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Pontevedra	%	Total
3-De 10.001 a 20.000 hab.	112.861.272,73	27,69%	69.295.273,14	17,00%	35.280.546,33	8,65%	190.216.206,53	46,66%	407.653.298,73
4-De 5.001 a 10.000 hab.	169.468.546,31	61,13%	38.240.891,98	13,80%	22.379.375,02	8,07%	47.115.649,71	17,00%	277.204.463,02
5-Menos de 5.001 hab.	96.754.167,03	26,06%	106.802.885,27	28,77%	110.959.666,11	29,89%	56.713.412,91	15,28%	371.230.131,32

### Liquidación dos ingresos dos concellos por natureza económica

A análise da execución do orzamento de ingresos dos concellos por capítulo económico revela que o 38,67% da execución do orzamento de ingresos corresponde a transferencias, tanto correntes (33,35%) como de capital (5,32%). Seguindo en orde de importancia, os impostos directos e indirectos acadan o 33,71% e as taxas e prezos públicos, e outros ingresos do capítulo 3 o 17,16%. Finalmente, os ingresos financeiros representan o 9,40%.

Gráfico 7 Liquidación dos ingresos dos concellos por natureza económica



A execución dos ingresos correntes dos concellos sitúase globalmente no 95,80% das previsións, destacando os niveis de execución que amosan os capítulos 1 e 4, polas mesmas consideracións efectuadas ao analizar a execución agregada.

A caída da actividade urbanística tamén ten a súa incidencia sobre a execución do orzamento de ingresos. E así pode verse como ese impacto é especialmente importante no capítulo 2 onde o índice de execución se situou no 63,31%, reflectindo así a caída da recadación do ICIO, que non acadou as previsións orzamentarias.

A execución dos ingresos por operacións de capital e financeiras é baixa, cuns niveis globais de execución do 56,45% e 56,69% respectivamente, chamando a atención a escasa execución en tódolos conceptos de ingresos agás no capítulo 9, operacións de endebedamento, que acada unha execución superior ás previsións orzamentarias. Descontando o efecto do capítulo 8, a execución dos ingresos por operacións financeiras acada o 132,48%, e o nivel global de execución do orzamento de ingresos o 86,90%, superior á media de execución da liquidación agregada.



#### IV.1.4. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS. DEPUTACIÓNS

As previsións definitivas de ingresos das deputacións provinciais, ascendían a un total de 858.709.509,02 euros, o que representa o 23,74% do total do sector local de Galicia. Nos anexos deste informe pódese consultar a liquidación de cada deputación provincial.

##### Cadro 24 Liquidación do orzamento de ingresos. Deputacións


CAPÍTULO	2011					
	PREV DEF	% EXEC	DRN	PESO RELATIVO	RECADADO	% COBRO
1 Impostos directos.	32.183.663,54	108,54%	34.932.355,58	6,93%	31.781.843,10	90,98%
2 Impostos indirectos.	23.028.997,12	85,36%	19.656.593,03	3,90%	19.460.684,73	99,00%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	32.258.073,25	92,12%	29.714.562,95	5,90%	27.774.301,63	93,47%
4 Transferencia correntes.	368.375.841,02	99,55%	366.714.819,87	72,78%	340.413.450,27	92,83%
5 Ingresos patrimoniais.	10.282.918,39	73,05%	7.511.450,89	1,49%	7.414.334,19	98,71%
Ingresos Operacións correntes	466.129.493,32	98,37%	458.529.782,32	91,00%	426.844.613,92	93,09%
6 Alleamento de investimentos reais.	6.231.980,55	49,95%	3.113.050,39	0,62%	2.584.129,89	83,01%
7 Transferencias de capital.	77.781.618,42	41,96%	32.636.237,16	6,48%	27.036.750,92	82,84%
Ingresos Operacións capital	84.013.598,97	42,55%	35.749.287,55	7,10%	29.620.880,81	82,86%
8 Activos financeiros.	304.475.527,01	1,10%	3.338.788,92	0,66%	3.003.200,44	89,95%
9 Pasivos financeiros.	4.090.889,72	152,60%	6.242.646,58	1,24%	6.242.646,58	100,00%
Ingresos Operacións financeiras	308.566.416,73	3,11%	9.581.435,50	1,90%	9.245.847,02	96,50%
<b>TOTAL</b>	<b>858.709.509,02</b>	<b>58,68%</b>	<b>503.860.505,37</b>	<b>100,00%</b>	<b>465.711.341,75</b>	<b>92,43%</b>

A execución total dos ingresos das deputacións provinciais acada o 58,68%, por debaixo do 79,73% que presenta o sector local no seu conxunto, se ben eses datos de execución están condicionados polos resultados das operacións financeiras, en particular polo efecto do remanente de tesourería no capítulo 8, como se analiza máis adiante.

##### Liquidación dos ingresos das deputacións por provincia

Da cifra total de execución de dereitos recoñecidos netos que corresponde ás Deputacións Provinciais de Galicia, o 33,53% dos mesmos se executan na Deputación de A Coruña, seguida en peso pola Deputación de Pontevedra (32,93%), Lugo (18,10%) e finalmente Ourense, que executa o 15,44% dos ingresos.


**Gráfico 8** Peso dos dereitos recoñecidos netos das Deputacións Provinciais



**Liquidación dos ingresos das deputacións por natureza económica**

A análise da execución do orzamento de ingresos das deputacións provinciais por capítulo económico revela que o 79,26% da execución do orzamento de ingresos corresponde a transferencias, tanto correntes (72,78%) como de capital (6,48%), valores que son superiores aos que se presentan na liquidación agregada. Os impostos representan unicamente o 10,83% dos ingresos, as taxas o 5,90% e os ingresos financeiros o 1,90%

**Gráfico 9** Liquidación dos dereitos recoñecidos netos das Deputacións Provinciais por natureza económica



A execución dos ingresos correntes das deputacións sitúase globalmente no 98,37% das previsións, destacando os niveis de execución que amosan todos os capítulos, sendo os peores valores os de execución dos ingresos patrimoniais (73,05%).

A execución dos ingresos por operacións de capital e financeiras é moi baixa, cuns niveis globais de execución do 42,55% e 3,11% respectivamente, debido fundamentalmente á baixa execución dos capítulos 6 (Alleamento de Investimentos reais), 7 (transferencias de capital), 8 (modificacións orzamentarias financiadas con remanentes de tesourería). En sentido contrario, destaca a maior apelación ao endebedamento do inicialmente previsto que reflicte o 152,60% de execución do capítulo 9.

Descontando o efecto do capítulo 8, a execución dos ingresos por operacións financeiras acada o 152,60%, e o nivel global de execución do orzamento de ingresos o 90,31%, superior á media de execución da liquidación agregada.

#### IV.1.5. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS. RESTO DE ENTIDADES

As previsións definitivas de ingresos do resto de entidades do sector local de Galicia (mancomunidades, consorcios, ETAIC), ascendían a un total de 111.892.591,85 euros, o que representa o 3,09% do total do sector local de Galicia. Nos anexos deste informe pódese consultar a liquidación de tipo de entidade.

##### Cadro 25 Liquidación do orzamento de ingresos. Resto de entidades

Euros


LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS. EJERCICIO 2011						
RESTO DE ENTIDADES						
CAPÍTULO	PREVISIÓNS DEFINITIVAS (1)	% EXEC. (2)/(1)	DRN (2)	PESO RELATIVO	RECADADO (3)	% COBRO (3)/(2)
1 Impostos directos.	0,00		0,00	0,00%	0,00	
2 Impostos indirectos.	0,00		0,00	0,00%	0,00	
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	18.925.380,44	104,18%	19.715.826,62	24,63%	18.969.616,45	96,22%
4 Transferencia correntes.	56.361.486,45	90,44%	50.973.653,02	63,68%	41.605.869,38	81,62%
5 Ingresos patrimoniais.	1.055.402,99	121,02%	1.277.286,59	1,60%	1.181.953,27	92,54%
Ingresos Operacións correntes	76.342.269,88	94,27%	71.966.766,23	89,91%	61.757.439,10	85,81%
6 Alleamento de investimentos reais.	3.772.147,14	97,12%	3.663.541,10	4,58%	70.390,47	1,92%
7 Transferencias de capital.	6.461.679,80	64,69%	4.179.801,34	5,22%	3.469.182,04	83,00%
Ingresos Operacións capital	10.233.826,94	76,64%	7.843.342,44	9,80%	3.539.572,51	45,13%
8 Activos financeiros.	22.728.984,43	0,25%	57.793,18	0,07%	11.243,04	19,45%
9 Pasivos financeiros.	2.587.510,60	6,91%	178.691,10	0,22%	178.691,10	0,00%
Ingresos Operacións financeiras	25.316.495,03	0,93%	236.484,28	0,30%	189.934,14	80,32%
<b>TOTAL</b>	<b>111.892.591,85</b>	<b>71,54%</b>	<b>80.046.592,95</b>	<b>100,00%</b>	<b>65.486.945,75</b>	<b>81,81%</b>

A execución total dos ingresos do resto de entidades acada o 71,54% das previsións definitivas, por debaixo do 79,73% que presenta o sector local no seu conxunto.

### Liquidación dos ingresos do resto de entidades por tipo de ente

Da cifra total de dereitos recoñecidos netos corresponde aos consorcios o 76,14% (60,95 millóns), ás mancomunidades o 22,54% (18,04 millóns) e ás ETAIC o 1,32% restante (1,06 millóns).

#### Gráfico 10 Liquidación dos dereitos recoñecidos netos do resto de entidades por tipo de ente




### Liquidación dos ingresos do resto das entidades por natureza económica

A análise da liquidación do orzamento de ingresos do resto de entidades por capítulo económico revela que o 68,90% dos dereitos recoñecidos corresponde a transferencias, tanto correntes (63,68%) como de capital (5,22%). A outra partida de ingresos, con certa relevancia son as taxas e outros ingresos que representan o 24,63% do total. Aprecíase así unha dependencia case absoluta das transferencias, como medio de financiamento deste tipo de entes. A análise da orixe das transferencias correntes amosa que a financiación destes entes é asumida maioritariamente pola Administración Local (as súas transferencias representan o 54,32% dos dereitos recoñecidos no capítulo 4, fronte ao 30,49% que representan as transferencias da Comunidade Autónoma ou o 11,99% que representan as transferencias do Estado). Porén, o financiamento dos investimentos vía transferencias de capital é

asumido maioritariamente pola Comunidade Autónoma (82,49%). No seu conxunto, os ingresos correntes representan o 89,91%, os de capital o 9,80% quedando reducidos os ingresos financeiros ao 0,30% do total.

### Gráfico 11 Liquidación dos dereitos recoñecidos netos do resto de entes por natureza económica



A execución dos ingresos correntes do resto de entidades sitúase globalmente no 71,54% das previsións, destacando o capítulo 5 cun nivel de execución do 121,02%.

A execución dos ingresos por operacións de capital e financeiras é baixa, cuns niveis globais de execución do 76,64% e 0,93% respectivamente, debido fundamentalmente á baixa execución dos capítulos 7 (transferencias de capital) e 8 (activos financeiros) debido neste último caso á imposibilidade de liquidar o remanente de tesourería, ademais de que non se formalizaron as operacións de endebedamento previstas inicialmente.

Descontando o efecto do capítulo 8, o nivel global de execución do orzamento de ingresos o 89,71%, superior á media de execución da liquidación agregada.

## IV.1.6. ANÁLISE ESPECIAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS

### Tributos locais

Desagregando por capítulos os ingresos tributarios das entidades locais de Galicia, destaca o maior peso dos impostos directos xunto coas taxas e outros ingresos nos concellos, que chegan a supoñer o 50,87% do total dos seus recursos, tendo unha menor importancia nas Deputacións (16,73%) e no resto de entidades (24,63%).

#### Cadro 26 Detalle dos ingreso tributarios das entidades locais de Galicia

DETALLE DOS INGRESOS TRIBUTARIOS. EJERCICIO 2012						
ENTIDADE LOCAL	DRN 1	DRN 2	DRN 3	DRN TRIBUT (1)	DRN TOTAL (2)	% (1)/(2)
CONCELLOS	731.609.276,17	43.506.559,69	394.500.533,56	1.169.616.369,42	2.299.423.541,07	50,87%
1-Mais de 50.000 habitantes	358.272.750,39	24.876.597,60	182.115.737,09	565.265.085,08	923.040.764,12	61,24%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	98.411.001,46	5.489.746,91	56.272.897,29	160.173.645,66	320.215.670,39	50,02%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	117.308.117,58	3.687.226,71	73.439.755,31	194.435.099,60	407.732.512,22	47,69%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	72.600.015,24	3.869.902,20	40.069.832,38	116.539.749,82	277.204.463,02	42,04%
5-Menos de 5.001 habitantes	85.017.391,50	5.583.086,27	42.602.311,49	133.202.789,26	371.230.131,32	35,88%
DEPUTACIÓNS	34.932.355,58	19.656.593,03	29.714.562,95	84.303.511,56	503.860.505,37	16,73%
RESTO ENTIDADES	0,00	0,00	19.715.826,62	19.715.826,62	80.046.592,95	24,63%
Mancomunidade	0,00	0,00	3.483.182,60	3.483.182,60	18.044.839,98	19,30%
Consortio	0,00	0,00	16.226.548,68	16.226.548,68	60.946.525,93	26,62%
ETAIC	0,00	0,00	6.095,34	6.095,34	1.055.227,04	0,58%
<b>TOTAL</b>	<b>766.541.631,75</b>	<b>63.163.152,72</b>	<b>443.930.923,13</b>	<b>1.273.635.707,60</b>	<b>2.883.330.639,39</b>	<b>44,17%</b>

A análise da evolución temporal dos ingresos tributarios amosa o peso crecente que teñen os mesmos no financiamento dos servizos públicos, con incrementos medios do 1,34% neste exercicio 2012 e do 9,98% en termos acumulados dende o exercicio 2009 e coa única excepción das deputacións provinciais, dos consorcios e das ETAICs, que presentan unha variación acumulada negativa.

EVOLUCION TEMPORAL PESO RELATIVO DOS INGRESOS TRIBUTARIOS SOBRE TOTAL DE INGRESOS.						
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	2011	2012	Variación anual	Variación acumulada
CONCELLOS	38,20%	41,67%	49,89%	50,87%	0,98%	12,66%
1-Mais de 50.000 habitantes	48,93%	51,87%	60,39%	61,24%	0,85%	12,31%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	36,72%	41,53%	48,85%	50,02%	1,17%	13,30%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	37,28%	40,97%	49,43%	47,69%	-1,74%	10,41%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	28,03%	32,07%	39,43%	42,04%	2,61%	14,01%
5-Menos de 5.001 habitantes	23,79%	26,20%	32,30%	35,88%	3,58%	12,09%
DEPUTACIÓNS	17,27%	16,09%	16,69%	16,73%	0,04%	-0,54%
RESTO	21,00%	19,75%	23,68%	24,63%	0,95%	3,63%
Mancomunidades	7,50%	11,96%	18,78%	19,30%	0,52%	11,81%
Consortios	28,67%	23,33%	25,75%	26,62%	0,88%	-2,04%
ETAIC	1,46%	2,12%	5,45%	0,58%	-4,88%	-0,88%
<b>TOTAL</b>	<b>34,19%</b>	<b>36,51%</b>	<b>42,83%</b>	<b>44,17%</b>	<b>1,34%</b>	<b>9,98%</b>

A composición dos impostos locais incluídos nos capítulos 1 e 2 é a seguinte:

### Cadro 27 Detalle dos ingresos tributarios dos capítulos 1 e 2

DETALLE TRIBUTOS LOCAIS CAPÍTULOS 1 E 2. EJERCICIO 2012							
ENTIDADE LOCAL	IBI	IAE	IVTM	IIVTNU	ICIO	RESTO	TOTAL 1 2
CONCELLOS	470.361.090,36	75.088.749,96	127.572.500,45	29.598.095,84	31.406.061,55	41.089.337,70	775.115.835,86
1-Mais de 50.000 hab.	228.957.512,11	36.817.419,65	52.403.330,57	22.265.873,69	12.781.221,28	29.923.990,69	383.149.347,99
2-De 20.001 a 50.000 hab.	66.498.038,60	8.978.992,58	19.795.435,27	3.138.535,01	5.489.746,91	0,00	103.900.748,37
3-De 10.001 a 20.000 hab.	81.484.572,23	10.324.593,31	22.926.116,52	2.572.835,52	3.687.137,60	89,11	120.995.344,29
4-De 5.001 a 10.000 hab.	49.584.052,57	6.231.355,65	15.360.110,84	1.362.062,25	3.869.887,67	62.448,46	76.469.917,44
5-Menos de 5.001 hab.	43.836.914,85	12.736.388,77	17.087.507,25	258.789,37	5.578.068,09	11.102.809,44	90.600.477,77
DEPUTACIÓN	0,00	14.783.188,92	0,00	0,00	0,00	39.805.759,69	54.588.948,61
<b>TOTAL</b>	<b>470.361.090,36</b>	<b>89.871.938,88</b>	<b>127.572.500,45</b>	<b>29.598.095,84</b>	<b>31.406.061,55</b>	<b>80.895.097,39</b>	<b>829.704.784,47</b>

Destaca a importancia relativa do IBI, que supón entre o 11,81% do total de ingresos para os concellos de menos de 5.001 habitantes, ata o 24,80% nos concellos de máis de 50.000 habitantes, tendo no resto de concellos un peso relativo que oscila entre o 17,89% e o 20,77%.

A composición das taxas e prezos públicos incluídos no capítulo 3 é a seguinte:

### Cadro 28 Detalle dos ingresos tributarios do capítulo 3

DETALLE COMPOSICIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DO CAPÍTULO 3. EJERCICIO 2012					
ENTIDADE LOCAL	PRESTACION SERVICIOS	APROVEITAMENTO ESPECIAL	PREZOS PUBLICOS	RESTO TAXAS	TOTAL CAPÍTULO 3
CONCELLO	234.883.260,00	65.613.621,32	20.378.696,40	73.624.955,84	394.500.533,56
1-Mais de 50.000 habitantes	96.027.563,53	30.963.777,07	9.296.991,40	45.827.405,09	182.115.737,09
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	35.378.747,34	8.921.418,64	4.101.062,88	7.871.668,43	56.272.897,29
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	48.520.774,75	11.427.112,81	1.801.634,43	11.690.233,32	73.439.755,31
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	26.741.659,18	6.257.965,80	2.516.475,16	4.553.732,24	40.069.832,38
5-Menos de 5.001 habitantes	28.214.515,20	8.043.347,00	2.662.532,53	3.681.916,76	42.602.311,49
DEPUTACIÓN	22.888.645,22	285.412,47	3.266.102,88	3.274.402,38	29.714.562,95
RESTO	15.820.902,76	2.381,82	842.798,56	3.049.743,48	19.715.826,62
Mancomunidade	3.381.576,15	0,00	32.507,32	69.099,13	3.483.182,60
Consortorio	12.439.298,86	0,00	810.291,24	2.976.958,58	16.226.548,68
ETAIC	27,75	2.381,82	0,00	3.685,77	6.095,34
<b>TOTAL</b>	<b>273.592.807,98</b>	<b>65.901.415,61</b>	<b>24.487.597,84</b>	<b>79.949.101,70</b>	<b>443.930.923,13</b>

No financiamento dos servizos público, as taxas por prestación de servizos representan entre o 7,60% do total de ingresos para os concellos de menos de 5.001 habitantes, ata o 11,90% nos concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes, o 4,54% do total de ingresos no caso das deputacións e entre o

18,74% e o 20,41% no caso das mancomunidades e consorcios. En “resto de taxas e outros ingresos” recóllense as contribucións especiais, cotas de urbanización, aproveitamentos urbanísticos, recargas e multas e outros conceptos.

### Cadro 29 Detalle do peso dos ingresos tributarios sobre o total de ingresos

PESO RELATIVO DOS TRIBUTOS LOCAIS SOBRE O TOTAL DE INGRESOS. EXERCICIO 2012										
ENTIDADE LOCAL	IBI	IAE	IVTM	IIVTNU	ICIO	RESTO	PRESTACION SERVIZOS	APROV ESPECIAL	PREZOS PUBLICOS	RESTO TAXAS
CONCELLO	20,46%	3,27%	5,55%	1,29%	1,37%	1,79%	10,21%	2,85%	0,89%	3,20%
1-Mais de 50.000 hab.	24,80%	3,99%	5,68%	2,41%	1,38%	3,24%	10,40%	3,35%	1,01%	4,96%
2-De 20.001 a 50.000 hab.	20,77%	2,80%	6,18%	0,98%	1,71%	0,00%	11,05%	2,79%	1,28%	2,46%
3-De 10.001 a 20.000 hab.	19,98%	2,53%	5,62%	0,63%	0,90%	0,00%	11,90%	2,80%	0,44%	2,87%
4-De 5.001 a 10.000 hab.	17,89%	2,25%	5,54%	0,49%	1,40%	0,02%	9,65%	2,26%	0,91%	1,64%
5-Menos de 5.001 hab.	11,81%	3,43%	4,60%	0,07%	1,50%	2,99%	7,60%	2,17%	0,72%	0,99%
DEPUTACIÓN	0,00%	2,93%	0,00%	0,00%	0,00%	7,90%	4,54%	0,06%	0,65%	0,65%
RESTO	--	--	--	--	--	--	19,76%	0,00%	1,05%	3,81%
Mancomunidade	--	--	--	--	--	--	18,74%	0,00%	0,18%	0,38%
Consortio	--	--	--	--	--	--	20,41%	0,00%	1,33%	4,88%
ETAIC	--	--	--	--	--	--	0,00%	0,23%	0,00%	0,35%
<b>TOTAL</b>	<b>16,31%</b>	<b>3,12%</b>	<b>4,42%</b>	<b>1,03%</b>	<b>1,09%</b>	<b>2,81%</b>	<b>9,49%</b>	<b>2,29%</b>	<b>0,85%</b>	<b>2,77%</b>

### Ingreso por habitante

A análise da distribución do ingreso total por tipo de ente, reflicte que o 73,16% do ingreso total é xestionado polos concellos, correspondendo ás Deputacións provinciais o 23,74% e ao conxunto de mancomunidades, consorcios e ETAIC o 3,09% restante.

Centrándonos nos concellos a media de ingresos por habitante é de 829,78 euros. Analizando os ingresos en función dos tramos de poboación, compróbase que os maiores ingresos por habitante corresponden aos dous extremos: aos concellos de máis de 50.000 habitantes (923,13 euros/hab.) e a os de menos de 5.001 (800,53 euros/hab.). Nos concellos de maior tamaño ese maior volume de ingresos por habitante debese ao maior esforzo fiscal, que determina maiores ingresos correntes por habitante, mentres que nos concellos máis pequenos os maiores ingresos proceden de operacións de capital, principalmente transferencias.



### Cadro 30 Ingreso total por habitante

INGRESO POR HABITANTE. EJERCICIO 2012								
ENTIDADE LOCAL	INGRESO CORRENTE		INGRESO CAPITAL		INGRESO FINANCIERO		TOT 2012	TOT 2011
	€/HAB	%	€/HAB	%	€/HAB	%	€/HAB	€/HAB
1-Mais de 50.000 habitantes	846,30	91,68%	22,11	2,40%	54,72	5,93%	923,13	949,86
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	627,70	84,46%	49,88	6,71%	65,60	8,83%	743,18	705,06
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	647,38	80,98%	44,03	5,51%	108,04	13,51%	799,46	720,44
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	605,57	80,09%	57,35	7,59%	93,18	12,32%	756,10	721,92
5-Menos de 5.001 habitantes	626,50	78,26%	79,48	9,93%	94,55	11,81%	800,53	804,67
<b>TOTAL</b>	<b>707,07</b>	<b>85,21%</b>	<b>44,73</b>	<b>5,39%</b>	<b>77,98</b>	<b>9,40%</b>	<b>829,78</b>	<b>814,19</b>

### Evolución temporal

A análise da evolución temporal do ingreso por habitante dende o exercicio 2009, mostra o progresivo deterioro dos ingresos por habitante, que experimentan unha diminución promedio do 16,56%, pero diminución que é superior á media nos concellos de menos de 10.000 habitantes.

### Cadro 31 Variación do ingreso total por habitante

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO INGRESO POR HABITANTE.								
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación Acumulada
1-Mais de 50.000 habitantes	1.091,28	1.040,16	-4,68%	949,86	-8,68%	923,13	-2,81%	-15,41%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	851,56	786,63	-7,62%	705,06	-10,37%	743,18	5,41%	-12,73%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	946,51	852,07	-9,98%	720,44	-15,45%	799,46	10,97%	-15,54%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	947,82	881,65	-6,98%	721,92	-18,12%	756,10	4,74%	-20,23%
5-Menos de 5.001 habitantes	1.006,57	943,31	-6,28%	804,67	-14,70%	800,53	-0,51%	-20,47%
<b>TOTAL</b>	<b>994,48</b>	<b>928,87</b>	<b>-6,60%</b>	<b>814,19</b>	<b>-12,35%</b>	<b>829,78</b>	<b>1,91%</b>	<b>-16,56%</b>

Porén, o comportamento dos ingresos non é homoxéneo se o analizamos por natureza e tramo de poboación:

- Nos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, os concellos de Vigo e Ferrol son os único que experimenten unha variación positiva dos seus ingresos en termos anuais. Porén, en termos acumulados dende o exercicio 2009, os concellos de Pontevedra, Vigo e Lugo experimentan un retroceso dos seus ingresos superior ao retroceso medio do seu tramo de poboación, e superior tamén ao retroceso medio do conxunto de concellos de Galicia.

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO INGRESO POR HABITANTE. DETALLE CONCELLOS TRAMO 1								
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación Acumulada
A Coruña - P1503000J	1.103,34	1.051,36	-4,71%	974,74	-7,29%	951,30	-2,41%	-13,78%
Ferrol - P1503700E	931,30	947,58	1,75%	850,58	-10,24%	852,39	0,21%	-8,47%
Lugo - P2702800J	1.053,72	954,51	-9,42%	941,61	-1,35%	863,30	-8,32%	-18,07%
Ourense - P3205500F	1.169,61	1.141,61	-2,39%	1.081,93	-5,23%	1.003,15	-7,28%	-14,23%
Pontevedra - P3603800H	1.054,23	999,94	-5,15%	890,63	-10,93%	847,53	-4,84%	-19,61%
Santiago de Compostela - P1507900G	1.271,10	1.206,18	-5,11%	1.174,21	-2,65%	1.153,61	-1,75%	-9,24%
Vigo - P3605700H	1.057,75	1.002,97	-5,18%	852,94	-14,96%	854,65	0,20%	-19,20%
<b>TOTAL</b>	<b>1.091,28</b>	<b>1.040,16</b>	<b>-4,68%</b>	<b>949,86</b>	<b>-8,68%</b>	<b>923,13</b>	<b>-2,81%</b>	<b>-15,41%</b>

- Nos concellos de 20.001 a 50.000 habitantes experimentan no seu conxunto unha variación positiva dos seus ingresos en termos anuais, motivada fundamentalmente polo notable incremento de recursos do concello de Cangas, froito de operación financeiras por importe de 11,38 millóns de euros. En termos acumulados, 8 destes concellos experimentan retrocesos medios inferiores ao retroceso medio deste tramos de poboación e do conxunto dos concellos de Galicia.

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO INGRESO POR HABITANTE. DETALLE CONCELLOS TRAMO 2								
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación Acumulada
A Estrada - P3601700B	760,76	657,62	-13,56%	587,23	-10,70%	541,71	-7,75%	-28,79%
Ames - P1500200I	871,13	942,68	8,21%	769,05	-18,42%	774,42	0,70%	-11,10%
Arteixo - P1500500B	899,13	803,20	-10,67%	927,42	15,47%	901,32	-2,81%	0,24%
Cambre - P1501700G	835,82	718,84	-14,00%	633,37	-11,89%	674,93	6,56%	-19,25%
Cangas - P3600800A	647,97	590,38	-8,89%	461,77	-21,78%	903,02	95,56%	39,36%
Carballo - P1501900C	767,83	929,51	21,06%	645,78	-30,52%	806,35	24,86%	5,02%
Culleredo - P1503100H	937,18	827,60	-11,69%	811,43	-1,95%	852,66	5,08%	-9,02%
Lalín - P3602400H	972,38	1.006,71	3,53%	743,21	-26,17%	738,69	-0,61%	-24,03%
Marín - P3602600C	734,33	522,45	-28,85%	569,68	9,04%	564,60	-0,89%	-23,11%
Narón - P1505500G	1.090,13	909,55	-16,57%	743,30	-18,28%	741,15	-0,29%	-32,01%
Oleiros - P1505900I	941,44	874,00	-7,16%	757,57	-13,32%	687,31	-9,27%	-26,99%
Ponteareas - P3604200J	750,18	638,19	-14,93%	559,88	-12,27%	550,96	-1,59%	-26,56%
Redondo - P3604500C	687,34	688,47	0,16%	631,97	-8,21%	576,21	-8,82%	-16,17%
Ribeira - P1507400H	873,88	792,64	-9,30%	762,25	-3,83%	839,21	10,10%	-3,97%
Vilagarcía de Arousa - P3606000B	877,19	782,13	-10,84%	815,38	4,25%	858,77	5,32%	-2,10%
<b>TOTAL</b>	<b>851,56</b>	<b>786,63</b>	<b>-7,62%</b>	<b>705,06</b>	<b>-10,37%</b>	<b>743,18</b>	<b>5,41%</b>	<b>-12,73%</b>

- No resto de concellos, producense variacións positivas dos recursos en termos anuais, a excepción dos concellos de a provincia de A Coruña. En termos acumulados, tódolos concellos manteñen unha situación de retroceso dos seus recursos, sendo os concellos de Lugo os únicos que experimentan un retroceso acumulado inferior á media do retroceso de tódolos concellos de Galicia.

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO INGRESO POR HABITANTE. DETALLE CONCELLOS TRAMOS 3 A 5								
PROVINCIA	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación Acumulada
A Coruña	1.004,57	976,10	-2,83%	800,08	-18,03%	783,25	-2,10%	-22,03%
Lugo	975,63	916,17	-6,09%	842,36	-8,06%	856,15	1,64%	-12,25%
Ourense	989,92	870,33	-12,08%	725,73	-16,61%	794,24	9,44%	-19,77%
Pontevedra	902,09	784,90	-12,99%	640,68	-18,37%	747,01	16,60%	-17,19%
<b>TOTAL</b>	<b>967,86</b>	<b>892,02</b>	<b>-7,84%</b>	<b>749,24</b>	<b>-16,01%</b>	<b>787,97</b>	<b>5,17%</b>	<b>-18,59%</b>

Finalmente, se se comparan estas cifras coas que se presentan nos concellos do resto do Estado, apreciase que o ingreso por habitante en Galicia é inferior á media do Estado en todos os tramos de poboación, sendo maior a diferenza en ambos extremos: nos concellos de maior e de menor tamaño de poboación.

### Cadro 32 Comparativa dos ingreso por habitante co resto do Estado

COMPARATIVA INGRESO POR HABITANTE POR COMUNIDADE AUTÓNOMA. EJERCICIO 2012						
COMUNIDADE AUTÓNOMA	TRAMO DE POBOACIÓN					TOTAL
	1-Mais de 50.000 hab.	2-De 20.001 a 50.000 hab.	3-De 10.001 a 20.000 hab.	4-De 5.001 a 10.000 hab.	5-Menos de 5.001 hab.	
Andalucía	1.283,25	1.154,11	1.040,48	1.015,65	1.167,96	1.215,73
Aragón	1.230,05	1.008,02	1.024,04	1.003,35	1.287,46	1.200,68
Canarias	1.201,26	1.197,45	1.087,37	1.065,53	1.287,37	1.181,68
Cantabria	1.102,59	939,65	967,74	871,64	984,66	1.010,70
Castilla y León	1.120,37	1.150,22	808,85	880,95	919,12	1.020,08
Castilla-La Mancha	1.117,48	991,23	891,79	929,64	1.041,96	1.027,40
Cataluña	1.361,53	1.230,20	1.262,24	1.254,31	1.366,50	1.321,64
Comunitat Valenciana	1.050,52	977,07	925,19	1.171,97	1.134,10	1.035,30
Extremadura	635,66	821,31	897,46	860,39	1.017,31	825,82
Galicia	923,13	743,18	799,46	756,10	800,53	829,78
Illes Balears	1.386,81	1.239,65	1.651,59	1.332,63	1.260,50	1.367,07
La Rioja	844,23	841,95	963,01	890,31	1.269,91	961,43
Madrid	1.526,63	1.241,87	1.176,34	1.213,39	1.340,45	1.484,50
Principado de Asturias	879,61	826,96	1.029,66	976,36	1.176,23	924,95
Rexión de Murcia	1.012,02	1.170,70	1.307,89	1.209,77	1.615,91	1.106,80
<b>TOTAL</b>	<b>1.260,05</b>	<b>1.092,07</b>	<b>1.064,75</b>	<b>1.053,98</b>	<b>1.107,23</b>	<b>1.181,08</b>
<b>Diferenza Galicia/media</b>	<b>-336,92</b>	<b>-348,89</b>	<b>-265,29</b>	<b>-297,88</b>	<b>-306,70</b>	<b>-351,30</b>

Nos anexos deste informe figura o detalle da comparativa do ingreso por habitante polos diferentes capítulos e artigos do orzamento de gastos.

### Autonomía financeira


A autonomía financeira dos concellos ven determinada pola importancia relativa dos seus propios ingresos (tributos propios e ingresos patrimoniais) sobre o total de ingresos, e apenas supón o 45,57% no conxunto das entidades locais de Galicia, se ben se aprecian comportamentos diferenciados. Así:

- Os concellos presentan un índice de autonomía financeira do 51,93%. Por estratos de poboación, apreciase que a maior poboación, maior é a autonomía financeira, froito dun maior esforzo fiscal esixido á poboación. Así, mentres os concellos de máis de 50.000 habitantes presentan un índice de autonomía financeira do 62,48%, diminúe progresivamente ata quedar reducido ao 36,65% nos concellos de menos de 5.001 habitantes.
- As deputacións provinciais presentan un índice de autonomía financeira do 18,84%.
- O resto de entidades locais, teñen un comportamento dispar, con indicadores de autonomía financeira que oscila entre o 19,73% das mancomunidades ata o 47,02% das ETAIC.

### Cadro 33 Autonomía financeira das entidades locais de Galicia

AUTONOMIA FINANCIERA ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA. EJERCICIO 2012							
ENTIDADE LOCAL	INGRESOS PROPIOS		INGRESOS TRANSFERENCIAS		INGRESOS FINANCIEROS		TOTAL
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	
CONCELLOS	1.194.205.307,37	51,93%	889.127.793,90	38,67%	216.090.439,80	9,40%	2.299.423.541,07
1-Mais de 50.000 habitantes	576.753.118,98	62,48%	291.576.638,58	31,59%	54.711.006,56	5,93%	923.040.764,12
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	163.774.991,90	51,15%	128.174.593,45	40,03%	28.266.085,04	8,83%	320.215.670,39
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	198.944.703,56	48,79%	153.683.850,98	37,69%	55.103.957,68	13,51%	407.732.512,22
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	118.662.756,15	42,81%	124.379.339,96	44,87%	34.162.366,91	12,32%	277.204.463,02
5-Menos de 5.001 habitantes	136.069.736,78	36,65%	191.313.370,93	51,53%	43.847.023,61	11,81%	371.230.131,32
Deputación	94.928.012,84	18,84%	399.351.057,03	79,26%	9.581.435,50	1,90%	503.860.505,37
Mancomunidade	3.559.441,31	19,73%	14.306.707,57	79,28%	178.691,10	0,99%	18.044.839,98
Consortio	20.601.063,94	33,80%	40.287.668,81	66,10%	57.793,18	0,09%	60.946.525,93
ETAIC	496.149,06	47,02%	559.077,98	52,98%	0,00	0,00%	1.055.227,04
<b>TOTAL</b>	<b>1.313.789.974,52</b>	<b>45,57%</b>	<b>1.343.632.305,29</b>	<b>46,60%</b>	<b>225.908.359,58</b>	<b>7,83%</b>	<b>2.883.330.639,39</b>

Gráfico 12 Autonomía financeira das entidades locais de Galicia



A evolución temporal deste indicador de autonomía financeira amosa un progresivo aumento da autonomía financeira dos concellos e deputacións provinciais de Galicia, aumento que é superior á media do conxunto de concellos no caso dos de poboación superior a 50.000 habitantes, mentres que o resto de entidades amosan un comportamento non homoxéneo, alternando aumentos e diminución do indicador.

AUTONOMIA FINANCIERA DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN TEMPORAL				
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	2011	2012
CONCELLOS	39,59%	43,05%	50,98%	51,93%
1-Mais de 50.000 habitantes	50,91%	53,30%	61,71%	62,48%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	37,66%	42,38%	49,69%	51,15%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	38,48%	43,13%	50,43%	48,79%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	28,86%	32,91%	40,34%	42,81%
5-Menos de 5.001 habitantes	24,80%	27,53%	33,25%	36,65%
DEPUTACIÓNS	20,52%	18,31%	18,72%	18,84%
RESTO ENTIDADES	24,33%	22,13%	30,63%	30,80%
Mancomunidade	8,04%	13,27%	20,81%	19,73%
Consorcio	32,06%	25,49%	34,09%	33,80%
ETAIC	68,76%	47,48%	45,23%	47,02%
<b>TOTAL</b>	<b>35,95%</b>	<b>38,07%</b>	<b>44,29%</b>	<b>45,57%</b>

Por último, a comparativa da autonomía financeira das entidades locais de Galicia coas das entidades do resto do Estado reflicte os seguintes resultados:

- Con carácter xeral, os concellos galegos teñen peor índice de autonomía financeira que os seus homólogos do resto do Estado, a excepción feita dos concellos de máis de 50.000 habitantes, que presentan uns índices de autonomía financeira con valor superior á media nacional.
- As deputacións provinciais presentan un índice de autonomía financeira con un valor inferior á media das deputacións do resto do Estado.

### Cadro 34 Comparativa de autonomía financeira coas entidades do resto do Estado

COMPARATIVA AUTONOMÍA FINANCEIRA POR COMUNIDADE AUTÓNOMA							
COMUNIDADE AUTÓNOMA	CONCELLOS. TRAMO DE POBOACIÓN					DEPUTACIÓNS	Total
	1-Mais de 50.000 hab.	2-De 20.001 a 50.000 hab.	3-De 10.001 a 20.000 hab.	4-De 5.001 a 10.000 hab.	5-Menos de 5.001 hab.		
Andalucía	50,67	45,06	45,12	49,14	35,51	16,79	40,58
Aragón	51,16	58,77	64,61	61,28	51,21	20,03	48,53
Canarias	45,32	52,45	51,60	40,12	32,78	0,00	47,12
Cantabria	61,39	66,76	69,40	53,23	59,49	0,00	61,77
Castilla y León	54,11	46,19	59,13	60,25	60,15	20,64	48,02
Castilla-La Mancha	54,50	51,32	53,68	53,65	53,54	18,07	46,67
Cataluña	52,64	62,30	67,66	64,16	56,11	24,64	53,16
Comunitat Valenciana	54,68	58,02	60,40	58,51	50,76	21,04	51,09
Extremadura	60,59	56,15	48,48	46,80	46,84	18,27	44,99
Galicia	62,48	51,15	48,79	42,81	36,65	18,84	45,99
Illes Balears	57,59	61,17	62,74	64,81	49,44	0,00	59,76
La Rioja	71,10	63,01	67,33	67,21	60,76	0,00	66,52
Madrid	52,36	57,38	58,17	49,36	46,64	0,00	52,57
Principado de Asturias	63,09	49,79	50,78	50,56	45,02	0,00	57,28
Rexión de Murcia	61,21	51,67	43,72	47,14	30,20	0,00	54,77
<b>TOTAL</b>	<b>53,32</b>	<b>55,62</b>	<b>57,21</b>	<b>55,24</b>	<b>50,13</b>	<b>19,89</b>	<b>49,80</b>
<b>Diferenza Galicia/media</b>	<b>9,16</b>	<b>-4,47</b>	<b>-8,42</b>	<b>-12,43</b>	<b>-13,48</b>	<b>-1,05</b>	<b>-3,81</b>

## IV.2 ANÁLISE DOS GASTOS. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

### IV.2.1. LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE GASTOS

Os créditos definitivos para gastos do sector local de Galicia, que inclúen as correspondentes modificacións orzamentarias, e que constitúen o importe máximo de gastos autorizados a realizar para a totalidade de entidades integrantes do sector público local de Galicia, ascendían a un total de 3.567.179.623,43 euros. Tendo en conta que as previsións definitivas de ingresos eran de 3.616.535.278,24 euros, resulta que, de xeito agregado, se aprobaron orzamentos con superávit por un importe de 49.355.654,81 euros.

As obrigas recoñecidas ascenderon a 2.686.139.852,46 euros, o que representa un índice de execución do 75,30%.

Pola súa banda a porcentaxe de pagos situouse no 90,00% das obrigas recoñecidas, acadando a cifra de 2.417.459.097,82 euros.

Estas cifras supoñen unha variación do -11,96% respecto dos créditos definitivos do exercicio anterior, do -12,92% respecto das obrigas recoñecidas, e do -10,76% respecto dos pagos no exercicio anterior, tal e como se analiza no epígrafe IV.2.2. deste informe


#### Cadro 35 Liquidación agregada orzamento de gastos

CAPÍTULO	CREDITOS DEFINITIVOS (1)	% EXECUCIÓN (2)/(1)	OBRIGAS RECOÑECIDAS (2)	PESO RELATIVO	PAGOS (3)	% PAGO (3)/(2)
1 Gastos de persoal.	894.688.664,30	88,32%	790.225.489,65	29,42%	783.385.083,14	99,13%
2 Gastos correntes en bens e servizos	1.165.735.135,43	87,03%	1.014.558.936,63	37,77%	854.693.727,35	84,24%
3 Gastos financeiros.	35.347.301,86	78,95%	27.906.824,42	1,04%	26.760.524,60	95,89%
4 Transferencias correntes.	316.442.156,01	78,98%	249.929.796,87	9,30%	217.543.542,48	87,04%
Gastos Operacións Correntes	2.412.213.257,60	86,34%	2.082.621.047,57	77,53%	1.882.382.877,57	90,39%
6 Investimentos reais.	792.624.829,11	44,97%	356.459.246,05	13,27%	305.822.150,53	85,79%
7 Transferencias de capital.	193.053.835,24	45,97%	88.754.496,23	3,30%	80.151.126,90	90,31%
Gastos Operacións Capital	985.678.664,35	45,17%	445.213.742,28	16,57%	385.973.277,43	86,69%
8 Activos financeiros.	10.276.043,39	53,02%	5.447.971,06	0,20%	5.352.673,51	98,25%
9 Pasivos financeiros.	159.011.658,09	96,13%	152.857.091,55	5,69%	143.750.269,31	94,04%
Gastos Operacións Financeiras	169.287.701,48	93,51%	158.305.062,61	5,89%	149.102.942,82	94,19%
<b>TOTAL</b>	<b>3.567.179.623,43</b>	<b>75,30%</b>	<b>2.686.139.852,46</b>	<b>100,00%</b>	<b>2.417.459.097,82</b>	<b>90,00%</b>

### Liquidación agregada por tipo de ente

Do total de obrigas recoñecidas netas que se amosan no cadro anterior, corresponden aos concellos o 77,70% das mesmas (2.087,01 millóns), o 19,32% ás deputacións (519,06 millóns) e ao conxunto de mancomunidades, consorcios e ETAIC o 2,98% (84,23 millóns).

**Gráfico 13** Peso obrigas recoñecidas netas por tipo de entidade local




### Liquidación agregada dos gastos por natureza económica

A análise da execución do orzamento de gastos atendendo a criterios económicos revela que o gasto corrente, suma dos capítulos 1 a 4, absorbe o 77,53% do total do orzamento agregado, e o gasto en investimentos (gasto por operacións de capital) absorbe o 16,57%. O restante 5,89% é gasto financeiro das entidades locais.

Por capítulos, destaca o peso específico dos capítulos 1, 2 e 6 que concentran entre eles o 80,46% do gasto, con porcentaxes do 29,42%, 37,77% e 13,27% respectivamente.



Gráfico 14 Liquidación agregada do orzamento de gastos por capítulos. Porcentaxes



O nivel de execución do orzamento agregado de gastos é do 75,30%, execución inferior ao 79,73% do orzamento de ingresos. Son de destacar os niveis de execución que amosan os capítulos 1 (88,32%) e 9 (96,13%). No resto dos capítulos os niveis de execución son máis baixos, destacando de xeito negativo a escasa execución dos capítulos 6, 7 e 8.

O capítulo 6 de investimentos reais, acada unha execución global do 44,97%. Dentro do mesmo, os conceptos 609 (Outro Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral), 619 (Outro Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral), 622 (Edificios e outras construcións) e 650 (Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos), con pesos relativos dentro do capítulo 6 do 20,51%, 13,96%, 10,89% e 6,27% respectivamente, son os causantes da baixa execución global, ao acadar porcentaxes de execución que oscilan entre o 31,15% e o 58,21%.

O capítulo 7 de transferencias de capital, acada unha execución do 45,97%. Dentro do mesmo, o concepto 762 (Transferencias a entidades locais) no que se reflicten as transferencias das deputacións provinciais aos concellos representa o 44,75% do total do capítulo 7 e é o principal causante da baixa execución global do mesmo, pois presenta un nivel de execución do 40,40%, porcentaxe que pon de manifesto problemas de xestión, ben pola tardía concesión das mesmas, ben por problemas de capacidade de execución por parte dos concellos que as reciben.

## IV.2.2. EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE GASTOS

O cadro seguinte amosa a evolución temporal do orzamento agregado de gastos.

### Cadro 36 Evolución temporal do orzamento de gastos

EVOLUCIÓN TEMPORAL ORZAMENTO DE GASTOS								
CONCEPTO	2009	2010		2011		2012		% Variación Acumulado
	%	Importe	% Variación	Importe	% Variación	Importe	% Variación	
Créditos Definitivos	100,00%	4.580.884.700,27	-3,10%	4.051.875.632,87	-11,55%	3.567.179.623,43	-11,96%	-24,54%
Obrigas Recoñecidas Netas	100,00%	3.242.186.765,64	-3,47%	3.084.519.346,37	-4,86%	2.686.139.852,46	-12,92%	-20,03%
Pagos	100,00%	2.789.288.164,56	-4,26%	2.708.997.068,08	-2,88%	2.417.459.097,82	-10,76%	-17,02%

No seu conxunto o gasto dos entes que conforma o sector local de Galicia, experimentou unha diminución do -11,96% dos créditos definitivos de gasto respecto das cifras do exercicio anterior, cunha caída acumulada do -24,54% dende o exercicio 2009. A nivel de obrigas recoñecidas netas, a diminución anual é do -12,92%, (e caída acumulada do -20,03%), e a nivel de pagos do -10,76% (cunha caída acumulada do -17,02%).

Comparando este axuste do orzamento de gastos co que se produce no orzamento de ingresos, observase que o axuste do orzamento das entidades locais de Galicia se produce con máis intensidade na vertente de gastos que na de ingresos. Así, no exercicio 2012 se intensifica o axuste das obrigas recoñecidas (-12,92%) para acadar unha caída acumulada do -20,03%, mentres que o axuste dos dereitos recoñecidos netos e do -1,08% anual para unha caída acumulada do -16,09%.

### Evolución temporal por natureza económica

Analizando esta evolución temporal por natureza económica, e centrando a análise nas obrigas recoñecidas netas, resulta que o axuste do orzamento de gastos se produce case exclusivamente pola redución do gasto de capital das entidades locais (-41,17% no exercicio para acadar unha caída acumulada do 58,42%), presentando os gastos correntes un elevado grao de rixidez (apenas varían un -4,36% no exercicio e un -4,09% no total acumulado) e incrementándose notablemente os gastos financeiros (5,36% anual para un total acumulado do 35,85%).

### Cadro 37 Evolución temporal do orzamento de gastos por natureza

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE GASTOS. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS								
CONCEPTO	2009	2010		2011		2012		Variación acumulada
	Variación anual	Importe	Variación anual	Importe	Variación anual	Importe	Variación anual	
Gastos Correntes	100,00%	2.162.107.377,93	-0,43%	2.177.461.298,89	0,71%	2.082.621.047,57	-4,36%	-4,09%
Gastos Capital	100,00%	948.489.641,27	-11,42%	756.800.572,42	-20,21%	445.213.742,28	-41,17%	-58,42%
Gastos Financeiros	100,00%	131.589.746,44	12,92%	150.257.475,06	14,19%	158.305.062,61	5,36%	35,85%
<b>TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>3.242.186.765,64</b>	<b>-3,47%</b>	<b>3.084.519.346,37</b>	<b>-4,86%</b>	<b>2.686.139.852,46</b>	<b>-12,92%</b>	<b>-20,03%</b>

Unha análise máis detallada da natureza do gasto permite apreciar que os únicos conceptos de gasto que experimentan un aumento no exercicio son os gastos en bens e servizos (aumento do 2,33% no exercicio e 5,00% no acumulado) e sobre todo o gasto financeiro total, que inclúe o pago de xuros e a amortización de capital (capítulos 3, 8 e 9), que experimenta un aumento do 6,86% no exercicio e do 31,88% no acumulado dende o exercicio 2009.

No resto de conceptos de gasto se produce unha caída do -12,87% no exercicio (-14,61% no acumulado) do custo dos traballadores públicos, motivado polas medidas de recorte de retribucións aprobadas polo goberno de España, e do -44,40% no exercicio (-61,88% no acumulado) nos investimentos das entidades locais.

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTOS DE GASTOS. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS								
CONCEPTO	2009	2010		2011		2012		Variación acumulada
	Variación anual	Importe	Variación anual	Importe	Variación anual	Importe	Variación anual	
Gastos de persoal	100,00%	932.895.383,44	0,81%	906.965.731,34	-2,78%	790.225.489,65	-12,87%	-14,61%
Gastos bens e servizos	100,00%	968.575.905,84	0,24%	991.439.611,78	2,36%	1.014.558.936,63	2,33%	5,00%
Gastos en transferencias	100,00%	373.130.273,35	-4,56%	370.782.674,56	-0,63%	338.684.293,10	-8,66%	-13,37%
Gastos capital	100,00%	818.069.212,89	-12,51%	641.070.151,44	-21,64%	356.459.246,05	-44,40%	-61,88%
Gasto financeiro total	100,00%	149.515.990,12	5,89%	174.261.177,25	16,55%	186.211.887,03	6,86%	31,88%
<b>TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>3.242.186.765,64</b>	<b>-3,47%</b>	<b>3.084.519.346,37</b>	<b>-4,86%</b>	<b>2.686.139.852,46</b>	<b>-12,92%</b>	<b>-20,03%</b>

### Evolución temporal por tipo de ente

A análise da variación temporal do orzamento de gastos por tipo de ente revela que son os concellos as entidades locais máis afectadas polos axustes orzamentarios, e dentro destes, son os concellos de menor tamaño (de entre 5.001 a 10.000 habitantes) os que maiores retrocesos experimentan, tanto en termos anuais como acumulados dende o exercicio 2009.

As deputacións provinciais, pola súa parte, experimentan un dos maiores axustes anuais neste exercicio 2012, para acadar unha diminución acumulada -9,55% das súas obrigas recoñecidas .

No resto de entidades, destacan os retrocesos que experimentan as mancomunidades, con variación anual do -30,43%, para un total acumulado do -30,39%, e as variacións positivas de consorcios e ETAIC, se ben a súa importancia relativa dentro do sector local de Galicia é escasa.

### Cadro 38 Evolución temporal do orzamento de gastos por tipo de ente

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO ORZAMENTO DE GASTOS POR TIPO DE ENTE. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS					
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	2011	2012	% Variación acumulada
	% Variación anual	% Variación anual	% Variación anual	% Variación anual	
CONCELLOS	100,00%	-5,66%	-8,78%	-10,72%	-23,17%
1-Mais de 50.000 habitantes	100,00%	-7,07%	-5,05%	-11,29%	-21,72%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	100,00%	-4,96%	-5,00%	-11,13%	-19,77%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	100,00%	-8,75%	-4,82%	-7,38%	-19,56%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	100,00%	0,09%	-19,97%	-13,85%	-30,99%
5-Menos de 5.001 habitantes	100,00%	-4,37%	-14,75%	-9,97%	-26,60%
DEPUTACIÓNS	100,00%	1,85%	12,61%	-21,13%	-9,55%
RESTO ENTIDADES	100,00%	38,80%	-6,61%	-9,70%	17,05%
Mancomunidade	100,00%	9,62%	-8,73%	-30,43%	-30,39%
Consortorio	100,00%	55,86%	-6,29%	-2,53%	42,37%
ETAIC	100,00%	43,67%	28,59%	43,93%	165,90%
<b>TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>-3,47%</b>	<b>-4,86%</b>	<b>-12,92%</b>	<b>-20,03%</b>

### Comparativa da evolución temporal do orzamento de gastos coas entidades locais do resto do Estado.

Presentase a continuación a liquidación agregada do orzamento de gastos do sector local estatal no se conxunto, para situar en contexto a análise da comparativa da evolución temporal do orzamento de gastos.

LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE GASTOS DO SECTOR LOCAL ESTATAL. EJERCICIO 2012						
CAPÍTULO	CREDITOS DEFINITIVOS (1)	% EXECUCIÓN (2)/(1)	OBRIGAS RECOÑECIDAS (2)	Peso relativo	PAGOS (3)	% Pago (3)/(2)
1 Gastos de persoal.	17.265.366.733,24	89,43%	15.440.990.079,26	30,34%	15.155.243.238,22	98,15%
2 Gastos correntes en bens e servizos.	18.941.883.098,17	87,41%	16.557.315.891,79	32,54%	12.359.240.499,77	74,65%
3 Gastos financeiros.	1.368.971.067,14	88,07%	1.205.663.667,60	2,37%	1.164.284.136,32	96,57%
4 Transferencias correntes.	8.068.637.535,84	89,68%	7.235.608.442,07	14,22%	6.019.834.578,66	83,20%
Gastos Operacións Correntes	45.644.858.434,39	88,60%	40.439.578.080,72	79,46%	34.698.602.452,97	85,80%
6 Investimentos reais.	11.455.133.123,42	42,35%	4851324622	9,53%	3.628.016.431,78	74,78%
7 Transferencias de capital.	2.693.139.952,50	48,24%	1299147343	2,55%	963.110.434,15	74,13%
Gastos Operacións Capital	14.148.273.075,92	43,47%	6.150.471.965,64	12,09%	4.591.126.865,93	74,65%
8 Activos financeiros.	818.298.749,91	86,76%	709.976.023,95	1,40%	693.385.302,86	97,66%
9 Pasivos financeiros.	3.763.214.842,98	95,40%	3.590.096.258,66	7,05%	3.515.780.151,71	97,93%
Gastos Operacións Financeiras	4.581.513.592,89	93,86%	4.300.072.282,61	8,45%	4.209.165.454,57	97,89%
<b>TOTAL</b>	<b>64.374.645.103,20</b>	<b>79,05%</b>	<b>50.890.122.328,97</b>	<b>100,00%</b>	<b>43.498.894.773,47</b>	<b>85,48%</b>

A comparativa da evolución do orzamento de gastos das entidades locais de Galicia coas do resto do Estado amosa os seguintes resultados:

- No exercicio 2012, as entidades locais de Galicia reduciron os seus créditos definitivos e pagos realizados en menor medida que as súas homólogas do resto do Estado, mentres que en termos acumulados dende o exercicio 2009 esas porcentaxes de variación seguen por debaixo da media do conxunto do sector local estatal.

### Cadro 39 Comparativa da evolución anual do orzamento de gastos das entidades locais de Galicia coas do resto do Estado

COMUNIDAD AUTÓNOMA	COMPARATIVA EVOLUCIÓN TEMPORAL ORZAMENTO DE GASTOS					
	CREDITOS DEFINITIVOS		OBRIGAS RECOÑECIDAS		PAGOS	
	Variación anual	Variación acumulada 2009	Variación anual	Variación acumulada 2009	Variación anual	Variación acumulada 2009
- Os concellos de poboación de entre 20.001 e 50.000 habitantes experimentan, no seu conxunto unha variación (-11,20%) lixeiramente superior á variación media do conxunto de concellos de Galicia (-9,94%), producíndose nos concellos deste tramo tanto a maior intensidade do axuste do gasto (concellos de Lalín, cun retroceso do 26,20%), como incrementos notables do gasto (concello de Arteixo, cun incremento do 20,98% anual). Son este concello xunto co de Marín os únicos que en termos acumulados dende o exercicio 2009 experimentaron un incremento do gasto por habitante.

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO GASTO POR HABITANTE. DETALLE CONCELLOS TRAMO 2								
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación acumulada
A Estrada - P3601700B	803,62	724,30	-9,87%	543,68	-24,94%	536,86	-1,25%	-33,19%
Ames - P1500200I	855,20	846,62	-1,00%	838,93	-0,91%	674,03	-19,66%	-21,18%
Arteixo - P1500500B	750,56	784,16	4,48%	757,16	-3,44%	915,99	20,98%	22,04%
Cambre - P1501700G	890,52	803,47	-9,78%	620,48	-22,77%	653,86	5,38%	-26,58%
Cangas - P3600800A	775,45	570,68	-26,41%	564,33	-1,11%	549,49	-2,63%	-29,14%
Carballo - P1501900C	825,82	846,36	2,49%	737,29	-12,89%	601,95	-18,36%	-27,11%
Culleredo - P1503100H	1.030,38	764,49	-25,81%	862,09	12,77%	749,40	-13,07%	-27,27%
Lalín - P3602400H	926,61	978,63	5,61%	941,47	-3,80%	691,02	-26,60%	-25,42%
Marín - P3602600C	--	523,69	--	561,89	7,29%	538,23	-4,21%	2,78%
Narón - P1505500G	1.133,24	954,69	-15,76%	889,60	-6,82%	739,35	-16,89%	-34,76%
Oleiros - P1505900I	1.021,37	901,04	-11,78%	774,98	-13,99%	647,50	-16,45%	-36,60%
Ponteareas - P3604200J	643,08	623,96	-2,97%	526,39	-15,64%	477,55	-9,28%	-25,74%
Redondoa - P3604500C	719,54	730,01	1,46%	630,19	-13,67%	535,33	-15,05%	-25,60%
Ribeira - P1507400H	972,12	774,31	-20,35%	818,67	5,73%	738,19	-9,83%	-24,06%
Vilagarcía de Arousa - P3606000B	920,66	818,55	-11,09%	849,91	3,83%	683,65	-19,56%	-25,74%
<b>TOTAL</b>	<b>833,01</b>	<b>784,65</b>	<b>-5,81%</b>	<b>739,66</b>	<b>-5,73%</b>	<b>656,85</b>	<b>-11,20%</b>	<b>-21,15%</b>

- No resto de concellos o comportamento e dispar se se analiza por provincias, sendo A Coruña a única provincia na que o gasto por habitante cae por encima da media. O maior gasto por habitante se produce nos concellos de Lugo, e o menor nos de Pontevedra.

EVOLUCIÓN TEMPORAL DO GASTO POR HABITANTE. DETALLE CONCELLOS TRAMOS 3 a 5								
ENTIDADE LOCAL	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación acumulada
A Coruña	955,81	971,69	1,66%	823,29	-15,27%	719,40	-12,62%	-24,73%
Lugo	947,11	878,58	-7,24%	847,81	-3,50%	784,70	-7,44%	-17,15%
Ourense	964,44	864,42	-10,37%	725,88	-16,03%	711,63	-1,96%	-26,21%
Pontevedra	881,19	786,99	-10,69%	685,55	-12,89%	638,58	-6,85%	-27,53%
<b>TOTAL</b>	<b>934,66</b>	<b>883,06</b>	<b>-5,52%</b>	<b>771,65</b>	<b>-12,62%</b>	<b>706,64</b>	<b>-8,42%</b>	<b>-24,40%</b>

### Comparativa coas entidades do resto do Estado

Finalmente, se se comparan coas cifras que se presentan nos concellos do resto do Estado, apreciase como a media do gasto por habitante nas entidades locais de Galicia, é o segundo máis baixo de todas as entidades locais do conxunto das comunidades autónomas, inferior á media en 252,83 euros por habitante. No exercicio 2012, este gasto experimentou unha contracción do -9,94%, superior ao axuste medio que se produce no conxunto do Estado. (-7,77%), circunstancia que se repite se a análise se efectúa en termos acumulados dende o exercicio 2009.

### Cadro 58 Comparativa do gasto por habitante coas entidades do resto do Estado

COMPARATIVA GASTO POR HABITANTE POR COMUNIDADE AUTÓNOMA.								
COMUNIDAD AUTÓNOMA	2009	2010	Variación anual	2011	Variación anual	2012	Variación anual	Variación acumulada
Andalucía	1.285,70	1.168,26	-9,13%	1.086,64	-6,99%	998,13	-8,15%	-22,37%
Aragón	1.431,35	1.270,18	-11,26%	1.115,29	-12,19%	1.092,02	-2,09%	-23,71%
Canarias	1.167,86	1.096,14	-6,14%	1.043,52	-4,80%	1.005,74	-3,62%	-13,88%
Cantabria	1.175,01	1.064,57	-9,40%	966,90	-9,17%	898,86	-7,04%	-23,50%
Castilla y León	1.187,01	1.094,54	-7,79%	972,55	-11,15%	883,09	-9,20%	-25,60%
Castilla-La Mancha	1.227,38	1.129,17	-8,00%	944,75	-16,33%	818,33	-13,38%	-33,33%
Cataluña	1.535,36	1.451,16	-5,48%	1.317,06	-9,24%	1.197,49	-9,08%	-22,01%
Comunitat Valenciana	1.177,35	1.097,59	-6,77%	939,11	-14,44%	889,24	-5,31%	-24,47%
Extremadura	1.141,07	1.054,93	-7,55%	945,59	-10,36%	731,10	-22,68%	-35,93%
Galicia	977,15	916,04	-6,25%	836,26	-8,71%	753,12	-9,94%	-22,93%
Illes Balears	1.427,50	1.342,19	-5,98%	1.188,33	-11,46%	1.113,24	-6,32%	-22,01%
La Rioja	1.268,44	1.162,90	-8,32%	1.030,25	-11,41%	876,36	-14,94%	-30,91%
Madrid	1.388,59	1.394,55	0,43%	1.235,20	-11,43%	1.180,52	-4,43%	-14,98%
Principado de Asturias	1.168,98	1.076,42	-7,92%	940,16	-12,66%	865,51	-7,94%	-25,96%
Rexión de Murcia	1.250,13	1.134,97	-9,21%	981,20	-13,55%	865,92	-11,75%	-30,73%
Media	1.295,36	1.218,91	-5,90%	1.090,67	-10,52%	1.005,95	-7,77%	-22,34%
<b>Diferenza Galicia/media</b>	<b>-318,21</b>	<b>-302,87</b>	<b>-0,35%</b>	<b>-254,41</b>	<b>1,81%</b>	<b>-252,83</b>	<b>-2,17%</b>	<b>-0,58%</b>

Nos anexos deste informe atópase o detalle da comparativa do gasto por habitante polos diferentes capítulos e artigos do orzamento do gasto.

### Clasificación funcional do gasto das entidades locais

Todas as entidades locais de Galicia realizan o maior gasto (35,03% do mesmo) na produción de servizos públicos básicos (Área de gasto 1), que inclúe gastos en seguridade e mobilidade cidadán (política de gasto 13), vivenda e urbanismo (política de gasto 15), benestar comunitario (política de gasto 16, incluíndo os grupos de programas 161 servizos de saneamento, 162 recollida, tratamento do lixo, 163 limpeza viaria, 164 servizos funerarios, 165 alumado público e 169 outros servizos de benestar comunitario) e medio ambiente (política de gasto 17).

A única área de gasto que experimenta un crecemento é a área de débeda pública, cun incremento anual do 7,56% e acumulado dende o exercicio 2009 do 28,09%.

Igualmente, observase a redistribución das áreas de gasto, incrementando a súa importancia relativa aa área de débeda pública (23,52% anual e 54,61% acumulado), servizos públicos básicos (4,81% anual e 2,11% acumulado), e actuacións de carácter xeral (3,32% anual e 12,39% acumulado), en detrimento do resto de áreas de gasto, sendo as que maiores retrocesos experimentan as de actuacións de protección e promoción social e actuacións de carácter económico.

### Cadro 59 Áreas de gasto das entidades locais de Galicia

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DO GASTO. ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA. EJERCICIO 2012						
ÁREA DE GASTO	2012	PESO RELATIVO	VARIACION PESO RELATIVO		VARIACION IMPORTE	
			Anual	Acumulado	Anual	Acumulado
0 Débeda Pública.	176.559.789,16	6,57%	23,52%	54,61%	7,56%	28,09%
1 Servizos Públicos Básicos	940.930.125,59	35,03%	4,81%	2,11%	-8,73%	-15,40%
2 Actuacións de protección e promoción social.	278.086.493,60	10,35%	-11,22%	-12,56%	-22,69%	-27,56%
3 Producción de bens públicos de carácter preferente.	438.043.576,40	16,31%	-5,07%	-11,24%	-17,33%	-26,46%
4 Actuacións de carácter económico.	315.862.955,24	11,76%	-10,10%	-12,61%	-21,71%	-27,60%
9 Actuacións de carácter xeral.	536.656.912,47	19,98%	3,32%	12,39%	-10,03%	-6,89%
<b>TOTAL</b>	<b>2.686.139.852,46</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00%</b>	<b>0,00%</b>	<b>-12,92%</b>	<b>-17,15%</b>

Centrando a análise nos concellos por estratos de poboación, o gasto medio por habitante nos concellos presenta a seguinte composición, atendendo a súa finalidade.

### Cadro 60 Áreas de gasto local por estratos de poboación

ÁREAS DE GASTO POR ESTRATO POBOACIONAL. EXERCICIO 2012							
ÁREA DE GASTO	1-Mais de 50.000 hab.	2-De 20.001 a 50.000 hab.	3-De 10.001 a 20.000 hab.	4-De 5.001 a 10.000 hab.	5-Menos de 5.001 hab.	TOTAL	%
0 Débeda Pública.	54,53	45,85	43,32	36,68	28,37	44,67	5,93%
1 Servizos Públicos Básicos	373,56	273,40	279,60	246,38	264,01	305,79	40,60%
2 Actuacións de protección e promoción social.	80,18	67,40	82,77	82,08	94,74	81,34	10,80%
3 Produción de bens públicos de carácter preferente.	146,93	123,84	114,33	110,09	98,94	124,58	16,54%
4 Actuacións de carácter económico.	64,52	31,80	43,83	59,74	85,44	58,11	7,72%
9 Actuacións de carácter xeral.	137,20	117,27	140,26	144,40	183,68	143,40	19,04%
<b>TOTAL</b>	<b>856,93</b>	<b>656,85</b>	<b>704,12</b>	<b>678,36</b>	<b>731,76</b>	<b>753,12</b>	<b>100,00%</b>

De ónde se deduce que, do total de gasto por habitante das entidades locais de Galicia, o 40,60% do mesmo se dedica a sufragar o custo dos servizos públicos básicos, que ascende a 305,79 €/hab. As actuacións de carácter xeral absorben o 19,04% do gasto, cun custo por habitante de 143,40 euros., seguidas en importancia pola produción de bens públicos de carácter preferente e as actuacións de carácter social (con custos por habitante de 124,58 € e 81,34 €). As actuacións de carácter económico supoñen un custo de 58,11 euros por habitante, e o custo da débeda pública ascende a 44,67 euros por habitante.

#### Comparativa coas entidades do resto do Estado

O custo por habitante das entidades locais de Galicia é inferior ao custo medio que se produce no conxunto do Estado en -252,79 €/hab.(753,12 €/hab. en Galicia fronte a 1.005,91 €/hab.de media no conxunto do Estado).

Isto supón que o custo total do sector local de Galicia supón un custo inferior nun 25,13% ao custo que por termo medio se produce no conxunto do Estado, sendo significativamente máis baixo na área de gasto da débeda público (área 0) e na de actuacións de carácter xeral. O custo dos servizos públicos básicos (área 1) e inferior á media nacional nun -21,41%.

### Cadro 61 Funcións do gasto local. Comparativa coas entidades do resto do Estado

ÁREAS DE GASTO . COMPARATIVA DAS ENTIDADES LOCAIS DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS							
COMUNIDADE AUTÓNOMA	0	1	2	3	4	9	Total
Andalucía	72,99	404,65	123,04	126,00	64,86	206,58	998,11
Aragón	89,48	252,38	73,70	172,09	93,96	410,40	1.092,02
Canarias	82,94	419,48	107,22	135,41	74,34	186,35	1.005,74
Cantabria	58,42	363,28	80,45	144,65	77,36	174,71	898,86
Castilla y León	65,11	315,85	71,19	150,60	64,54	215,80	883,08
Castilla-La Mancha	60,26	282,25	99,59	148,18	42,17	185,86	818,33
Cataluña	99,76	450,69	112,49	217,32	66,66	250,56	1.197,47
Comunitat Valenciana	99,52	353,69	82,18	140,76	49,24	163,68	889,06
Extremadura	45,14	240,82	119,57	100,63	47,23	177,71	731,10
Galicia	43,35	303,94	81,25	123,89	57,30	143,40	753,12
Illes Balears	96,45	477,71	85,86	199,55	69,58	184,09	1.113,24
La Rioja	63,81	298,68	102,10	174,55	55,46	181,74	876,36
Madrid	190,74	474,18	106,55	159,37	52,41	197,22	1.180,46
Principado de Asturias	66,76	288,33	112,42	172,85	75,18	149,96	865,51
Rexión de Murcia	76,74	369,81	80,26	129,85	39,52	169,74	865,92
Media	97,09	386,77	100,07	157,78	60,26	203,94	1.005,91
Diferenza Galicia/media	-53,74	-82,82	-18,83	-33,89	-2,96	-60,55	-252,79
Diferenza porcentual	-55,35%	-21,41%	-18,81%	-21,48%	-4,91%	-29,69%	-25,13%

## IV.3 ANÁLISE DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

Unha vez analizada a liquidación de ingresos e gastos, procede neste bloque estudar as magnitudes orzamentarias máis relevantes do sector público local de Galicia, considerando como tales: Resultado orzamentario, Remanente de tesourería; Aforro bruto e neto e endebedamento.

### IV.3.1. RESULTADO ORZAMENTARIO

Considerando conxuntamente a execución dos gastos e ingresos obtense o resultado orzamentario, que pon de manifesto en qué medida os recursos orzamentarios do exercicio foron suficientes para financiar os gastos orzamentarios do exercicio. O resultado orzamentario axustado ascendeu a 396.807.228,95 euros, o que supón un incremento do 94,24% respecto ao resultado do exercicio anterior.

Nos anexos deste informe figuran os resultados orzamentarios agregados para cada tipo de entidade local.

## Cadro 62 Resultado orzamentario agregado das entidades locais de Galicia

CONCEPTO	2012				2011		
	DRN	ORN	AXUSTES	IMPORTE	AXUSTES	IMPORTES	VARIACIÓN
Operacións correntes	2.489.882.944,86	2.082.621.047,57	0,00	407.261.897,29	0,00	348.086.560,47	17,00%
Outras operacións non financeiras	167.539.334,95	445.213.742,28	0,00	-277.674.407,33	0,00	-508.823.560,50	-45,43%
Total operacións non financeiras	2.657.422.279,81	2.527.834.789,85	0,00	129.587.489,96	0,00	-160.737.000,03	-180,62%
Activos financeiros	6.046.768,80	5.447.971,06	0,00	598.797,74	0,00	572.011,82	4,68%
Pasivos financeiros	219.861.590,78	152.857.091,55	0,00	67.004.499,23	0,00	-9.718.207,31	-789,47%
Resultado Orzamentario exercicio	2.883.330.639,39	2.686.139.852,46	0,00	197.190.786,93	0,00	-169.883.195,52	-216,07%
Créditos gastados remanente de tesourería	0,00	0,00	196.201.849,62		284.941.464,20	0,00	-31,14%
Desviacións negativas financiamento	0,00	0,00	131.854.576,70		238.264.909,45	0,00	-44,66%
Desviacións positivas financiamento	0,00	0,00	128.439.984,30		149.057.864,91	0,00	-13,83%
Resultado Orzamentario axustado	399.310.172,88	370.025.532,83	199.671.036,08	396.807.228,95	374.148.508,74	204.271.768,22	94,25%
CONCELLOS				281.852.165,38		109.229.746,26	158,04%
1-Máis de 50.000 habitantes				101.419.986,88		57.573.658,75	76,16%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes				43.405.672,95		23.964.227,26	81,13%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes				43.207.546,22		7.904.406,37	446,63%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes				34.794.808,78		6.365.710,57	446,60%
5-Menos de 5.001 habitantes				59.024.150,55		13.421.743,31	339,77%
DEPUTACIÓNS				111.249.281,79		94.835.110,12	17,31%
RESTO ENTIDADES				3.705.781,78		400.513.010,73	-99,07%
Mancomunidade				1.265.703,69		656.193,51	92,89%
Consortio				2.948.292,87		-816.917,00	-460,90%
Entidade Local Menor				-508.214,78		367.635,33	-238,24%

O resultado orzamentario do exercicio obtense de agregar ao resultado das operacións non financeiras a variación neta dos activos e pasivos financeiros. O seu valor positivo por importe de 197.190.786,93 euros pon de manifesto un superávit de financiamento, e polo tanto un incremento neto por operacións orzamentarias do remanente de tesourería:

- O resultado das operacións non financeiras, que se obtén de comparar os ingresos e gastos dos capítulos 1 a 7 do orzamento. O seu valor positivo por importe de 129.587.489,96 euros pon de manifesto, que os recursos orzamentarios son suficientes para financiar os gastos orzamentarios.
- Variación netas de activos e pasivos financeiros orzamentarios, resultante de comparar os ingresos e gastos de activos e pasivos financeiros. O seu valor positivo indica que os dereitos liquidados pola subscrición de operacións financeiras foron superiores ás obrigas recoñecidas por amortización das mesmas e que, polo tanto, o endebedamento orzamentario, en termos netos, aumentou.



O Resultado orzamentario axustado, é a cantidade que resulta despois de practicar sobre o resultado orzamentario os seguintes axustes:

- Importe das obrigas financiadas con remanente de tesourería (+), xa que supón o consumo de recursos xerados polo sector local en exercicios anteriores (196.201.849,62 euros).
- Desviacións de financiamento positivas (-) en gastos con financiamento afectado, por ser superiores os ingresos aos que deberían terse producido en función do gasto efectivamente realizado e financiado con recursos afectados (131.854.576,70 euros).
- Desviación de financiamento negativas (+), por ser os ingresos orzamentarios relativos a recursos afectados inferiores aos que deberían terse producido en función do gasto efectivamente realizado (128.439.984,30 euros).

Como resultado de todas estas operacións, no exercicio 2012 prodúcese un superávit orzamentario axustado de 396.807.228,95 euros, que supón un incremento do 94,25% respecto ao resultado do exercicio 2011 (204.271.768,22 euros).

Porén, á hora de valorar os datos do resultado orzamentario deben terse en conta as seguintes circunstancias:

- No exercicio 2012 o resultado derivado da totalidade das operacións non financeiras é de 129.587.489,96 euros fronte ao déficit de -160.737.000,03 euros do exercicio 2011. Estes mellores resultados débense á mellora do resultado das operacións corrente (mellora do 17%) e á redución do déficit por operacións de capital (-45,43% respecto ao exercicio anterior).
- O resultado orzamentario do exercicio pasa de valores negativos do exercicio anterior a un superávit de 197.190.786,93, a pesar do cal o endebedamento orzamentario aumenta en termos netos na contía de 67.004.499,23 euros.
- Financiáronse créditos con remanente de tesourería por importe de 196.201.849,62 euros, diminuindo nun 31,14% (88.739.614,58 euros) con relación ao exercicio 2011.

A análise do saldo de operacións non financeiras por tipo de entidade e tramo de poboación revela que son fundamentalmente os concellos de máis de 5.000 habitantes e as deputacións as causantes da notable melloría do saldo non financeiro, sendo os concellos de menor poboación os únicos que deben compensar o seu déficit cun incremento dos recursos financeiros do exercicio (endebedamento e/ou remanente de tesourería).

## Cadro 63 Saldo por operacións non financeiras

SALDO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS EXERCICIO 2012						
ENTIDADE LOCAL	2012				2011	VARIACIÓN ANUAL
	INGRESOS NON FINANCEIROS (1)	GASTOS NON FINANCEIROS (2)	SALDO NON FINANCEIRO (3)	% (3)/(1)	SALDO NON FINANCEIRO	
CONCELLOS	2.083.333.101,27	1.984.521.475,40	98.811.625,87	4,74%	-52.391.969,39	-288,60%
1-Mais de 50.000 habitantes	868.329.757,56	808.410.983,81	59.918.773,75	6,90%	-18.317.034,82	-427,12%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	291.949.585,35	267.055.369,75	24.894.215,60	8,53%	-17.930.425,97	-238,84%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	352.628.554,54	340.662.839,17	11.965.715,37	3,39%	-11.128.571,93	-207,52%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	243.042.096,11	238.192.833,68	4.849.262,43	2,00%	-996.499,12	-586,63%
5-Menos de 5.001 habitantes	327.383.107,71	330.199.448,99	-2.816.341,28	-0,86%	-4.019.437,55	-29,93%
DEPUTACIÓNS	494.279.069,87	463.570.881,03	30.708.188,84	6,21%	-111.876.243,94	-127,45%
RESTO ENTIDADES	79.810.108,67	79.742.433,42	67.675,25	0,08%	3.298.694,66	-97,95%
Mancomunidades	17.866.148,88	17.222.288,35	643.860,53	3,60%	-522.896,68	-223,13%
Consortios	60.888.732,75	60.566.162,26	322.570,49	0,53%	4.302.886,34	-92,50%
ETAIC	1.055.227,04	1.953.982,81	-898.755,77	-85,17%	-481.295,00	86,74%
<b>TOTAL</b>	<b>2.657.422.279,81</b>	<b>2.527.834.789,85</b>	<b>129.587.489,96</b>	<b>4,88%</b>	<b>-160.969.518,67</b>	<b>-180,50%</b>

A análise máis detallada dos resultados individuais obtidos polas entidades locais indica que 125 entidades locais galegas (34,25%) presentan un saldo por operacións non financeiras negativo. Ese número global desagregase en 110 concellos, 1 deputación e outras 14 entidades.

Analizando os concellos por tramos de poboación, resulta que son os concellos de menor poboación os que peor ratio (39,11% do total), diminuíndo o mesmo a medida que aumenta o tamaño de poboación, ata o valor cero nos concellos máis grandes.

## Cadro 64 Saldo por operacións non financeiras negativo por tramos de poboación

ENTIDADES CON SALDO NON FINANCEIRO NEGATIVO			
ENTIDADE LOCAL	Nº TOTAL	Nº CON SALDO NEGATIVO	%
CONCELLOS	314	110	35,03%
1-Mais de 50.000 habitantes	7	0	0,00%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	3	20,00%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	36	10	27,78%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	54	18	33,33%
5-Menos de 5.001 habitantes	202	79	39,11%
DEPUTACIÓNS	4	1	25,00%
RESTO ENTIDADES	47	14	29,79%
Mancomunidades	23	5	21,74%
Consortios	18	7	38,89%
ETAIC	6	2	33,33%
<b>TOTAL</b>	<b>365</b>	<b>125</b>	<b>34,25%</b>

A relación completa de concellos que presentan un saldo por operacións non financeiras negativo figura nos anexos deste informe, sendo as tres peores entidades por tipo e tramo de poboación as seguintes:

#### Cadro 65 Detalle de entidades con saldo non financeiro negativo

ENTIDADE LOCAL	NOME	INGRESOS NON FINANCEIROS	GASTOS NON FINANCEIROS	SALDO NON FINANCEIRO	%
2-De 20.001 a 50.000 hab	Cangas - P3600800A	12.175.684,73	13.814.557,18	-1.638.872,45	-13,46%
2-De 20.001 a 50.000 hab	Marín - P3602600C	13.130.529,90	13.189.047,03	-58.517,13	-0,45%
2-De 20.001 a 50.000 hab	Redondoa - P3604500C	14.858.614,18	14.862.434,60	-3.820,42	-0,03%
3-De 10.001 a 20.000 hab	Viveiro - P2706700H	12.170.398,68	19.920.035,42	-7.749.636,74	-63,68%
3-De 10.001 a 20.000 hab	Vilanova de Arousa - P3606100J	4.879.406,53	6.418.143,60	-1.538.737,07	-31,54%
3-De 10.001 a 20.000 hab	Sarria - P2705700I	9.001.799,70	10.591.213,27	-1.589.413,57	-17,66%
4-De 5.001 a 10.000 hab	Cospeito - P2701500G	2.655.360,42	4.052.987,43	-1.397.627,01	-52,63%
4-De 5.001 a 10.000 hab	Ponteceso - P1506900H	3.445.723,35	4.805.574,67	-1.359.851,32	-39,46%
4-De 5.001 a 10.000 hab	Ribadavia - P3207000E	4.090.161,00	4.894.697,84	-804.536,84	-19,67%
5-Menos de 5.001 hab	Porqueira - P3206300J	757.124,46	1.417.587,58	-660.463,12	-87,23%
5-Menos de 5.001 hab	Xunqueira de Espadañedo - P3203800B	605.076,31	1.071.581,50	-466.505,19	-77,10%
5-Menos de 5.001 hab	Catoira - P3601000G	2.914.216,57	4.906.370,62	-1.992.154,05	-68,36%
DEPUTACIÓNS	Lugo - P2700000I	89.248.247,19	91.924.218,01	-2.675.970,82	-3,00%
MANCOMUNIDADES	Turística Mun. Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro - P3200017F	19.453,01	38.617,46	-19.164,45	-98,52%
MANCOMUNIDADES	Concellos do Val Miñor - P8605705F	395.391,84	581.735,99	-186.344,15	-47,13%
MANCOMUNIDADES	Area Intermunicipal Vigo - P8605704I	429.751,29	508.025,29	-78.274,00	-18,21%
CONSORCIOS	Turismo e Congresos de A Coruña - Q6550029J	1.983.208,05	2.325.174,40	-341.966,35	-17,24%
CONSORCIOS	Cidade de Santiago - V15392319	10.478.291,43	11.984.400,97	-1.506.109,54	-14,37%
CONSORCIOS	Casco Vello de Vigo - G36958544	4.081.354,27	4.474.001,38	-392.647,11	-9,62%
ETAIC	Bembrive - P3600009I	767.162,88	1.700.814,46	-933.651,58	-121,70%
ETAIC	Queimadolos - P3600003B	13.119,93	20.088,00	-6.968,07	-53,11%

Finalmente, para unha correcta valoración do resultado orzamentario, derivado da Conta Xeral deben terse en conta as seguintes circunstancias:

- Consolidación. Os datos que se presentan son a agregación dos resultados orzamentarios dos concellos cos seus organismos autónomos dependentes, pero non das sociedades mercantís. O resultado orzamentario axustado de cada entidade (concellos e organismos autónomos) concilia coas liquidacións presentadas na Conta Xeral. Porén, o financiamento das unidades non consolidadas a través, fundamentalmente, de transferencias internas concedidas polas entidades locais recomenda a presentación de información consolidada que permita coñecer o resultado global do orzamento

xestionado polo sector local.

- Desviacións de financiamento. Non consta a existencia dun sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado.
- Gasto desprazado e obrigas pendentes de imputar ao orzamento. O resultado orzamentario declarado na Conta Xeral de cada entidade local está afectado polo desprazamento temporal de determinadas obrigas de gasto. O principio de anualidade orzamentaria esixe a imputación ao exercicio orzamentario das obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestación de servizos e demais gastos realizados no ano natural. Non obstante, a normativa admite unha serie de supostos nos que é posible imputar ao exercicio corrente obrigas xeradas en exercicios anteriores. Nestes supostos, nos que unha obriga é esixible nun exercicio e, porén, o seu rexistro orzamentario ten lugar nun exercicio anterior ou posterior, prodúcese un desprazamento do gasto que altera a contía do resultado orzamentario, sendo preciso efectuar o axuste correspondente para que esta magnitude reflicta o seu verdadeiro significado<sup>5</sup>.

Atendendo a esta circunstancia, e a efectos de dar cumprimento ao principio de anualidade debería aumentarse o resultado do exercicio 2012 no importe das operacións de recoñecemento de obrigas levadas a cabo no exercicio (por corresponder a gastos de exercicios anteriores) e diminuírse o resultado do exercicio 2012 no importe dos recoñecementos de 2013, por tratarse de gasto desprazado de 2012. Por non estar dispoñibles os resultados dos recoñecementos levados a cabo no exercicio 2013, non se pode cuantificar este efecto neto sobre o resultado.

- Estabilidade orzamentaria: Resultado do exercicio en termos de contabilidade nacional. A Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria (modificada pola Lei 15/2006 e posteriormente refundida nun texto aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007) e a Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria daquela, introducen o principio de estabilidade orzamentaria na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos. De acordo con esta lexislación, as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus entes e organismos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente a través de ingresos comerciais están obrigados a acadar unha situación de equilibrio ou superávit, computado, ao longo do ciclo, en termos de capacidade de financiamento, de acordo co sistema Europeo de Contas Nacionais e

---

<sup>5</sup> O motivo fundamental que produce esta situación é a insuficiencia de crédito no exercicio de orixe, o que impide o recoñecemento da obriga e orixina a non contabilización. Esta insuficiencia dá lugar á omisión do trámite de fiscalización previa polo que o gasto debe ser obxecto de validación polo Pleno da Corporación Local, imputándose ao exercicio da validación independentemente de cando se xerese a obriga.

Rexionais. Esta magnitude presenta notas en común co resultado orzamentario analizado anteriormente, se ben cómpre ter en conta dúas diferenzas fundamentais:

- En primeiro lugar, o perímetro de cálculo. Así, mentres que no resultado orzamentario se inclúe unicamente á entidade local, o resultado SEC ten que incluír, non solo aos organismos autónomos senón tamén a todas as sociedades, entes e fundacións controladas pola entidade local e que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais.
- En segundo lugar, o criterio de recoñecemento e imputación de ingresos e gastos no sistema europeo de contas difire, nalgúns casos, dos criterios orzamentarios, polo que é necesario efectuar unha serie de axustes sobre os que xa se fixo un resumo no epígrafe correspondente deste informe.

### IV.3.2. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería representa a situación de financiamento acumulada a 31 de decembro de 2012, magnitude que se obtén pola diferenza entre os dereitos recoñecidos netos pendentes de cobro a curto prazo, e os fondos líquidos ou dispoñibles por unha banda, e as obrigas certas recoñecidas netas e pendentes de pago a curto prazo pola outra.

Na táboa seguinte detállanse os compoñentes que integran o remanente de tesourería total do sector público local de Galicia.

#### Cadro 66 Remanente de tesourería das entidades locais de Galicia

REMANENTE DE TESOURERÍA AGREGADO. EXERCICIO 2012			
CONCEPTO	2012	2011	VARIACIÓN
1. (+) Fondos líquidos	851.830.387,00	863.351.383,98	-1,33%
2. (+) Dereitos pendentes cobro	948.144.287,60	1.006.468.858,28	-5,79%
(+) Do orzamento corrente	291.691.358,29	316.124.751,38	-7,73%
(+) Dos orzamentos pechados	522.501.558,55	583.389.928,14	-10,44%
(+) Das operacións non orzamentarias	182.383.016,34	169.554.524,56	7,57%
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	48.431.645,58	62.600.345,80	-22,63%
3. (-) Obrigas pendentes de pago	647.703.086,71	828.257.592,24	-21,80%
(+)Do orzamento corrente	269.486.814,20	376.579.143,04	-28,44%
(+) Dos orzamentos pechados	73.906.777,71	143.423.576,30	-48,47%
(+) Das operacións non orzamentarias	324.666.435,40	327.350.346,74	-0,82%
(-) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	20.356.940,60	19.095.473,84	6,61%
<b>(I) Remanente de tesourería total (1+2-3)</b>	<b>1.152.271.587,89</b>	<b>1.041.562.650,02</b>	<b>10,63%</b>
(II) Saldos de dubidoso cobro	377.927.801,03	380.837.323,18	-0,76%
(III) Exceso de financiamento afectado	137.126.402,97	181.432.343,82	-24,42%
(IV) Remanente de tesourería para gastos xerais	637.217.383,89	479.400.498,49	32,92%
(-) Axuste por obrigas vencidas e esixibles non imputadas	42.191.993,37	83.356.713,88	-49,38%
(IV) Remanente tesourería para gastos xerais axustado	595.025.390,52	396.043.784,61	50,24%

O remanente total de tesourería ascende a 31 de decembro de 2012 a 1.152.271.587,89 euros, un 10,63% máis que o remanente total existente no exercicio 2011. O remanente de tesourería para gastos xerais aumenta nun 50,24% (595.025.390,25 euros) se o comparamos co exercicio de 2011, debido á diminución dos saldos de dubidoso cobro (-0,76%) e dos excesos de financiamento afectado (desviacións positivas de financiamento nun -24,42%), así como polo menor importe do axuste que se practica polo Consello de Contas para reflectir o importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento.

Apreciase tamén unha diminución tanto dos fondos líquidos (-1,33%) como dereitos pendentes de cobro (-5,79%) e das obrigas pendentes de pagamento (-21,80%), que explican a variación global do remanente de tesourería.

Finalmente, destacar que o remanente de tesourería pode estar distorsionado e non reflectir a súa imaxe fiel debido aos seguintes motivos:

- En relación aos dereitos pendentes de cobro debe terse en conta que o 55,11% dos mesmos son de exercicios pechados, polo que se a xestión recadatoria non impide que tales dereitos gañen a prescrición, os mesmos pasarán a engrosar o epígrafe de saldos de dubidoso cobro e a diminuír o remanente de tesourería na mesma contía. Os saldos de dubidoso cobro representan o 72,33% dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados.
- Existencia de pagos pendentes de aplicación incluídos na conta 555 "Pagos pendentes de aplicación". A instrución de contabilidade de 2004 inclúe para o cálculo do remanente de tesourería os pagos pendentes de aplicación en todo caso, minorando as obrigas pendentes de pago, cando deberan computarse só no suposto de que se correspondan con obrigas pendentes de pago computadas no remanente. No caso contrario, os pagos realizados sen consignación orzamentaria restarían das obrigas pendentes de pago e polo tanto distorsionarían o remanente de tesourería.
- Existencia de obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento. Estas obrigas se recollen na conta 413, e ascenden a un importe total de 42.191.993,37 euros, cunha diminución do -49,38% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior, motivada polo acollemento das entidades locais de Galicia ao mecanismo de financiamento para o pago a provedores regulado no Real Decreto 4/2012, do 24 de febreiro. Esta contía debe ser minorada do remanente de tesourería para gastos xerais.

## Cadro 67 Remanente de tesourería das entidades locais de Galicia por tramos de poboación

REMANANTE DE TESOURERÍA AGREGADO POR TIPO ENTE EXERCICIO 2012								
ENTIDADE LOCAL	2012				2011			
	RT	AXUSTES	RT AXUSTADO	%	RT	AXUSTES	RT AXUSTADO	%
CONCELLOS	337.776.392,20	41.222.165,10	296.554.227,10	49,84%	173.151.905,04	80.358.313,96	92.793.591,08	23,43%
1-Máis de 50.000 hab.	178.720.722,57	14.984.322,07	163.736.400,50	27,52%	149.373.323,05	18.390.056,18	130.983.266,87	33,07%
2-De 20.001 a 50.000 hab.	31.102.926,89	4.872.515,73	26.230.411,16	4,41%	-7.945.814,40	13.601.986,55	-21.547.800,95	-5,44%
3-De 10.001 a 20.000 habit.	29.285.784,82	8.409.004,71	20.876.780,11	3,51%	-14.919.406,01	20.133.325,06	-35.052.731,07	-8,85%
4-De 5.001 a 10.000 hab.	22.244.187,59	7.436.306,89	14.807.880,70	2,49%	188.464,77	17.417.997,11	-17.229.532,34	-4,35%
5-Menos de 5.001 hab.	76.422.770,33	5.520.015,70	70.902.754,63	11,92%	46.455.337,63	10.814.949,06	35.640.388,57	9,00%
DEPUTACIÓNS	275.420.685,12	600.645,42	274.820.039,70	46,19%	277.990.893,02	2.176.325,44	275.814.567,58	69,64%
RESTO ENTIDADES	24.020.306,57	369.182,85	23.651.123,72	3,97%	28.257.700,43	822.074,48	27.435.625,95	6,93%
Mancomunidades	2.438.692,86	5.079,86	2.433.613,00	0,41%	872.890,67	822.074,48	50.816,19	0,01%
Consortios	19.695.625,73	5.875,40	19.689.750,33	3,31%	18.622.720,31	0,00	18.622.720,31	4,70%
ETAIC	1.885.987,98	358.227,59	1.527.760,39	0,26%	8.762.089,45	0,00	8.762.089,45	2,21%
<b>TOTAL</b>	<b>637.217.383,89</b>	<b>42.191.993,37</b>	<b>595.025.390,52</b>	<b>100,00%</b>	<b>479.400.498,49</b>	<b>83.356.713,88</b>	<b>396.043.784,61</b>	<b>100,00%</b>

En termos agregados, son os concellos (especialmente os de poboación superior a 50.000 habitantes) as entidades que máis contribúen ao remanente de tesourería global cun 49,84% do total (296,55 millóns), seguidas das deputacións con un 46,19% (274,82 millóns), consorcios, ETAIC e mancomunidades.

Tal como figura no cadro seguinte, 56 entidades locais (15,34%) que presentan remanentes de tesourería axustados polas obrigas pendentes de imputar negativos. Dese total, 54 son concellos e 2 son mancomunidades.

Analizando os concellos por tramos de poboación, resulta que as menores porcentaxes de remanente de tesourería negativo corresponden aos concellos de máis de 50.000 hab. (0%) e de menos de 5.000 hab. (10,89%) Pola contra, as porcentaxes máis altas corresponden aos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes (35,19%), e de 10.001 a 20.000 habitantes (27,78%).

**Cadro 68 Remanente de tesourería negativo por tramos de poboación**

ENTIDADES CON REMANENTE DE TESOURERÍA NEGATIVO			
ENTIDADE LOCAL	Nº TOTAL	Nº CON RT NEGATIVO	%
CONCELLOS	314	54	17,20%
1-Máis de 50.000 hab.	7	0	0,00%
2-De 20.001 a 50.000 hab.	15	3	20,00%
3-De 10.001 a 20.000 hab.	36	10	27,78%
4-De 5.001 a 10.000 hab.	54	19	35,19%
5-Menos de 5.001 hab.	202	22	10,89%
DEPUTACIÓNS	4	0	0,00%
RESTO ENTIDADES	47	2	4,26%
Mancomunidades	23	2	8,70%
Consortios	18	0	0,00%
ETAIC	6	0	0,00%
<b>TOTAL</b>	<b>365</b>	<b>56</b>	<b>15,34%</b>

A relación completa de concellos que presentan un remanente de tesourería negativo figura nos anexos deste informe, sendo os tres peores concellos por tramo de poboación os seguintes

**Cadro 69 Detalle de entidades con remanente de tesourería negativo**

ENTIDADES CON REMANENTE DE TESOURERÍA NEGATIVO. EJERCICIO 2012					
ENTIDADE LOCAL	TRAMO DE POBOACIÓN	NOME	REMANENTE TESOURERÍA	AXUSTES	REMANENTE TESOURERÍA AXUSTADO
Concello	2-De 20.001 a 50.000 hab.	Pontearreas - P3604200J	-7.382.435,51	3.065.538,96	-10.447.974,47
Concello	2-De 20.001 a 50.000 hab.	Cangas - P3600800A	-6.760.815,38	83.279,28	-6.844.094,66
Concello	2-De 20.001 a 50.000 hab.	Ames - P1500200I	190.025,75	306.342,04	-116.316,29
Concello	3-De 10.001 a 20.000 hab.	Vilanova de Arousa - P3606100J	-5.024.417,12	16.558,80	-5.040.975,92
Concello	3-De 10.001 a 20.000 hab.	Sanxenxo - P3605100A	-3.983.780,34	355.158,65	-4.338.938,99
Concello	3-De 10.001 a 20.000 hab.	Teo - P1508300I	-1.578.118,25	0,00	-1.578.118,25
Concello	4-De 5.001 a 10.000 hab.	Ponteceso - P1506900H	-658.534,21	1.183.974,25	-1.842.508,46
Concello	4-De 5.001 a 10.000 hab.	Carral - P1502100I	-927.940,62	376.292,29	-1.304.232,91
Concello	4-De 5.001 a 10.000 hab.	Silleda - P3605200I	-635.513,47	89.083,26	-724.596,73
Concello	5-Menos de 5.001 hab.	Nogueira de Ramuín - P3205300A	-136.892,23	643.759,97	-780.652,20
Concello	5-Menos de 5.001 hab.	Melón - P3204700C	-657.719,88	0,00	-657.719,88
Concello	5-Menos de 5.001 hab.	Meis - P3602800I	-523.586,70	114.763,18	-638.349,88
Mancomunidade		Concellos do Morrazo - P3600020F	-6.381.875,07	0,00	-6.381.875,07
Mancomunidade		Comarca de Verín - P3200025I	-5.949,04	0,00	-5.949,04



Finalmente debe terse en conta que, de acordo co artigo 193 do TRLRFL, no caso de que se liquide o orzamento con remanente de tesourería negativo, debe procederse a:

- Redución de gastos polo importe igual ao déficit producido.
- Se a redución non fose posible poderase acudir a unha operación de crédito.
- De non optarse en ningunha das medidas mencionadas o orzamento do exercicio seguinte deberá aprobarse con un superávit igual ao remanente negativo.

### IV.3.3. AFORRO BRUTO E AFORRO NETO

O aforro bruto, (obtido por diferenza entre os ingresos correntes (capítulos 1 a 5) e os gastos correntes (capítulos 1 a 4), indica a parte dos ingresos correntes que queda dispoñible unha vez atendidos os gastos correntes non financeiros, e polo tanto reflicte a capacidade da entidade local para financiar con recursos propios a amortización da débeda e os investimentos.

#### Cadro 70 Aforro bruto das entidades locais de Galicia

AFORRO BRUTO. EXERCICIO 2012					
ENTIDADE LOCAL	GALICIA				RESTO ESTADO
	INGRESOS CORRENTES	GASTOS CORRENTES	AFORRO BRUTO	% (3)/(1)	
CONCELLOS	1.959.386.396,31	1.719.842.497,36	239.543.898,95	12,23%	14,69%
1-Máis de 50.000 habitantes	846.220.338,86	717.078.847,37	129.141.491,49	15,26%	13,73%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	270.455.873,23	230.469.175,71	39.986.697,52	14,78%	16,01%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	330.170.274,67	297.500.068,39	32.670.206,28	9,89%	16,33%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	222.015.494,26	203.258.320,22	18.757.174,04	8,45%	16,31%
5-Menos de 5.001 habitantes	290.524.415,29	271.536.085,67	18.988.329,62	6,54%	16,06%
DEPUTACIÓNS	458.529.782,32	294.594.953,28	163.934.829,04	35,75%	26,47%
RESTO ENTIDADES	71.966.766,23	68.183.596,93	3.783.169,30	5,26%	10,25%
Mancomunidade	16.928.684,48	15.832.015,83	1.096.668,65	6,48%	5,80%
Consorcio	53.982.854,71	51.156.415,21	2.826.439,50	5,24%	10,74%
Entidade Local Menor	1.055.227,04	1.195.165,89	-139.938,85	-13,26%	24,02%
<b>TOTAL</b>	<b>2.489.882.944,86</b>	<b>2.082.621.047,57</b>	<b>407.261.897,29</b>	<b>16,36%</b>	<b>15,86%</b>

O maior volume de aforro bruto en relación cos ingresos correntes xérase nas deputacións provinciais, tanto galegas como do resto do Estado.

O aforro neto reflicte a parte do aforro bruto que queda despois de facer fronte á amortización da débeda (capítulo 9 do orzamento de gastos). Indica polo tanto a capacidade da entidade local para financiar investimentos con recursos propios.

### Cadro 71 Aforro neto das entidades locais de Galicia

AFORRO NETO. EXERCICIO 2012						
ENTIDADE LOCAL	GALICIA					RESTO ESTADO
	AFORRO BRUTO	CARGA FINANCEIRA	AFORRO NETO	% 2012	% 2011	
CONCELLOS	239.543.898,95	99.785.587,77	139.758.311,18	7,13%	5,43%	7,00%
1-Máis de 50.000 habitantes	129.141.491,49	46.640.989,50	82.500.501,99	9,75%	7,14%	5,05%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	39.986.697,52	15.721.573,86	24.265.123,66	8,97%	5,09%	9,12%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	32.670.206,28	18.041.474,79	14.628.731,49	4,43%	2,99%	8,98%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	18.757.174,04	10.276.694,26	8.480.479,78	3,82%	3,16%	10,32%
5-Menos de 5.001 habitantes	18.988.329,62	9.104.855,36	9.883.474,26	3,40%	5,27%	11,60%
DEPUTACIÓNS	163.934.829,04	52.803.188,93	111.131.640,11	24,24%	19,29%	17,18%
RESTO ENTIDADES	3.783.169,30	268.314,85	3.514.854,45	4,88%	9,10%	8,68%
Mancomunidade	1.096.668,65	218.368,37	878.300,28	5,19%	2,05%	4,25%
Consortio	2.826.439,50	49.946,48	2.776.493,02	5,14%	12,58%	9,15%
ETAIC	-139.938,85	0,00	-139.938,85	-13,26%	-22,51%	22,62%
<b>TOTAL</b>	<b>407.261.897,29</b>	<b>152.857.091,55</b>	<b>254.404.805,74</b>	<b>10,22%</b>	<b>8,07%</b>	<b>8,22%</b>

O conxunto das entidades locais de Galicia presenta unha cifra positiva, cunhas porcentaxes que equivalen ao 7,13% dos ingresos dos concellos, 24,24% das deputacións e 4,88% do resto de entidades, o que significa que os gastos correntes e a amortización da débeda case esgotan a totalidade de ingresos correntes, de forma que só esas porcentaxes dos ingresos correntes (7,13%, 24,24% e 4,88%) poden destinarse á realización de investimentos, cifra que habería que incrementar coas cantidades percibidas polo alleamento de investimentos ou transferencias de capital.

Peor dato é o feito de que 106 entidades locais (92 concellos, 5 mancomunidades, 7 consorcios e 2 ETAIC) presenten aforro negativo, o que significa que os seus ingresos correntes non son suficientes para afrontar os seus gastos correntes e a amortización da débeda. Segundo o RDL 2/2004, cando o aforro neto resultante da liquidación sexa negativo, a entidade local deberá aprobar un plan de saneamento financeiro a realizar nun prazo non superior a 3 anos no que se adopten medidas de xestión, tributarias, financeiras e orzamentarias que permitan como mínimo axustar a cero o aforro neto negativo.

A relación de entidades locais con aforro neto negativo figura nos anexos deste informe. A continuación presentase un cadro coas 3 entidades por tramo de poboación galegas que presentan peores valores de aforro neto.

## Cadro 72 Detalle de entidades con aforro bruto negativo

ENTIDADES CON AFORRO NETO NEGATIVO. EJERCICIO 2012					
ENTIDADE LOCAL	TRAMO POBOACION	NOME	AFORRO BRUTO	FINANC	AFORRO NETO
Concello	2-De 20.001 a 50.000 hab.	Cangas - P3600800A	-342.200,05	519.975,46	-862.175,51
Concello	3-De 10.001 a 20.000 hab.	Viveiro - P2706700H	-3.764.577,84	488.938,27	-4.253.516,11
Concello	3-De 10.001 a 20.000 hab.	Vilanova de Arousa - P3606100J	-1.399.311,02	323.084,33	-1.722.395,35
Concello	3-De 10.001 a 20.000 hab.	Ordes - P1506000G	-1.024.098,68	687.306,14	-1.711.404,82
Concello	4-De 5.001 a 10.000 hab.	Cospeito - P2701500G	-1.117.166,08	154.990,87	-1.272.156,95
Concello	4-De 5.001 a 10.000 hab.	Ribadavia - P3207000E	-705.056,08	313.077,17	-1.018.133,25
Concello	4-De 5.001 a 10.000 hab.	Chantada - P2701600E	-298.153,62	415.481,34	-713.634,96
Concello	5-Menos de 5.001 hab.	Barreiros - P2700500H	-1.486.126,44	0,00	-1.486.126,44
Concello	5-Menos de 5.001 hab.	Nogueira de Ramuín - P3205300A	-978.546,14	38.335,15	-1.016.881,29
Concello	5-Menos de 5.001 hab.	Antas de Ulla - P2700300C	-798.334,67	16.107,12	-814.441,79
Consortio		Turismo e Congresos de A Coruña - Q6550029J	-302.194,88	0,00	-302.194,88
Consortio		Cidade de Santiago - V15392319	-78.716,90	0,00	-78.716,90
Consortio		Consortio para a promocion da música- P6503001G	-53.667,27	0,00	-53.667,27
ETAIC		Bembrive - P3600009I	-185.398,10	0,00	-185.398,10
ETAIC		Queimadoos - P3600003B	-6.968,07	0,00	-6.968,07
Mancomunidade		Concellos do Morrazo - P3600020F	-183.267,31	97.216,77	-280.484,08
Mancomunidade		Concellos do Val Miñor - P8605705F	-182.471,72	0,00	-182.471,72
Mancomunidade		Area Intermunicipal Vigo - P8605704I	-77.320,39	0,00	-77.320,39

Finalmente, o sector local mantén un nivel de endebedamento que se sitúa en conxunto no 6,14% dos seus ingresos correntes, mentres que o seu límite de endebedamento, dende o punto de vista económico, sitúase no 16,36%. En consecuencia, a capacidade de endebedamento sitúase no 10,22% dos seus ingresos correntes, é dicir, o sector local xera un aforro neto suficiente para facer fronte á carga financeira nova por importe do 10,22% dos seus ingresos correntes, mentres que o endebedamento actual supón unha carga financeira do 6,14% dos mesmos.

## Cadro 73 Límite e capacidade de endebedamento das entidades locais de Galicia

ENTIDADE LOCAL	INGRESOS CORRENTES (1)	AFORRO BRUTO (2)	CARGA FINANCEIRA (3)	AFORRO NETO (4)	NIVEL ENDEBE D	LIMITE ENDEB. (2)/(1)	CAPACID ADE (4)/(1)	MARXE ENDEB 1 (3)/(2)
CONCELLOS	1.959.386.396,31	239.543.898,95	99.785.587,77	139.758.311,18	5,09%	12,23%	7,13%	41,66%
1-Mais de 50.000 hab.	846.220.338,86	129.141.491,49	46.640.989,50	82.500.501,99	5,51%	15,26%	9,75%	36,12%
2-De 20.001 a 50.000 hab.	270.455.873,23	39.986.697,52	15.721.573,86	24.265.123,66	5,81%	14,78%	8,97%	39,32%
3-De 10.001 a 20.000 hab.	330.170.274,67	32.670.206,28	18.041.474,79	14.628.731,49	5,46%	9,89%	4,43%	55,22%
4-De 5.001 a 10.000 hab.	222.015.494,26	18.757.174,04	10.276.694,26	8.480.479,78	4,63%	8,45%	3,82%	54,79%
5-Menos de 5.001 hab.	290.524.415,29	18.988.329,62	9.104.855,36	9.883.474,26	3,13%	6,54%	3,40%	47,95%
DEPUTACIÓNS	458.529.782,32	163.934.829,04	52.803.188,93	111.131.640,11	11,52%	35,75%	24,24%	32,21%
RESTO ENTIDADES	71.966.766,23	3.783.169,30	268.314,85	3.514.854,45	0,37%	5,26%	4,88%	7,09%
Mancomunidade	16.928.684,48	1.096.668,65	218.368,37	878.300,28	1,29%	6,48%	5,19%	19,91%
Consortio	53.982.854,71	2.826.439,50	49.946,48	2.776.493,02	0,09%	5,24%	5,14%	1,77%
ETAIC	1.055.227,04	-139.938,85	0,00	-139.938,85	0,00%	-13,26%	-13,26%	0,00%
<b>TOTAL</b>	<b>2.489.882.944,8</b>	<b>407.261.897,29</b>	<b>152.857.091,55</b>	<b>254.404.805,74</b>	<b>6,14%</b>	<b>16,36%</b>	<b>10,22%</b>	<b>37,53%</b>

A comparación dos índices do sector local galego, cos do resto do Estado, pon de manifesto que o nivel de endebedamento das entidades locais de Galicia en relación aos ingresos correntes (6,14%) é inferior ao do Estado (7,64%), o que se explica polo menor nivel de ingresos correntes das entidades locais de Galicia.

#### IV.3.4. ENDEBEDAMENTO VIVO

O endebedamento vivo das entidades locais de Galicia a 31 de decembro de 2012 ascende a 1.178.899.329,24 Euros, o que equivale nos concellos a 385,12 euros por habitante.

##### Cadro 74 Endebedamento vivo das entidades locais de Galicia

ENDEBEDAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS. EJERCICIO 2012						
ENTIDADE LOCAL	HABITANTES	DÉBEDA VIVA 01/01/2012 (1)	DÉBEDA VIVA 31/12/2012 (2)	%	VARIACION (2)/(1)	DEBEDA/HAB
CONCELLOS	2.771.140	741.783.918,77	833.036.703,47	70,66%	12,30%	385,12
1-Máis de 50.000 habitantes	999.907	383.474.184,45	386.088.387,81	32,75%	0,68%	386,12
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	430.871	87.873.099,62	97.259.662,87	8,25%	10,68%	225,73
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	510.011	120.957.079,18	140.703.859,25	11,94%	16,33%	275,88
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	366.623	81.860.497,34	106.184.813,67	9,01%	29,71%	289,63
5-Menos de 5.001 habitantes	463.728	67.619.058,18	102.799.979,87	8,72%	52,03%	221,68
DEPUTACIÓNS	0	415.387.250,03	344.111.007,87	29,19%	-17,16%	0,00
RESTO ENTIDADES	0	1.866.108,34	1.751.617,90	0,15%	-6,14%	0,00
Mancomunidade	0	1.584.589,92	1.624.345,96	0,14%	2,51%	0,00
Consortio	0	281.518,42	127.271,94	0,01%	-54,79%	0,00
ETAIC	0	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>2.771.140</b>	<b>1.159.037.277,14</b>	<b>1.178.899.329,24</b>	<b>100,00%</b>	<b>1,71%</b>	

O maior importe da débeda viva concéntrase nos concellos cun 70,66% do total (833,04 millóns cun incremento do 12,30% (91,25 millóns) respecto das cifras do exercicio anterior.

Por tramos de poboación, o maior endebedamento se produce nos concellos de máis de 50.000 habitantes, cun endebedamento de 386,12 euros por habitante, seguido dos concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes, cun endebedamento de 289,63 euros por habitante, sendo os menos endebedados os de menos de 5.001 habitantes (221,68 euros/hab.).

As deputacións representan o 29,19% da débeda viva (344,11 millóns), cunha variación no exercicio 2012 do -17,16% (-71,28 millóns).

O número de concellos que presentan un endebedamento superior ao endebedamento medio dos concellos do seu tramo de poboación e de 125, distribuídos como se indica no cadro seguinte:

### Cadro 75 Detalle de concellos con nivel de débeda superior á media do tramo

CONCELLOS CON ENDEBEDAMENTO SUPERIOR Á MEDIA DO SEU TRAMO			
ENTIDADE LOCAL	Nº TOTAL	Nº CONENDEBEDAMENTO SUPERIOR	%
1-Mais de 50.000 habitantes	7	5	71,43%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	7	46,67%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	36	13	36,11%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	54	19	35,19%
5-Menos de 5.001 habitantes	202	73	36,14%
<b>TOTAL</b>	<b>314</b>	<b>125</b>	<b>39,81%</b>

Finalmente, aínda que nos anexos deste informe se relacionan todos os concellos e o seu endebedamento, figuran a continuación as tres entidades de cada tipo/tramo que presentan maior volume de endebedamento.

### Cadro 76 Detalle das entidades con maior volume de débeda

DETALLE ENTIDADES CON MAIOR VOLUME DE DÉBEDA VIVA						
ENTIDADE LOCAL	TRAMO POBOACIÓN	NOME	HABITANTES	DÉBEDA VIVA	DEBEDA/HAB	Media tramo
Concello	1-Mais de 50.000 habitantes	Santiago de Compostela - P1507900G	95.671	67.426.686,14	704,78	386,12
Concello	1-Mais de 50.000 habitantes	Ourense - P3205500F	107.597	66.109.206,51	614,41	386,12
Concello	1-Mais de 50.000 habitantes	Lugo - P2702800J	98.457	44.095.467,12	447,87	386,12
Concello	2-De 20.001 a 50.000 habitantes	Cangas - P3600800A	26.087	14.705.971,66	563,73	225,73
Concello	2-De 20.001 a 50.000 habitantes	Narón - P1505500G	39.238	18.520.081,65	471,99	225,73
Concello	2-De 20.001 a 50.000 habitantes	Culleredo - P1503100H	29.416	10.544.554,61	358,46	225,73
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	Viveiro - P2706700H	16.108	14.931.763,55	926,98	275,88
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	Sanxenxo - P3605100A	17.604	13.710.075,87	778,80	275,88
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	Vilanova de Arousa - P3606100J	10.590	7.334.129,65	692,55	275,88
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	Ares - P1500400E	5.839	4.677.140,52	801,02	289,63
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	Allariz - P3200200H	6.059	4.759.888,59	785,59	289,63
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	Ribadavia - P3207000E	5.319	3.880.626,27	729,58	289,63
Concello	5-Menos de 5.001 habitantes	Xunqueira de Espadañedo - P3203800B	892	1.119.891,72	1.255,48	221,68
Concello	5-Menos de 5.001 habitantes	Catoira - P3601000G	3.484	4.038.120,98	1.159,05	221,68
